El intendente de este Reino D. Cesáreo Gadorquí.

D. Manuel Santurio García Sala, auditor de guerra de este Reino; perseguidor de los amantes de V.M., de los obispos, canónigos, párrocos y frailes; demócrata en sumo grado y protector de esta secta.

D. Marcelino Calero, oficial de la Fábrica de cigarros; primer editor del periódico más impío y revolucionario contra V.M. que hay en todo el Reino, titulado: *Ciudadano por la Constitución*; del Club del café de La Esperanza.

D. Valentín de la Foronda, Intendente Honorario, y Presidente de la Junta Censoria; también editor del periódico revolucionario *Ciudadano*; corifeo de los jacobinos, ateístas, deístas, también conocido por sus escritos impíos en todo el Reino, y traductor de las *Cartas* de Rousseau.

D. Pedro Llano, comerciante: primera cabeza del Club de la Esperanza, y su tesorero; que en nombre de 16 comerciantes, remitió al General el 10 de abril de este año de 1814 la cantidad de 16.896 reales para repartir a la tropa por haber jurado la Constitución, y con el fin de que no reconozca a V.M. por soberano hasta que la jure. Corifeo de los libertinos y republicanos.

D. Antonio Pacheco, cirujano del Real Cuerpo de Artillería. Editor de la *Gaceta Democrata, Política y militar de la Coruña*, que puso en el suplemento de la del 12 de febrero de este año de 1814 que V.M. había perdido los derechos a la Corona de España; y que si se le reconocía por Rey era de gracia, contra cuya *Gaceta* se conjuraron todos los periódicos defensores de la soberanía de V.M.

D. Felix Castrillón, oficial de la Secretaría de la Diputación. Editor del liberalísimo diario titulado *El Antiguo de la Coruña*; defensor acérrimo de la soberanía del pueblo; reimpresor de los periódicos y papeles sueltos más revolucionarios y alarmantes contra V.M.

D. Manuel Pardo de Xas ex-fraile agustino, Capellán de Ejército retirado y vocal de la

Junta de Censura, impío y demócrata en summo grado; autor de los folletos: *Os Rogos dun Gallego* y *El Pueblo Gallego no quiere la Inquisición*, declarados de impíos y heréticos por el Arzobispo de Santiago antes de su refugio a Portugal. Autor asimismo de algunos artículos del *Ciudadano*, y de muchas poesías denigrantes a la augusta persona de V.M., y a la religión de N.S. Jesucristo; muchos de estos costeados por el referido D. Pedro Llano.

D. José Oconock, capitán de fragata de la Real Armada y vocal de la Junta de Censura; también ayudante del periódico *Ciudadano*, y del Club de la Esperanza.

D. Gonzalo Mosquera, hacendado, coronel de la reserva por la Junta Superior del Reyno y después del Consejo del Mariscal Ney, y ahora vicepresidente de la Junta de Censura y Regidor Constitucional, tan demócrata que su casa es reunión de los más republicanos; pues aún en el día 13 de abril último se hizo una Representación a la Regencia contra los que felicitaron con regocijos por la feliz llegada de V.M. al territorio español, firmada de varios, tratándoles de revoltosos y perturbadores del orden público.

D. Miguel Velorado, abogado de esta Real Audiencia, suplente de la Censura y Corregidor todo el tiempo que nos dominó el Mariscal Ney; corifeo de las máximas napoleónicas; tan impío y demócrata que es la primer cabeza de los buonapartistas.

D. José Pestaña, abogado y fiscal de la Junta de Censura; tan republicano que delata todos los papeles que defienden los derechos de V.M. y nuestra santa religión.

D. Andrés Blas y Mella, abogado y Alcalde Segundo Constitucional, ejecutor de las prisiones y perseguidor de los amantes de V.M.

D. José Rivera y Gil, teniente coronel reformado de las milicias de Tuy, abogado de este colegio y secretario interino de la Censura; demócrata, protestante; bien conocido por (ser) el autor del papel *El Filósofo Cristiano* y también articulista del *Ciudadano*.

D. Lorenzo Perabeles, Comisario de Guerra; delator de los religiosos que predicán contra los libertinos enemigos de nuestra santa religión y de V.M.; autor de varios escritos infamatorios a los más virtuosos ministros de Jesucristo y defensores de V.M.

D. Marcial Francisco del Adalid, comerciante y director que ha sido de la provisión de víveres de este Reino; del Club de la Esperanza, tan impío y republicano que es uno de los comisionados para pedir al general la prisión de algunos amantes de V.M., y el que le entregó la representación contra sus defensores el día 13 del último abril.

D. Juan Nepomuceno Ezcurdia, comerciante y regidor constitucional; tan impío, libertino y demócrata que distribuye sumas cuantiosas para que se extienda la secta; de los principales del Club de la Esperanza y comisionado como el anterior.

D. Lucas Labrada, Secretario del Real Consulado; autor de la pintura del denigrante cuadro de V.M. que se puso en el frontón del Consulado la noche del 10 del último marzo; articulista del *Ciudadano revolucionario*.

D. Pedro Vermúdez, abogado con el nombre *das Pallas*; proyectista oculto de la secta.

D. José Villegas, comerciante y de las primeras cabezas del Club de la Esperanza; otro de los comisionados para lo mismo que Adalid.

D. José Buselly, vicecónsul portugués, del Club de la Esperanza; otro de los comisionados para lo mismo que el anterior, y juntamente el que puso en manos del General Lacy el día 10 de abril último 40 ejemplares de la Constitución, para que repartiéndolos a la tropa por Compañías la leyesen los soldados con el fin de que no reconozcan a V.M. hasta que jurase.

D. José Vega, escribano de asiento del real tribunal y procurador síndico del Ayuntamiento Constitucional; tan demócrata que fue el que presentó al ayuntamiento el Manifiesto, que expidió el 13 del último abril injurioso a los amantes de V.M. de este pueblo, al Cabildo Eclesiástico, y otras corporaciones, por haber festejado su feliz llegada al territorio español, de que se está siguiendo causa; asimismo conocido por el agente que fue del traidor Bazán.

D. Pedro Boado, electo ministro del tribunal de Pamplona y secretario del jefe político perseguidor de los defensores de V.M.

D. Joaquín Suárez del Villar, comisario de guerra y encargado de la dirección de víveres de este reino y vocal suplente de la censura; tan demócrata que declara de subversivos y sediciosos a todos los periódicos que defienden los derechos de la soberanía de V.M.

D. León de Palacios, capitán de artillería y comandante de la Real Maestranza.

D. Manuel Couto, simplista.

D. Fernando Sánchez, oficial de la secretaría de la comandancia general.

D. Joaquín María Vaamonde, hacendado y procurador síndico constitucional.

D. Joaquín Zárate y Murga, abogado.

D. Luis Pulleiro, médico.

D. Juan Antonio de la Vega, comerciante; acérrimo demócrata y de los principales del Club; el que pagó la música para alborotar el pueblo por el decreto de las Cortes del 2 de febrero último, y a los pillos para que gritasen «mueran los amantes de V.M.».

D. Vicente Fernández Reguera, corredor de letras y empleado por el mariscal Ney con la tesorería del Consulado.

D. Mateo Durou, cajero del comerciante D. Benito Santos, del Club de la Esperanza.

D. José Blanco, comerciante, también del Club.

D. Antonio Benito Fernández, agente de negocios, idem.

D. Francisco Gurrea, comerciante, tan demócrata que el 10 del último abril remitió al general tres onzas de oro para los tres primeros sargento, cabo y soldado que jurasen la Constitución para que no reconozcan a V.M. hasta que la jure. También de los principales del Club.

D. Francisco Romeu, comerciante y regidor constitucional, idem.

D. Ignacio Peñaflor, relojero y regidor constitucional, idem.

D. Isidro Pérez, cajero de D. Pedro Llano, del Club.

D. N. Menéndez, comisario de guerra, idem.

D. José Martínez Valdés, corredor de letras, también del Club.

D. José Manuel de Iturrondo, idem.

D. Juan Francisco de Pujana, idem.

D. Bartolomé de Aurrecoechea, idem.

D. Jerónimo Suárez, escribano de número del Corregimiento.

D. Mateo Fernández, mayor del Real cuerpo de Artillería.

D. José Antonio Prieto, secretario del Jefe Político.

D. Agustín Vermúdez Rey, escribano del Corregimiento.

D. Máximo Vaamonde, escribano.

El abogado Sánchez y Núñez.

D. Manuel Vila, oficial de la secretaría del Jefe Político.

D. Juan Bautista Coumes-Gay, mercader.

D. Remigio Labora, boticario; su casa reunión de demócratas.

D. Domingo Monroy, boticario.

## LA SEGUNDA PIEZA ES DEL TENOR SIGUIENTE

En el adjunto memorial añaden el dominicano Fray Nicolás de Castro y el canónigo D. Diego González Baqueriza a su lista anterior otra de varios sujetos igualmente enemigos de la soberanía del Rey; y de orden de S.M. lo remito a V.S. para que con presencia de aquella lista disponga se les arreste y formen causas conforme a derecho, y con la brevedad posible, valiéndose para ello de letrado de su confianza, dando cuenta a S.M. de lo que resulte de ellas. Dios guarde a V.S. muchos años. Pedro de Macanaz.- Sr. D. Luis Alejandro de Bassecourt

Señor

No satisfechos con el descubrimiento de los enemigos de V.M. cuya lista hemos dirigido en fecha 25 de abril último, añadimos los siguientes, que seguramente son tales, y singularmente los que notamos con:

D. José Martínez Cardera, librero, en cuya tienda se distribuyen gratis los escritos alarmanes contra V.M.

D. Francisco Javier Vallejo, y su hermano D. Mariano, comerciantes, y del Club de la Esperanza.

D. Benito Santos, comerciante.

D. Francisco Antonio de Gana, comerciante.

D. José Canellas, comerciante.

D. Pedro Moreno, comerciante.

D. Alonso de Castro, oficial de esta administración de Correos.

D. Nicolás López, cajero de la Tesorería general de este Reino.

D. Juan Antonio Recalde, tesorero de rentas generales y provinciales.

D. Joaquín de Estrada, secretario del administrador de rentas provinciales.

D. Juan Sotelo, oficial de la administración de Correos.

D. Francisco Rey, administrador de rentas generales.

D. Pedro Romero, secretario de Guerra, que ha sido del Intendente.

D. Ignacio Urcullu, comerciante.

D. Pablo Valiñani, capitán graduado del Teniente Coronel del Regimiento de la Princesa, y Mayor de las Milicias Urbanas de esta plaza.

SEÑOR: para dar a V.M. una prueba auténtica de cuan enemiga ha sido vuestra real persona a la Junta de Censura de esta provincia, de entre muchas solo mencionaré la siguiente:

En 31 de enero último se delataron de una vez 9 números del periódico titulado *Exacto Correo y Postillón*. En su número 41 habló del autor de la constitución de la monarquía, probó contra ella que V.M. era el verdadero y único soberano, y que la sustitución y aplicación de la palabra nacional a la real era manejo del republicanismo.

El dictamen del fiscal de la Junta, llamado Pestaña fue: «El artículo *Constitución*, que se inserta, ¿qué viene a ser en substancia más que una burla hecha a aquella carta benéfica, y a

la soberanía del Pueblo declarada por un artículo de la misma? Semejante impreso bastaría por sí solo para hacer conducir al suplicio a su autor». La Junta de Censura compuesta de los Sres: Foronda, Suárez del Villar, el canónigo Samaniego, el clérigo Pardo, y D. Roque Mosquera, calificaron aquellas, máximas (que también se habían tratado en el número 38) en su sesión del 1.º de marzo en esta forma: «Esta respuesta manifiesta abiertamente que el pueblo reunido, que es verdadero soberano, no lo es, pues da a entender que es una consecuencia absurda, la que el pueblo soberano pueda quitar al rey cuando quiera: doctrina subversiva de las leyes constitucionales, que suponen la soberanía del pueblo, y por consiguiente que éste es el dueño de hacer lo que juzgue conveniente a la causa común, y que si el rey es rey es porque le ha hecho el pueblo soberano».

D. Antonio de la Peña, en otro tiempo gacetero por los franceses en Valladolid, y después secretario de esta Junta, y al mismo tiempo periodista, además de haber sembrado las mismas máximas democráticas, negó el misterio de la Santísima Trinidad, y el infierno, o cuando menos lo puso en duda.

Hemos insinuado esto a V.M. Porque deseamos la estabilidad y perpetuidad del Trono, en que Dios le ha colocado. A esto contribuirá muchísimo el restablecimiento de la Inquisición; y el que sean recluidos hombres semejantes a un estado tal que no puedan atentar contra él en ningún tiempo. Estas son insinuaciones de buenos hijos hechas a un buen padre. V.M. hará de ellas el aprecio que su gran prudencia le dictará.

A los reales pies de V.M. sus más fieles vasallos

Coruña, 25 de mayo de 1814.

Fr. Nicolás de Castro, Dominico. Diego González Baqueriza, canónigo

### LA TERCERA PIEZA

La tercera pieza hállase sobre la que hizo Villar Frontín, escrita toda de su mano, según declaración de los peritos, que reconocieron la letra, cuya delación comienza así:

Relación de los sujetos adictos al sistema del gobierno democrático, y su conducta, que a mi parecer quedaron por comprender en la lista, que con la representación condujo reservada el amigo D. Pedro Romero, administrador del Hospital Real de esta plaza, por propuesta o nombramiento del Intendente, D. Cesáreo Gardoqui; es un sujeto contrario al sistema realista; su conducta privada muy mala y está comprendido en la causa que se formó sobre los robos e inteligencias que hubo en las obras de fortificación de esta plaza: enemigo de los ministros del Santuario.

Este es el valido Ramírez Arellano, de la servidumbre de palacio, que vivió largo tiempo en la Coruña, en la casa de Villar Frontín; y que siendo uno de los de la camarilla, privó tanto, y contribuyó a la extraordinaria escandalosa exaltación del citado Villar Frontín, y de otros de su facción, como es bien público y notorio.

D. Francisco Rey, administrador general de Aduanas, cuyo destino le fue dado en Cádiz a influjo del intendente Gardoqui. Es un liberal decidido, amigo y de la pandilla de D. Valentín Foronda; de muy poco o ningún conocimiento en las reales rentas, en tal grado, que ignora las primeras obligaciones de su destino, y en mi concepto, ni aún para administrador subalterno de un partido o villa podrá servir.

D. Juan Antonio Varela, comisario de guerra de Artillería, hechura del famoso Navarro Sangrán, liberal acérrimo, y de los del Club de D. Ángel García Fernández, de D. Miguel Velorado, y del editor de *La Gaceta Política y Militar de la Coruña*.

D. Antonio Pacheco, cirujano del Real Cuerpo de Artillería; dio 40.000 reales y franqueó las maderas de la Real Maestranza para el salón, que se formó para el baile público, que se había de hacer el día que llegase la noticia que nuestro amado Monarca jurase la infame constitución. Fue comprendido, aunque indirectamente en la ruidosa causa formada sobre el sabotaje que hubo con las carnes saladas destinadas para la tropa del ejército que fue a Portugal en el año de 1805.

D. José Lucas Labrada, secretario del Consulado.

D. Juan Bautista Garriga, administrador de las Rentas Unidas.

D. Cayetano Villamil, maestro de la Escuela Náutica del mismo Consulado, y cuñado del mismo Garriga. El primero además de lo que puede contener la lista general, fue intérprete del Jefe del E.M. de los franceses, M.R. Jomini, por cuyo encargo afuera del sueldo del Consulado disfrutaba 20 reales diarios por el Ayuntamiento; adicto al gobierno democrático, enemigo de los ministros del Santuario, y sus rentas; cuando se presentó el licenciado Peña, primer editor del periódico titulado *El Ciudadano por la Constitución*, lo introdujo en casa de D. Juan Baptista Garriga, en la que se juntaban D. Marcelino Calero Porto Carrero, segundo editor, D. Cayetano Villamil, y otros, en cuyo concilio se acordó establecer este periódico, suministrando fondos para la empresa de dicho administrador, como más pudiente, y los otros como emisarios, varias ideas, y noticias a los editores; muchas noches se haría el Club en casa de Labrada, al que algunas noches concurría D. Valentín de Foronda junto con D. Marcial Francisco de Adalid, prior del Consulado, también adicto al sistema democrático, fueron los que idearon la alegoría, que en ciertas iluminaciones se puso, en la que estaba retratado nuestro Rey y señor, recibiendo la infame constitución de una matrona, y jurándola; y el día que llegó la tan plausible, como deseada noticia de la entrada en su territorio a pesar de haber iluminado el pueblo no dio orden para que lo estuviesen la casa consular, de que se deduce, unido con haberse suscrito para el descubrimiento del que había ensuciado el injusto decreto de la abolición del Santo Oficio, y para los 5.000 reales para el subsidio de los prisioneros, que habían venido de Francia, y jurasen la constitución, demuestra hasta la evidencia, cual es su amor a la Religión, al Rey, y a los ministros del Altísimo.

D. José Abella, secretario que fue de la Secretaría de Rentas y hoy oficial de la Contaduría principal de las mismas en esta provincia, uno de los del Club procesado por el general Castaños, cuando vino a Galicia a publicar la bula.

D. Francisco Cañellas, comerciante, uno de los principales del Club de la Esperanza y que propalaba varias ideas contra los ministros del Santuario y hablaba con toda libertad contra los realistas y derechos de nuestro Soberano y Señor y temiendo a sus delitos el día que se recibió la satisfactoria noticia de que se había anulado todo lo hecho por las Cortes, se refugió a bordo de la fragata mercante Montezuma en que parece es interesado.

D. Alonso de Castro, oficial de esta administración de Correos, además de ser un liberal sin límites, ha tenido la audacia de proferir en el Café de la Esperanza, que S.M. traía una francesa de quien ya tenía sucesión, según me asegura un empleado fiel al Rey. Hay tres testigos conocidos.

## PARTE MUY URGENTE

D. José de Busto, Fiscal Togado de esta Real Audiencia, que fue nombrado por esta Regencia última. No quiso felicitar a S.M., por su feliz llegada, diciendo que en ínterin no jurase la Constitución, no se le debía reconocer por Rey, con otras expresiones escandalosas, y propias de la libertad de los Asturianos.

D. Fulano Oromi, también Oidor en esta Audiencia, le apoyó en los mismos sentimientos, aunque por último firmó, lo que no hizo el primero.

El público está en la expectación de los que se hace con estos dos togados, pues los abogados realistas viejos y de cristiandad, aseguran debe al momento su majestad sacarles las togas y confinarlos a Melilla y una severa reprehensión a los más compañeros, o al Acuerdo, por no haber dado parte a S.M. de este acontecimiento (siempre que no lo hubiese hecho). En esta inteligencia se hace indispensable que inmediatamente el Rey pida informe al mismo Acuerdo, manifestándole que a pesar de que S.M. está cerciorado de lo que ha pasado en el particular, quiere que se le entere muy por menor de todo lo ocurrido, sin andar con consideraciones, y para que caiga el severo castigo y que sirva de ejemplo al que incurra en estos y otros desafectos e ingratitudes, y falta de lealtad a su Real Persona.

## A Xunta de Goberno de Galicia de 1820

ANA ROMERO MASÍA

O éxito do pronunciamento da Coruña foi absolutamente clave no triunfo definitivo do movemento iniciado por Rafael del Riego na localidade sevillana de Cabezas de San Juan o 1 de xaneiro de 1820, e así o recoñecen unanimemente tanto as fontes coetáneas como a historiografía actual, razón pola que A Coruña está considerada como o segundo baluarte do liberalismo español.<sup>1</sup>

O 21 de febreiro de 1820 foi o día elixido para iniciar o pronunciamento, xustamente o día no que as autoridades civís e militares debían asistir á cerimonia de recepción do novo capitán xeral, Francisco Xavier Venegas, Marqués de la Reunión, que chegara á cidade o día anterior. O pronunciamento militar, liderado polo coronel de artillería Carlos Espinosa de los Monteros, conseguiu triunfar e nas rúas da cidade se escoitaban as voces de *Viva la nación*, *Viva la Constitución* e *Viva el rey constitucional*.<sup>2</sup> Ese mesmo día constituíuse una *Junta de Gobierno*<sup>3</sup> que exerceu o poder en Galicia ata ver conseguidos os seus obxectivos: que o rei Fernando VII acatase e xurase ante as Cortes a Constitución de 1812.

O exemplo de Coruña foi seguido por outras moitas cidades españolas e a presión exercida polos liberais conseguiu a tan desexada recuperación da lexislación elaborada polas Cortes de Cádiz durante a Guerra de Independencia contra os exércitos napoleónicos. Iniciábase así un breve período liberal —Trienio Liberal— que rematou en 1823 coa violencia imposta polas tropas absolutistas enviadas desde Francia, a petición do monarca español, para poder volver a exercer o poder de forma absoluta.

1 En numerosos manuscritos, impresos e periódicos do Trienio figura A Coruña con este cualificativo, reservando o primeiro lugar a Cádiz. Así, nos primeiros días da revolución, Acevedo, na proclama enviada aos soldados que están baixo o seu mando, remataba a mesma indicando: «Dada en la ciudad de la Coruña, segundo alcázar del Patriotismo Español, a 22 de Febrero de 1820». F. Acevedo. *Soldados: Llegó ya el momento...* MP. Baltar. Impresos 4/5, n. 5. Este honor difundíuse con rapidez tanto en España como en América e desde A Habana, en xullo, xa se recollía que «para satisfacción de esa madre Patria, si esa capital [Coruña] se titula segundo baluarte de la libertad española, esta respetable Habana e isla se titula primer baluarte de la América». *El Conservador*, Madrid, 19-7-1820, p.4. Outro exemplo é o escrito, asinado por 62 constitucionalistas, enviado ao monarca con data do 16 de novembro de 1821, impreso na Coruña por Iguereta, e que comeza: «Señor. El Pueblo de la Coruña a quien con justicia se apellida segundo baluarte de la libertad española, y que con resolución y hasta que de él no quede piedra sobre piedra, está decidido á acreditar la gloria que cifra en ese nombre, eleva hoy su voz a los oídos de V.M., respetuosa, pero tan enérgicamente como conviene el carácter de hombres libres». RAE. DUAR-121 (32). Esta expresión pode lerse en periódicos nacionais do momento como o *Diario Constitucional de Palma*, 22-1-1821, p.2; *El Eco de Padilla*, Madrid, 28-11-1821, p.2; *El Imparcial*, Madrid, 20-2-1822, p.2; *El procurador general del rey*, Madrid, 10-6-1822, p.12; *El Universal*, Madrid, 17-7-1822, p.2.

2 Junta de Gobierno, 1820:12.

3 Na documentación figura tanto como *Junta de Gobierno de Galicia* como *Junta Suprema de Gobierno de Galicia*.

## 1. As fontes documentais

Para coñecer o traballo realizado por esta Xunta de Goberno contamos con documentación manuscrita e impresa conservada en varias institucións<sup>4</sup> entre as que destacan tres coruñesas: o Arquivo do Reino de Galicia,<sup>5</sup> o Arquivo Municipal<sup>6</sup> e o Real Consulado.<sup>7</sup> Entre a documentación **manuscrita** resulta de especial interese o libro de actas da Xunta que comeza o 14 de abril e remata o 17 de xullo de 1820 coa acta da derradeira reunión da citada Xunta e que conserva o Consulado da Coruña, depositado nesa institución por D<sup>a</sup> Juana de Vega.

Para coñecer a actividade xeral da Xunta durante os meses no seu funcionamento, entre a documentación **impresa** destacamos catro fontes de información coetáneas dos acontecementos:

- O relato de José de Urcullu sobre os acontecementos máis destacados que tiveron lugar entre febreiro e marzo de 1820,<sup>8</sup> un traballo encargado, dirixido e impreso pola Xunta.<sup>9</sup>
- A relación redactada polo capitán xeral de Galicia, Francisco Xavier Venegas, Marqués de la Reunión na que, en primeira persoa, relata o sucedido desde a súa chegada á Coruña, o seu encarceramento no castelo de Santo Antón por non querer xurar a Constitución, e o posterior embarque fóra das costas de Galicia.<sup>10</sup>

4 Entre as bibliotecas e arquivos que conservan documentación referida á actividade desta Xunta destacan: a Biblioteca de Estudos Localis [BEL], a Fundación Pedro Barrié de la Maza [FPBM], a Real Academia Galega [RAG]; a Biblioteca de Galicia [BG]; a Universidade de Santiago [USC]; o Museo de Pontevedra (especialmente o fondo José Baltar) [MP. Baltar]; a Fundación Penzol [FP]; a Biblioteca Nacional de España [BNE]; a Real Academia da Historia [RAH]; Real Academia Española no Legado do Duque de Arcos [RAE. DUAR] e o fondo dos Papeis reservados de Fernando VII do Arquivo do Congreso de Deputados [ACD. PRFVII].

5 ARG. Fondo Xunta Suprema. [ARG. XS] Trátase de documentos soltos —oficios, correspondencia, expedientes...— emitidos ou recibidos pola Xunta entre febreiro e xullo de 1820 e que foron doados a ese arquivo en 1897 por quen era o seu director, Andrés Martínez Salazar.

6 AMC, no que se conserva, en relación coa Xunta Suprema de Goberno, o fondo de Censura de Provincia [AMC. AC. FCP], o de organización da Milicia Nacional Local [AMC. AC. C-4951] e o libro de actas de acordos municipais [AMC. AC. LAAM. C-88].

7 RC. Fondo Juana de Vega.

8 *Relación Histórica de los acontecimientos más principales ocurridos en la Coruña, y en otros puntos de Galicia en febrero y marzo de este año, con el objeto de restablecer la Constitución política de la Monarquía española, que felizmente rige*. Foi publicado na Coruña na imprenta de Iguereta en 1820. Ademais da relación dos feitos máis destacados directamente relacionados coa Xunta, inclúe un Diario das operacións das columnas do exército dirixidas por Acevedo contra os realistas, así como noticias da morte do heroe liberal, do traslado do seu cadáver á Coruña e das solemnes exequias celebradas na cidade. O libro, de 121 páxinas, inclúe anexos coa transcripción de numerosos documentos emitidos pola Xunta e por Acevedo.

9 «Se acordó imprimir por cuenta del Gobierno la relación de los hechos militares del Ejército de esta Provincia cuya redacción está concluyendo el capitán D. José Urcullu bajo la dirección y conocimiento de la Junta». Acordo tomado na reunión do 16 de xullo de 1820. Libro de Actas da Xunta de Goberno [en adiante: RC. LAXG].

10 *Relación puntual de lo ocurrido en la Coruña el 20 de Febrero de 1820 y los días siguientes á la conspiración, para que no quede desconocido este hecho esencial de la historia revolucionaria*. Deste relato localizamos unha segunda edición publicada en Sevilla en 1888 xunto con outros documentos autó-

- O manifesto que a propia Xunta publicou no mesmo ano de 1820.<sup>11</sup>
- O libro do francés Louis Jullian,<sup>12</sup> publicado en París en 1821 no que dá conta puntual e extensa dos sucesos coruñeses. A data da publicación, case contemporánea dos feitos, indica a relevancia e o impacto que tivo fóra de España o triunfo coruñés e a velocidade coa que se divulgaron os feitos.

Estes catro textos impresos coinciden no fundamental e todos recollen con puntualidade os inicios do proceso revolucionario, así como as persoas que destacaron pola súa actuación durante o período de mandato da Xunta. Tamén é de valorar a coincidencia na imparcialidade dos relatos, especialmente se temos en conta que o relato de Venegas procede dunha persoa non liberal.

Xunto a estas fontes impresas está a **prensa**, especialmente o *Diario Patriótico Constitucional de la Coruña*, fundado pola Xunta, que tamén proporciona o relato dos feitos do día 21 no seu primeiro número do 29 de febreiro, publicando tamén a acta de instalación da Xunta.<sup>13</sup>

## 2. O libro de actas da Xunta conservado no Consulado

No conxunto de fontes manuscritas resulta de especial interese o libro de actas da Xunta que conserva o Real Consulado coruñés,<sup>14</sup> tanto por tratarse dun documento único como porque é moi pouco coñecido e moi escasamente consultado e analizado polos investigadores. Forma parte do fondo legado á institución por

grafos e inéditos deste militar. Trátase dun breve relato manuscrito redactado polo capitán xeral que debía comezar o seu mandato na Coruña o mesmo día do inicio da revolución e que, ao non sumarse aos liberais pronunciados, foi levado preso ao castelo de Santo Antón e posteriormente, xunto con outros realistas, embarcado no bergantín mercante *Hermosa Rita* por orde da Xunta para afastalos de Galicia. Manuel Gómez Imaz é o autor das anotacións ao manuscrito de Venegas indicando no inicio do relato: «Estas Memorias son en extremo curiosas e interesantes, porque ilustran el conocimiento de los sucesos políticos del año de 1820 en la Coruña, por lo general muy sumariamente tratados por los historiadores, y no con la extensión que prestan a los de Andalucía». Barreiro Fernández, 1982 b:175-180 publicara a transcripción dunha copia desta relación conservada entre os papeis de frei Nicolás de Castro, que fora nomeado secretario do xefe político de Ourense durante o mandato da Xunta.


11 *Manifiesto que la Junta de Gobierno de Galicia creada por el pueblo en 21 de Febrero de 1820, para restablecer la Constitución política de 1812 y compuesta por los vocales [seguen os nomes] hace a la Nación española de sus operaciones y fatigas para el logro de tan grandioso objeto*. Impreso na Coruña na oficina de Manuel María de Vila, 1820. É un folleto de 50 páxinas de 19 x 25 cm. Na páxina final figura a data do 8 de xullo de 1820 e os nomes de Pedro de Agar como presidente e de José María del Busto, Carlos Espinosa, Manuel Latre e Juan Antonio de la Vega. A pé de páxina aparecen os nomes dos vocais da Xunta elixidos como deputados das Cortes —o Marqués de Valladares e Estanislao Peña-fiel— e como asociado Diego Muñoz Torrero. Finalmente se reproducen varios escritos intercambiados entre Pedro de Agar e o conde de San Román. A Xunta enviou exemplares a Madrid para facelos chegar ao monarca e tamén distribuíu este manifesto por toda Galicia. ARG. XS. C-40046-42.

12 *Précis Historique des principaux événements politiques et militaires qui ont amené la Révolution d'Espagne*. Das 396 páxinas do libro, nas que analiza a revolución en España, dedica a Galicia máis dun terzo —pp. 211-315— o que dá idea da relevancia do papel desempeñado pola Coruña. O relato dos feitos coincide plenamente co de Urcullu ao que o francés engade comentarios de valoración positiva dos feitos coruñeses.

13 O redactor e impresor deste diario foi Sebastián Iguereta e nel se publicaban partes oficiais da Xunta, artigos sobre a situación do momento e bandos da Xunta. Foi reimpresso en Madrid.

14 RC. S3f; 7-12; 206.





*Manifiesto de la Junta de Gobierno de Galicia.* Biblioteca do Real Consulado da Coruña

Juana de Vega, pero descoñecemos as circunstancias nas que chegou a formar parte das pertenzas da condesa de Espoz e Mina. Unha posibilidade é que este libro permanecese na casa do pai de Juana de Vega, o vocal da Xunta Juan Antonio de la Vega, que figura como asinante de numerosas actas xunto ao presidente, Pedro de Agar, libro que non foi remitido a Madrid, como parece que era a intención da Xunta, segundo se desprende dun escrito enviado por esta institución con data 12 de xullo de 1820,<sup>15</sup> intención que tamén recolle a acta do 13 de xullo.<sup>16</sup> Coa autodisolución da Xunta, poucos días máis tarde, non se cumpriu o consignado na derradeira das actas.<sup>17</sup>

- 15 «Con este motivo [a xura do monarca da Constitución ante as Cortes] la Junta de Gobierno ha creído no debe dilatar la presentación del suyo [manifiesto] que pensaba acompañar de las actas y otros documentos, según ofreció en su exposición anterior». ACD. PRFVII. H-03.T.42.F.121-122. O escrito está asinado por Pedro de Agar, José María del Busto, Carlos Espinosa, Manuel Latre e Juan Antonio de la Vega, todos eles presentes na reunión da Xunta do 13 de xullo.
- 16 As Cortes foron enviados exemplares do Manifiesto, pero non o libro de actas: «Tengo el honor de dirigir a manos de V.E. tres ejemplares forrados de terciopelo del manifiesto de las operaciones de esta Junta superior, cuya Presidencia me encomendó el Pueblo Gallego, suplicándole en su nombre y en el mío los ponga en las reales manos de S.M. y de los serenísimos infantes D. Carlos y D. Francisco de Paula. Acompañan otros doce ejemplares en papel, por no ser posible remitir hasta el correo próximo debidamente encuadernados los que esta Junta destina para V.E. y sus dignísimos colegas». RC. LAXG. Sesión do 13-7-1820. Un exemplar encadernado en veludo vermello, como os enviados a Madrid, consérvase no Consulado formando tamén parte do Fondo Juana de Vega.
- 17 «Sabido hoy que esta comunicación [referida ao manifiesto do 12 de xullo] debe ser hecha directamente al poder ejecutivo, lo ejecuta por medio de V.E. con remisión de las actas originales y de la correspondencia oficial que ha llevado con todas las Juntas de Provincia, declarándose absolutamente disuelta». Copia do escrito enviado ao secretario de Estado e de Despacho de Gobernación. RC. LAXG. Sesión do 17-7-1820.

O libro conservado no Consulado comeza cos *Acuerdos de la Junta de Gobierno que da principio el 14 de Abril de 1820* e remata cos tomados o 17 de xullo do mesmo ano. Descoñecemos se existiu un libro anterior con actas que recollen os acordos desde a instalación da Xunta o 21 de febreiro, polo que este exemplar resulta especialmente valioso para coñecer os detalles da súa actuación ao longo dos seus tres últimos meses. Polo *Manifiesto* publicado pola Xunta sabemos da intensa actividade desenvolvida por esta nos primeiros días da súa actuación,<sup>18</sup> actividade que queda manifestada nos numerosos oficios, proclamas, bandos e escritos, tanto manuscritos como impresos, que conservan os diferentes arquivos e bibliotecas, e tamén da escaseza de medios humanos e materiais cos que contaba para levar adiante o labor, razón que talvez explique que unicamente se decidisen a reflectir os acordos nun libro de actas a partir dun momento no que os membros da Xunta, pasado o frenesí dos primeiros días, contaban con algo máis de tempo para poñer ordenadamente e por escrito os acordos adoptados.<sup>19</sup>

O libro de actas do Consulado recolle un total de 62<sup>20</sup> actas manuscritas en 99 folios.<sup>21</sup> Todas elas están asinadas polo presidente, Pedro de Agar, e un vocal.<sup>22</sup> O número de actas evidencia o enorme traballo desenvolvido pola Xunta, reunida case diariamente, incluídos os domingos, e con infinidade de acordos adoptados, de modo que algunhas destas actas recollen máis de trinta asuntos tratados.<sup>23</sup> Os membros da Xunta asistían con total regularidade ás sesións e unicamente en moi poucas ocasións estaban presentes unicamente catro deles, pero o normal era que asistisen cinco vocais e o presidente.

### 3. A constitución da Xunta de Goberno

O mesmo día do levantamento militar, un grupo de nove persoas —militares e civís— creou na Coruña unha institución —a *Junta de Gobierno de Galicia*— desde

- 18 «En el período de los primeros quince días la Junta se afanó hasta el punto de olvidar el natural descanso para llenar las múltiples atenciones de su instituto. Sin manos para los infinitos trabajos de escritorio, sin Secretarías organizadas, en la imposibilidad de su pronta creación, cada uno de los Vocales se prestó a hacer con gusto todos los oficios precisos, hasta de amanuenses, muy distintos de soñar en títulos pomposos, y de engreimiento». Junta de Gobierno, 1820:20.
- 19 Localizamos algún indicio de que se celebraron actas con anterioridade, caso da copia da acta de 1 de abril. ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.78.
- 20 12 actas en abril, 26 en maio, 16 en xuño e 8 en xullo.
- 21 O libro, de 21,5 x 31 cm., encadernado en cartón verde, está formado por caderniños cosidos e ten algo deteriorado o seu canto polo uso de abrir e pechar. Tras as 99 follas numeradas e escritas coas actas dos acordos, hai folios en branco ata un total de 133.
- 22 Desde o 14 de abril ata o 1 de maio, ambas inclusive, as actas van asinadas por Pedro de Agar e Juan Antonio de la Vega como vocal. A partir do 2 de maio e ata a derradeira do 17 de xullo, o vocal que asina é José María del Busto. Segundo figura na primeira das actas, os reunidos tomaron tres acordos relacionados co funcionamento que cumpriron con enorme regularidade: «Que las horas señaladas para la reunión de los miembros de la Junta son las once de la mañana de la mañana y ocho de la tarde. Que ningún negocio de importancia se puede tratar sin la asistencia de cinco vocales, incluso el presidente o vice. Que las actas en borrador se presenten al día siguiente que se extiendan, y en caso de ser aprobadas, se pasarán al libro que con ese objeto se formará». RC. LAXG. Sesión do 14-4-1820.
- 23 Moitas das actas superan os vinte asuntos despachados e algunhas superan os corenta, caso da de 2 de xuño, con 45, e a de 26 de maio con 49 dos máis variados temas.



Primeira páxina do libro de actas da Junta de Gobierno de Galicia. Biblioteca do Real Consulado da Coruña

a que se exerceu o supremo goberno militar e político de toda Galicia durante o tempo do seu mandato, é dicir, ata que rematou a súa actuación o 17 de xullo dese mesmo ano de 1820, unha vez cumpridos os seus obxectivos iniciais: a restauración do sistema constitucional que fora anulado por Fernando VII en 1814.<sup>24</sup>

O momento elixido para iniciar o levantamento foi o día no que as autoridades e a oficialidade da Coruña cumprimentasen ao novo capitán xeral, Francisco Xavier Venegas, que chegara á Coruña o día anterior. Os liberais coruñeses tiñan ben deseñado o plan e, combinando a acción de militares e civís, o 21 de febreiro de 1820, proclamaron a Constitución de 1812 secundados polos veciños que pronunciaban as exclamacións de *Viva la nación, Viva la Constitución, Viva el rey constitucional*.<sup>25</sup>

O movemento non era espontáneo nin xurdiu nese momento de forma casual, senón que estaba ben organizado desde tempo atrás e contaba con partidarios tanto na Coruña como en varios lugares da provincia.<sup>26</sup> Era preciso non cometer erros do pasado e conseguir que as accións de Riego e Quiroga culminasen con éxito.

24 Tras a finalización da Guerra de Independencia contra o exército napoleónico, Fernando VII decidiu restaurar o absolutismo asinando o Decreto de 4 de maio de 1814 polo que declaraba nulo o traballo legislativo das Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812, iniciándose así o período do seu reinado coñecido como o Sexenio Absolutista.

25 O relato destes feitos case non ofrece diferenzas entre as tres principais fontes —Urcullu, Venegas, Jullian e o propio Manifesto da Xunta— polo que resulta doado poder recrear os acontecementos que tiveron lugar dentro e fóra do edificio da Capitanía coruñesa o día 21 de febreiro de 1820.

26 «Plusieurs habitants du Ferrol, de Vigo, de Betanzos, d'intelligence avec cette ville, n'attendaient que le signal convenu pour seconder les opérations de leurs amis, en levant au même instant l'étendard national, et appelant sur divers points, par cette importante diversion, un ennemi qui pouvait disposer de forces et de ressources beaucoup plus considérables qu'eux». Jullian, 1821:214. «Sabemos que el terreno estaba bien abonado. Partes, avisos y proclamas procedentes de Cádiz, vía Gibraltar, llegaban a la Coruña desde donde se dispersaban hacia los cuarteles y clubs de toda Galicia. Las proclamas de Quiroga eran copiadas a mano e incluso reimpresas clandestinamente en la imprenta del liberal D. Sebastián Iguereta y distribuidas en los cuarteles. En esta operación no faltó el dinero adelantado por los comerciantes de la Coruña, como lo demuestran sus posteriores declaraciones». Barreiro Fernández, 1982 b:20.

O temor a que Venegas supuxese un obstáculo á realización do proxecto decidiu aos conxurados a non demorarse na execución do plan,<sup>27</sup> máxime tendo en conta que poucos días antes fora denunciada unha posible conxura contra a autoridade do monarca.<sup>28</sup> O plan tivo éxito; o capitán xeral, ao non sumarse aos conxurados, quedou detido e levado ao castelo de Santo Antón xunto con outros realistas. Deste modo, a cidade quedaba en mans dos liberais pronunciados.<sup>29</sup>

No primeiro momento da revolución, como xefe da milicia foi nomeado Carlos Espinosa pero logo cedeu este honor a Félix Álvarez Acevedo,<sup>30</sup> presidindo a nova Xunta de forma interina ata que se puido poñer á fronte da mesma o almirante Pedro de Agar Bustillo,<sup>31</sup> unha vez liberado do confinamento en Betanzos a que fora condenado polo goberno absolutista.<sup>32</sup> Xunto a Carlos Espinosa e Pedro Agar estaban outros tres militares —o coronel Félix Álvarez Acevedo, o tenente coronel Manuel Latre Huarte e o capitán de navío Joaquín Freire Andrade— e

27 «Il était donc nécessaire de compter sur un grand nombre d'individus, inaccessibles à la crainte, pleins de confiance les uns dans les autres, et décidés à tout; il ne l'était pas moins que les réunions clandestines ne se rassemblaient qu'avec un profond mystère, et que la surveillance des autorités fut déçue; enfin, il était indispensable de réunir en un seul point tout ce que la prudence et la prévoyance humaine peuvent inspirer dans des conjonctures aussi importantes. D'ailleurs le temps pressait, et les nouvelles qui parvenaient d'Andalousie n'étaient pas rassurantes; l'arrivée du général Vénégas alarmait les uns, rassurait les autres, et décourageait ceux qui, en plus grand nombre que tous les autres, croyaient que sa présence pourrait mettre obstacle à l'exécution de projets déjà si avancés». Jullian, 1821:212-213.

28 «Un sugeto, que no estaba en el proyecto, pero que llegó a saber algo de lo que se trataba, se presentó días antes del rompimiento a la autoridad a delatar a tres vecinos de la ciudad. Su confusión llegó al extremo cuando no pudo probar nada, y vio la generosidad con que le perdonaron y reconciliaron con él los tres a quien delató». Urcullu, 1820 b:nota pp.11-12.

29 Ademais dos relatos impresos, consérvanse cartas manuscritas que dan conta dos feitos e, por coincidir plenamente, confirman como sucederon os feitos do día 21 e posteriores. «El día 21 a las doce fue toda la oficialidad de la guarnición a hacer la corte al General de cuyas resultas salió una voz del pueblo que se hallaba en la plaza diciendo viva la Constitución, la oficialidad lo aprobó y toda Galicia recibieron al Sr. de Agar con mucho entusiasmo le quitaron el tiro del coche y lo arrastró el pueblo con tantos vivas que dejaban admirados a todos; salió hoy tropa para Santiago y en el camino se encontraron los cadetes se abrazaron como hermanos [...] en todos los lugares formaron la milicia urbana que no hubo cosa más hermosa». Carta de Isidora á súa amiga Vicenta datada na Coruña o 23-2-1820 en Moliner Prada, 1997:153. (Grafía actualizada).

30 «Espinosa, con la espada en la mano y sin sombrero, [...] es proclamado de común consentimiento por la tropa y el pueblo Comandante General del Ejército y Provincia. [...] No tardó mucho en presentarse con el Coronel D. Félix Álvarez Acevedo, y arengar a la tropa para que lo eligiera por su general, haciéndola ver que aquel era el hombre que convenía en aquellas circunstancias; y en prueba de la sinceridad con que hablaba, le cedió el mando que pocos momentos antes le habían dado. Reconocido allí mismo Acevedo por Comandante General de las tropas, no tardaron en conocer el feliz acierto que tuvo Espinosa, a quien tanto debe la Nación por el valor y desprendimiento que mostró aquel día». Urcullu, 1820 b:20. Espinosa sucederá a Acevedo no mando do exército cando este caía en campaña en marzo de 1820.

31 Agar destacara polas súas ideas liberais desde moi novo chegando a presidir, por decisión das Cortes de Cádiz, o Consello de Rexencia, e pola defensa deste ideario foi encarcerado en 1814 en Madrid por orde de Elío sufrindo prisión ata que foi liberado en 1820 da de Betanzos para poñerse á fronte da nova Xunta.

32 Descrición detallada dos acontecementos da liberación de Agar e da chegada de esta á Coruña para poñerse á fronte da Xunta en Urcullu 1820 b:24-27. Pasados un días a Xunta «Acordó se oficie al Intendente de esta Provincia para que satisfaga a Pedro Cursini mil nueve cientos cincuenta y cuatro reales que importaron las comidas y refrescos que fue preciso dar a la llegada del Sr. Presidente». RC. LAXG. Sesión do 18-4-1820.



Pedro Agar Bustillo (1763-1822). Autor descoñecido.  
Museo Naval de Madrid.  
Con licencia Wikimedia Commons



Diego Muñoz Torrero (1761-1829).  
Autor descoñecido. Ca. 1812.  
Congreso dos deputados.  
Con licencia Wikimedia Commons

catro civís —o fiscal da real Audiencia José María del Busto, os comerciantes Estanislao Peñafiel e Juan Antonio de la Vega e o aristócrata Javier Martínez, Marqués de Valladares—. <sup>33</sup> Como primeiro secretario da nova Xunta foi nomeado Pedro Sánchez Boado e como segundo Jaime Quirós. <sup>34</sup> A esta Xunta inicial *se asoció el virtuoso y sabio D. Diego Muñoz Torrero en 29 de febrero, después de haberle procurado la Junta su absoluta libertad, sacándole del confinamiento en que por cinco años yacía*. <sup>35</sup>

A composición desta Xunta reflicte un claro intento de equilibrar non soamente as diferentes armas do exército, senón tamén a representación dos sectores dirixentes da sociedade civil, desde a burguesía á aristocracia, <sup>36</sup> o que demostra que a conspiración estaba ben organizada, cos membros da Xunta previamente consensuados

<sup>33</sup> «En total había en la Junta 5 militares, 2 burgueses, 1 representante de la Real Audiencia y 1 representante de la aristocracia. Se comprende perfectamente que su constitución había sido pactada por los conspiradores». Barreiro Fernández, 1982 a:216.

<sup>34</sup> Urcullu 1820 b:22.

<sup>35</sup> Junta de Gobierno, 1820:13.

<sup>36</sup> «Hubo gran cuidado en representar las distintas armas: Espinosa representaba a artillería. Latre al regimiento de infantería de Aragón, Acevedo al regimiento de infantería de Granada. Quedaba únicamente sin representación el regimiento de Castilla, en cierta manera explicable por su falta de entusiasmo en los preparativos del alzamiento. También hubo gran cuidado en representar los dos subsectores de la burguesía: el comercio, representado por D. Juan Antonio de la Vega y la oligarquía terrateniente aburguesada, representada por el hacendado Peñafiel. La participación de la real Audiencia era meramente simbólica. No se pretendía en forma alguna premiar el liberalismo de esta institución que en su mayor parte era absolutista. [...] Se trataba únicamente de dar apariencia de legalidad eligiendo para ello a uno de los muy escasos liberales de la Audiencia. [O marqués de Valladares] representaba al sector de la aristocracia liberal, la misma que en 1833 se puso al lado de Doña Isabel». Barreiro Fernández, 1982 b:253-254.

e que todo o complot se levou con gran discreción para evitar erros do pasado e non sumar un novo fracaso no intento de restaurar o sistema constitucional. Dous feitos significativos avalan esta situación: que non sospeitase nada o axudante do novo capitán xeral cando este lle pide información sobre o estado da tropa, <sup>37</sup> a rapidez da redacción e a inmediata aceptación da listaxe dos membros que formarían a nova Xunta <sup>38</sup> por parte da cidadanía presente na praza de Capitanía.

A constitución da Xunta de 1820 seguiu un procedemento similar ao de 1808 desde o momento en que se considera depositaria da soberanía popular mentres as circunstancias do momento non permitisen a existencia dun poder central que exercese esa soberanía de forma plena, é dicir, no caso de 1820, ata que non se restituíse o sistema constitucional. O pobo figura como o principal protagonista desde o primeiro documento —a acta de instalación— resucitando así a idea de que nel reside a soberanía depositada na Xunta.

«EL PUEBLO de esta Capital siguiendo los generosos sentimientos de los habitantes de este fidelísimo Reyno, que desean con ansia mejorar de suerte y evitar su ruina y la de la Nación, a que presurosamente nos iba conduciendo la ignorancia o perversidad de los Ministros del Rey, en quienes estuvo depositado el Gobierno de la España, ha tomado la resolución firmísima de armarse en masa, y de crear un Gobierno provisional acomodado a las circunstancias de este impulso, compuesto de hombres de luces y probidad [...]. En consecuencia, reasumiendo el PUEBLO sus primitivos derechos, nombra por miembros del Gobierno [seguen os nomes da Xunta] en quienes cede todas las facultades necesarias a constituir la plenitud del poder sin limitación alguna, mientras la Nación reunida en Cortes no establezca otra cosa, siendo la expresa voluntad del Pueblo que todas las Autoridades Civiles, Militares y Eclesiásticas, Comunidades y Corporaciones, y demás personas que residan dentro de los límites de este Reyno, reconozcan y obedezcan a este Gobierno como Supremo, y como tal se denominará en los decretos y órdenes que expidiese, teniendo por base del principio reinante la CONSTITUCIÓN sancionada en Cádiz por los legítimos representantes de la Nación». <sup>39</sup>

<sup>37</sup> Na relación redactada polo propio capitán xeral comenta: «Restituido a la Coruña el 19 de Febrero a las 4 de la tarde, y habiéndole asegurado su segundo Cabo D. Nicolás de Llano-Ponte (sujeto muy adicto a las Reales prerrogativas) y los demás funcionarios que no había antecedentes para sospechar ninguna conspiración, y que por el contrario se gozaba de la mayor tranquilidad pública, pasó la noche y por la mañana empezó a ocuparse del despacho ordinario». Venegas, 1820:36. O relato de Urcullu apunta a idea de que Venegas, desde que saíu de Madrid, tiña sospeitas de que algo se tramaba na Coruña, pero «continuó su marcha hasta Betanzos [...] sin darse por entendido. Allí fue donde preguntó al Coronel del Regimiento provincial de Betanzos D. Heraclio Alaiz si había alguna novedad en la Coruña [...] porque sus sospechas iban aumentándose a medida que se acercaba a la capital de la Provincia. Pero aquel Gefe, sabedor de cuanto se disponía, con quien contaban para asegurar el golpe, y que había prometido prestar su auxilio a la justa causa, desvaneció los celos del General con tanta sagacidad, que no dudó pasar adelante aquella misma mañana». Urcullu, 1820 b:12-13.

<sup>38</sup> Tras a proclamación de Acevedo como comandante xeral das tropas e ante o xentío congregado diante do palacio de capitanía, «uno de los del pueblo sacó para que se leyese en alta voz un papel en el cual se nombraban los sujetos que serían aptos para componer el Gobierno. Leyose y todos merecieron la aprobación general, cuyo acto autorizaron los Escribanos D. José García Reloba de Cámara y D. Pedro Sánchez Vaamonde, de Provincia. Los nombrados para formar la Junta Suprema de Gobierno fueron» [seguen os nomes xa citados]. Urcullu, 1820 b:21.

<sup>39</sup> *Acta de Constitución de la Junta Superior de Galicia*. Coruña, 21-2-1820.



Para celebrar o éxito do pronunciamento, o mesmo día 21 a nova Xunta redactou un bando no que, xunto coa organización de actos festivos —iluminación nocturna e música interpretada por bandas militares—<sup>40</sup> comunicaba con decidida autoridade as primeiras decisións. A través dunha folia impresa, a Xunta publicaba, no nome do seu presidente, as primeiras instrucións para a poboación da Coruña.

#### «EXTRAORDINARIA

Aviso dado al Pueblo de la Coruña por el Excelentísimo Señor don Pedro de Agar, Regente que fue de España

Pueblo de esta Ciudad, siguiendo el impulso que ha propiciado a dar el Ejército expedicionario, y que han adoptado ya muchos pueblos de Andalucía, acaba de declarar abiertamente su voluntad, nombrando una Junta que gobierne con arreglo a la Constitución promulgada en Cádiz el año de 1812, y que tenga la autoridad suprema, entre tanto que no es conocida la declaración de las demás Provincias de la Monarquía, y que de acuerdo todas nos constituyan el Gobierno Soberano de la Nación [...], ha nombrado por Presidente de dicha Junta y Gobernador Político del Reino, al Excelentísimo señor don Pedro de Agar, regente que fue de la España, y por vocales a los señores [seguen os nomes], los cuales después de la formal instalación, dictaron varias disposiciones de urgencia, y oficiaron a los Jefes y Autoridades de fuera de esta Ciudad, que ya se sabe y consta estar decididos a seguir la justa causa del Pueblo, y a sostener su heroica resolución. Bajo este supuesto dándose a conocer, como la única Autoridad, en la cual reside por ahora el poder supremo, decreta al mismo tiempo lo siguiente:

ARTÍCULO PRIMERO. En celebridad de tan plausible acontecimiento, habrá esta noche iluminación general, que principiará a las ocho, y a la misma hora las músicas de los cuerpos militares se hallarán reunidas en la Plaza de la Constitución, antes de Marina (antes de la Harina).

SEGUNDO. Todos los vecinos seguirán en sus ocupaciones sin hacer novedad alguna, bien ciertos de que nada procurará esta Junta con mayor esmero, que la seguridad, tanto de personas como de bienes.

TERCERO. Tendrán los vecinos entendido y cualesquiera otra persona, que se castigará con pena capital cualquiera acción o gestión que se dirija a contrariar la voluntad del Pueblo, declarada en la instalación de esta Junta, y sobre ello no se tendrá el menor disimulo.

CUARTO. En el día de mañana hará su entrada el Excelentísimo señor don Pedro de Agar, y se encarga a todos los habitantes de esta Ciudad de uno y otro sexo, que concurran a recibirle y reconocerle como una de las personas en las cuales se reúne el voto general de la Nación para regirla, mientras el Rey echando de su lado las personas que le seducen y le tienen engañado y puesto en entera libertad, jura la CONSTITUCIÓN y convoca a las Cortes.

<sup>40</sup> Na celebración do éxito foi obsequiada a tropa con varias pipas de viño que pouco despois foron pagadas a «Diego Erce del comercio de esta Plaza, en que pide se le satisfagan tres pipas de vino catalán que suministró a la tropa el 21 de Febrero, y la Junta acordó, como lo solicita, y orden al Intendente para que se le paguen». RC. LAXG. Sesión do 20-4-1820.

QUINTO. Igualmente se encarga a todos la tranquilidad y la conservación del orden, mientras la Junta dispone lo demás que sea oportuno según las circunstancias, lo cual se publicará. Coruña 21 de Febrero de 1820».<sup>41</sup>

A nova institución declaraba tamén que se ocuparía da organización da forza armada, da administración de xustiza, da facenda e todo o concernente á nova orde política de Galicia, é dicir, das funcións propias dos gobernos. Iniciaba así a súa actuación como poder supremo de toda Galicia.<sup>42</sup>

#### 4. As primeiras medidas da Xunta de Goberno de Galicia

Sen perda de tempo, no mesmo día da súa instalación, a Xunta procedeu a *nombrar jefes de la Plaza, que por ausencia o arresto de los propietarios había quedado sin ellos*,<sup>43</sup> así como organizar a Milicia Nacional dirixida polo tenente coronel de artillería León Gil de Palacio.<sup>44</sup>

Acto seguido, tras disponer que todas *las autoridades civiles con sus dependientes de número, los jefes y empleados de rentas públicas, los superiores de los conventos de S. Francisco, S. Agustín y Sto. Domingo asistiesen a prestar ante dicha Junta el juramento prevenido en la misma*,<sup>45</sup> a Xunta comezou a enviar oficios e

<sup>41</sup> *Aviso* da Xunta. 21-2-1820. Urcullu, 1820 b:125-126. O mesmo texto pero con data do 22-2-1820. O bando foi impreso en Madrid na imprenta da viúva de López. RAE. DUAR-121 (53).

<sup>42</sup> Galicia mantiña división en sete provincias e tamén a denominación de Provincia de Galicia para referirse ao conxunto de todas elas.

<sup>43</sup> Entre os novos cargos figuran algúns militares que sufriran persecución e cárcere por participar no levantamento frustrado e Porlier, caso de Juan José López. Urcullu, 1820 b:23. Pedro de Agar, nun oficio datado o 12 de marzo de 1820, comunicaba á Facenda Nacional os nomeamentos do coronel Gaspar Valledor como comandante xeneral de artillería; do coronel José Díez de Tejada como comandante xeneral de artillería e do tenente coronel Pedro del Barco como maior xeneral de artillería. ARG. XS. C-40042-4.

<sup>44</sup> Urcullu 1820 b:23. Junta de Gobierno, 1820:26. No escrito enviado ao alcalde coruñés solicitando que aceptase a súa dimisión do cargo, León Gil de Palacio indicaba que fora nomeado pola Xunta o mesmo día 21 de febreiro e que o novo corpo comezou a actuar o 23, permanecendo desde entón no posto de comandante, a pesar de desempeñar tamén o cargo de «comandante de Artillería de la Plaza, subinspector del batallón del Tren y director de la Maestranza del Departamento, destinos a la verdad que me ocupaban enteramente y más en aquellas apuradas circunstancias [...] pudiendo asegurar a V.E. que en muchos días no conocí un solo momento dedicado a mi más preciso descanso». León Gil de Palacios, Escrito de dimisión, 16-10-1820. AMC. AC. C-4951. A dimisión estaba motivada pola incompatibilidade do seu cargo coa nova organización da Milicia Nacional Local en aplicación da lexislación gaditana. Co retorno do absolutismo, León Gil de Palacio sufrirá a situación de «indefinido» ata 1829 como represalia polo apoio á causa liberal.

<sup>45</sup> Urcullu, 1820 b:27. A fórmula do xuramento incluía, ademais de gardar e observar a Constitución de Cádiz, a aceptación e a obediencia á Xunta: «¿Reconocéis en esta Junta de Gobierno formada en el día de ayer por la voluntad del Pueblo, y de las tropas unidas con él la autoridad Suprema para gobernar en la Provincia con arreglo a la misma Constitución, entretanto no se conoce la voluntad de todas las demás Provincias, y se reúnen las Cortes, y mientras el Rey puesto en absoluta libertad, no jura observar y hacer observar la misma Constitución? ¿Prometéis en estos términos obedecer a esta Junta, cumplir sus órdenes y hacer cuanto esté de vuestra parte para que todos las obedezcan y cumplan? ¿Y prometéis asimismo cada uno de vosotros, tanto en calidad de empleados y personas públicas, como en la de particulares, hacer los últimos esfuerzos, de acuerdo con esta Junta, para lograr el justo y santo objeto que se propone con arreglo a la voluntad del Pueblo y hasta que se consiga enteramente?» Urcullu, 1820 b:128.

copias dos primeiros documentos por ela elaborados aos concellos galegos<sup>46</sup> e a personalidades de diferentes localidades españolas.<sup>47</sup>

Ao día seguinte publicou Acevedo, en calidade de *Comandante general de las armas, nombrado por el Pueblo y ciudadanos militares*, unha proclama aos soldados na que os animaba a loitar para conseguir o obxectivo marcado pola Xunta prometendo, pola súa parte, *no abandonar la causa hasta morir o vencer entre vuestras filas, y este sentimiento íntimo de mi corazón, en correspondencia con el vuestro, hace la garantía más segura de la salvación de la Patria, cuyo triunfo completará nuestra gloriosa carrera, y entraréis en la posesión del justo premio con que os recompense*.<sup>48</sup> Dispuxo tamén Xunta que Acevedo marchase en dirección a Santiago,<sup>49</sup> sospeitando que nesta cidade atoparía maior resistencia a nova situación.<sup>50</sup> Efectivamente, as cidades episcopais foron as que ofreceron maior resistencia pero, en calquera caso, o levantamento triunfou en toda Galicia nos quince días seguintes. A primeira cidade en sumarse foi Ferrol (día 23), seguida de Vigo (día 23) e Pontevedra (día 25); Santiago, Tui, Mondoñedo, Lugo e Ourense, a derradeira en sumarse, quedaron controladas nos primeiros días de marzo.<sup>51</sup>

46 No caso do Concello da Coruña, celebrou a última reunión o 17 de febreiro cesando nas súas funcións, que foron asumidas pola Xunta, reanudando a súa actividade o 19 de abril xa como Concello constitucional.

47 «Ambas proclamas [o bando da Xunta do 21 e a proclama de Acevedo do 22] las envió la Junta a una serie de personas de Madrid, Barcelona, Reus, Cádiz y Trujillo, con el objeto de extender el movimiento: José Alzarra (comerciante de Cádiz), José Dalmases (corredor de número de Barcelona), viuda de Robert y Cía, José Giol y Serrano (comerciante de Reus), José Fortuny (Reus), J. M.<sup>a</sup> Alcalá (magistral de la catedral de Madrid), José Fosada (capitán del regimiento de Burgos), Francisco de la Cámara (maestrante de la Real de Granada, Trujillo), Salvador Soler (Reus), José Uguet (Vimbodí, Tarragona), José Sánchez de Aguilera (Madrid), Sabino Quevedo (Madrid) y Pablo Nicolau (Barcelona)». Moliner Prada, 1997:152.

48 F. Acevedo. *Soldados: Llegó ya el momento...* Coruña, 22-2-1820, proclama reimpresa en Santiago o 26-2-1820. MP. Baltar. Impresos 4/5 n. 5.

49 Desde o cuartel xeral de Santiago, Acevedo publicou un manifesto no que animaba aos composteláns a non deixarse manipular por «aquellos que ahora viven en la opulencia con todas las comodidades de la vida a costa de vuestro sudor y trabajo; de aquellos que con el velo de la Religión Santa todo lo sacrifican a su propio interés y egoísmo; de aquellos que no conocen más Patria que sus privilegios y riquezas; de aquellos que procuran esclavizaros, predicando a cada paso máximas de tiranía. [...] Guardaos pues de estos seductores que tanto tiempo os han engañado, y causado vuestra opresión y ruina, si queréis ser felices y salir del estado de abatimiento en que os halláis; si así lo hacéis no tendréis ni contribuciones arbitrarias y exorbitantes, ni estadísticas inútiles y gravosas, ni arbitrariedad, ni despotismo en el Gobierno; todo será orden y Justicia, mandarán las Leyes». F. Acevedo. *Al pueblo de Santiago: Generosos e ilustres compostelanos*. ... Santiago, 26-2-1820. MP. Baltar. Impresos 4/5 n. 4. F. Acevedo, igualmente desde Santiago e con data do 28-2-1820, dirixía o mesmo manifesto *Al pueblo de Galicia: Generosos e ilustres gallegos...* AMC. AC. Colección de impresos, nº 26.

50 Tratando de convencer aos soldados de que non obedecesen ao realista conde de San Román, o presidente da Xunta publicaba un manifesto alertándoos dos perigos de sumarse ao seu exército: «El Gobierno sabe que se procura engañaros mandando vuestra reunión para oprimir la libertad de la Patria. ¿Y queréis uniros a un General, que con mengua y con infamia, deslumbrado con galones, olvida su primer deber de ciudadano? ¿Y seréis los enemigos de Galicia? No. Nunca los milicianos sirvieron para establecer el despotismo: dejad, pues al conde de San Román, que oculte su vergüenza en los desiertos montes de Castilla». P. de Agar. *Soldados de Milicias Provinciales...* Coruña, 28-2-1820. MP. Baltar. Impresos 4/5 n. 6.

51 O proceso de incorporación das cidades galegas en: Urcullu, 1820 b:28-45. Jullian, 1821:232-258. Barreiro Fernández, 1982 b:21-27.

Estes primeiros quince días de actuación da Xunta foron dunha actividade febril,<sup>52</sup> tendo en conta as múltiples fronteas que trataba de organizar e o decidido empeño de actuar coa moderación necesaria para evitar derramamento de sangue.<sup>53</sup> Pero desde os inicios da súa actuación, a Xunta tivo que facer fronte a un problema permanente: a enorme escaseza de fondos.

«¿Cuál fue la amargura que se apoderó de ésta [Junta] al reconocer que para una tan vasta empresa y para tan inmensas atenciones, solo podía contar con la cantidad de 85.000 reales, únicos fondos en la Tesorería? Sin relaciones con las demás Provincias era preciso enviar a algunas comisionados que cuidasen de despertar el espíritu de libertad amortiguado; las tropas y funcionarios no podían, sin gran riesgo, sufrir la falta de sus haberes; la repentina mudanza del sistema había de precipitar el ingreso de caudales en un síncope de incierta duración; los pueblos del resto de la Provincia no solo no habían reconocido el nuevo gobierno, sino que estaban expuestos a ser extraviados por corporaciones poderosas, privilegiadas y por eso poco adictas a él; de modo que era preciso recorrerlos, antes de recibir de ellos los subsidios necesarios para tan vastas como urgentes atenciones».<sup>54</sup>

Confiaba a Xunta poder incrementar os fondos coas achegas de Santiago, pero alí estaba o realista conde de San Román que non só presentou resistencia armada, senón que *abandonó a Santiago luego que supo la aproximación de Acevedo, llevándose todos los caudales públicos, único recurso con que contaba la Junta por ser los más pingües que existían en Galicia*.<sup>55</sup>

52 Entre o traballo dos primeiros días da Xunta foron numerosos os escritos, manifestos e bandos publicados destacando o de 3 de marzo dirixido aos *Gallegos generosos: esclarecidos españoles de ambos mundos* no que a Xunta critica a actuación do monarca e o seu goberno durante o Sexenio, reivindica o dereitos dos pobos a «sacudir el yugo de la arbitrariedad y despotismo ministerial» e anima aos españois de ambos mundos a seguir o exemplo da Xunta de Goberno de Galicia. FP. C-29/7.

53 «Parece cierto que la Junta evitó el derramamiento de sangre, aunque no pudo contener el deseo de venganza del pueblo contra los delatores de Porlier y el sargento que lo arrestó, que fueron asesinados junto con el gobernador Escudero. El Manifiesto de la Junta del 8 de julio hace alusión a los militares que no se adhirió al levantamiento por lo que fueron trasladados al castillo de San Antonio (Francisco X. Venegas, capitán general; J. Escudero y Lisón, gobernador de la plaza; y los coroneles José Carrillo —del regimiento de Granada—, Manuel Navas —del regimiento de Castilla— y Simón Ibarra del regimiento de Aragón). [...] Otros militares allí conducidos fueron el subinspector de artillería A. de la Rúa, el segundo cabo comandante general Nicolás Llano Ponte y el teniente del rey Juan Espronceda. El mismo día 21 de febrero se produjeron varios incidentes [...] y el pueblo detuvo a cuatro personas: Julián Cid de Miranda (oidor), José Valderrábano, Domingo Arias y Félix de Pazos. La Junta actuó con moderación, sin alterar el orden, y puso en libertad a los detenidos en cuanto pudo». Moliner Prada, 1997:153.

54 Junta de Gobierno, 1820:14. Segundo as contas presentadas pola Tesourería de Facenda de Galicia, a 21 de febreiro de 1820 había en caixa 602,977 reais e 3 marabedís, cantidade que se reduciu nos primeiros días da actuación da Xunta. ACD. PRFVII. H-03-T.41, 148-150. Desá enorme escaseza de fondos queixarase tamén o novo Concello constitucional no seu inicio: «Si todas las circunstancias son penosas y difíciles, lo son muchísimo más en las actuales en que el Ayuntamiento no ha encontrado fondos algunos ni aun para subvenir a sus más mínimas atenciones». Libro copiadador de bandos. AMC. AC. c-7198. Nun escrito do alcalde ao xefe político comunicáballe que posiblemente non poderían facer as funcións conmemorativas do 2 de Maio por falta de fondos. Libro copiadador de oficios. 1820. AMC. AC. c-2574. Libro copiadador de oficios 1820.

55 Junta de Gobierno, 1820:15.

A pesar desta situación, a Xunta adoptou numerosas medidas de carácter económico, moitas delas tendentes a facer máis atractivo o réxime liberal e aliviar parte de presión fiscal aos contribuíntes. Así, eliminou o corpo de comisionados de Estatística dependente de Facenda que traballaba en Galicia recollendo datos para a implantación do novo sistema de contribucións e que obrigaba aos veciños a sufragar os gastos que se orixinasen.<sup>56</sup>

Entre as medidas económicas liberalizantes adoptadas pola Xunta destacan: a rebaixa da contribución do primeiro trimestre nun décimo; a supresión do dereito de portas;<sup>57</sup> a libre introdución, en pobos e cidades, dos artigos de primeira necesidade, viños e augardentes. Tamén ordenou que todos os caudais ingresasen nunha única Tesourería e que esta presentase informes mensuais do estado das contas. Para aforro de alugueres de edificios, reuniu as administracións das rendas de Santiago nas casas da extinguida Inquisición e nos seus baixos instalou a administración de Correos.

O 3 de marzo de 1820 Pedro de Agar, como presidente da Xunta, asinaba un importante decreto: o que devolvía a Galicia a distribución do seu territorio en 47 partidos xudiciais e organizaba o seu funcionamento.

«La Junta Suprema de Gobierno de la provincia de Galicia, sabiendo el desorden horroroso y escandaloso en que se halla la administración de justicia; considerando como uno de sus principales deberes el arreglar esta parte de la administración pública y remediar los innumerables daños que por ella sufrió el Pueblo Gallego; conociendo que la base y el principio de este arreglo debe necesariamente ser la división de la Provincia en Partidos y el establecimiento de Juzgados de primera instancia en ellos, con arreglo a la Constitución, [...] decreta lo siguiente:

Artículo 1. Por ahora y sin perjuicio de las mejoras y reformas que a lo sucesivo parezcan necesarias, se aprueba la división de esta Provincia hecha en el año de 1813 por la Diputación Provincial, de acuerdo con la Audiencia, en cuarenta y siete Partidos».<sup>58</sup>

<sup>56</sup> Barreiro Fernández, 1982 b:31. No manifesto de 3 de marzo da Xunta, entre as numerosas queixas á actuación do monarca, figura esta referencia: «Imponiendo [o monarca] sin las Cortes, una contribución general directa sin equidad [...] incrementando las antiguas oficinas y creando otras de nuevo con comisionados gruesamente dotados, que cual plagas fueron sembrados sobre los exangües pueblos para formar una estadística que no conocían, que es realmente casi impracticable».

<sup>57</sup> O dereito de portas (unha reforma de 1817) era un dos impostos máis impopulares, pero a súa aplicación reduciu considerablemente a recadación e así o consideraba o Concello en escrito enviado ao xefe político do 18-7-1820: «Habiendo cesado en 21 de Febrero último la exención en derechos de puertas por disposición de la Junta». AMC. AC. C-2574. Libro copiadador de oficios 1820.

<sup>58</sup> ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.83-85. Esta distribución foi criticada pola Xunta Provisional de Madrid, véndose obrigada a Xunta de Galicia a dar explicacións e argumentos para xustificar a súa actuación. Así, nun escrito datado na Coruña o 1 de abril e asinado por todos os seus membros en resposta a outro de 22 de marzo de Madrid indicaba: «Las providencias que ha tomado esta Junta no se dirigen a otro objeto que más que a establecer el mismo sistema constitucional, a cuyo fin han sido precisas medidas extraordinarias, porque la población tan diseminada de este País y la infinita variedad de cotos y jurisdicciones, al paso que ocasionaban un monstruoso proceder en la administración de la justicia, eran

Complementario do anterior foi a publicación da relación de cotos, pobos, etc de cada Partido<sup>59</sup> e que foi seguido dun novo decreto de 5 de marzo que establecía: *Desde el momento en que se posesionen los nuevos Jueces ya nombrados de los 47 Partidos, cesarán todos los Corregidores, Alcaldes, Merinos, Jueces y todos los que administran justicia en primera instancia*. Esta medida significaba que quedaban abolidas as divisións existentes de correxementos, merindades, coutos e calquera outro tipo de xurisdición existente nese nivel de xustiza, *quedando los Pueblos de cada Partido sujetos únicamente al Juez de él, por lo respectivo a lo judicial*. Establecía tamén este decreto da Xunta a existencia dos xefes políticos en Galicia: *Habrà en la Provincia tres Gefes políticos, de los cuales el uno superior, con residencia en esta Ciudad de la Coruña, y dos subalternos, para los distritos de Lugo y Orense y con residencia en las mismas Ciudades respectivamente*.<sup>60</sup>

A importancia desta división transcendía o estritamente xudicial, por canto establecía tamén que nas localidades cabezas de Partido debían instalarse inmediatamente concellos constitucionais que tiñan como termo o territorio do seu Partido mentres non se fosen formando novos concellos. Esta división empregouse para as seguintes eleccións a Cortes e Deputación.<sup>61</sup>

Durante os meses de actuación, a Xunta contou cun grande apoio: a *Sociedad Patriótica* coruñesa. Desde o mesmo día da súa fundación, o 27 de febreiro, púxose incondicionalmente ao servizo da Xunta, que resultou ser de enorme valía, especialmente nos inicios do seu mandato.

«Llegó por fin el día feliz y venturoso en que la España, después de seis años de letargo y de esclavitud, rompe sus cadenas para recobrar su libertad y ser la Nación primera de la Europa admirada. [...] Conociendo cuantos y cuan graves son las tentaciones que rodean al Gobierno nuevamente establecido, a las cuales no es posible en estos primeros momentos dedicar enteramente sus tareas, así como también lo profundo que es el origen de los males que hasta ahora hemos sufrido, penetrados del patriotismo más acendrado y de los deseos más eficaces de recuperar con solidez los sagrados derechos que corresponden al hombre en lo público y civil, determinaron formar una Sociedad Patriótica, cuyas principales funciones y objeto sean coadyuvar al Gobierno con sus luces y conocimientos y del modo que sea necesario para que se consiga el objeto que el

un obstáculo insuperable al movimiento del nuevo sistema. A este efecto se ha adoptado por de pronto la división de esta Provincia en 47 Partidos, según plan que había formado la Diputación Provincial y se han puesto en ellos Jueces letrados de primera instancia de recomendables circunstancias, que al mismo tiempo que administren prontamente justicia, sean otros tantos conductos por donde pueda llegar a todas las poblaciones la benéfica voluntad del gobierno sin que padezca el extravío que causaba la falta de comunicación y sin las tergiversaciones de la ignorancia y de la impostura». ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.67-68.

<sup>59</sup> ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.90-123.

<sup>60</sup> ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.88-89.

<sup>61</sup> A decisión da Xunta non estivo exenta de críticas e conflitos que obrigaron a revisar o establecido. O proxecto elaborado pola Deputación en 1821, que reducía a 43 o número de Partidos, non foi aceptado polas Cortes mentres non se aprobase a nova división provincial. O decreto de 27 de xaneiro de 1822 establecía catro provincias en Galicia —A Coruña, Lugo, Ourense e Vigo— pero a volta ao absolutismo anulou esta división e Galicia volveu a ser unha sola provincia. A actual organización data de 1833 coas catro provincias (Pontevedra en lugar de Vigo) e 45 Partidos xudiciais.



pueblo ha propuesto y desea con justicia, pero sin interrumpir a aquél en sus funciones en ninguna manera, antes bien procediendo siempre de acuerdo con él». <sup>62</sup>

Os servizos prestados á Xunta pola Sociedade Patriótica da Coruña foron constantes e leais. Durante a primeira etapa de funcionamento da Xunta, ademais de nutrilas do persoal necesario para a dirección política de Galicia, a Sociedade Patriótica estivo especialmente alerta sobre as accións de posibles opositores comunicando as súas sospeitas ou investigacións á Xunta, <sup>63</sup> colaborando tamén activamente na vixilancia de que se cumprisen os seus mandatos <sup>64</sup> ou achegando consellos para mellorar a xestión e transparencia do novo goberno. <sup>65</sup>

O 9 de marzo de 1820 foi un día de emocións contrarias para os liberais coruñeses: <sup>66</sup> por un lado a satisfacción da noticia de que o monarca acataba a Constitución <sup>67</sup> e que era suprimida a Inquisición, <sup>68</sup> pero por outro a desgraciada morte de Félix Álvarez Acevedo, un dos heroes do levantamento do 21 de febreiro. <sup>69</sup> O mesmo día 9 formouse en Madrid unha *Xunta Provisional* formada por dez

62 Con data 6-3-1820 a xunta directiva, formada por Juan Ventura Galcerán como presidente, José Boado como secretario e Pedro de Santiago Palomares como vocal, remitiu á Xunta a acta de instalación da Sociedade Patriótica solicitando a aprobación dos seus estatutos. ARG. XS. C-40047-9. As Sociedades Patrióticas extinguíronse oficialmente por decreto do 21 de outubro, pero na práctica subsistiron co nome de Tertulias Patrióticas.

63 Oficio da Xunta Suprema de Goberno de Galicia á Xunta Provisional de Goberno de Ferrol polo que lle ordena formar unha comisión de investigación de varios individuos de Neda. 4-3-1820. ARG. XS. C-40049-5. Oficio da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta Suprema de Galicia solicitando a comparecencia do canónigo rector e do catedrático de Filosofía da Universidade literaria de Santiago. 7-3-1820. ARG. XS. C-40047-2. Oficio da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta Suprema de Galicia, informando de que o antigo deputado do Reino Antonio Reguera Villamil debe cesar a causa do seu pasado absolutista. 21-3-1820. ARG. XS. C-40047-14. Oficio da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta Suprema de Galicia, solicitando que se declare fora da lei ao xeneral Pol e se confisquen as súas rendas e a dos bispos e canónigos fugados de Mondoñedo e Lugo. 25-3-1820. ARG. XS. C-40047-17. Oficio da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta Suprema de Galicia, xustificando os seus obxectivos e a representación dos patriotas de Galicia. 29-3-1820. ARG. XS. C-40047-15.

64 Oficio da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta Suprema de Galicia, solicitando que se tome xuramento constitucional ás autoridades da vila de Viveiro. 20-3-1820. ARG. XS. C-40047-16. Oficio da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta Suprema de Galicia, proponendo que se cumpran os decretos dos comandantes das columnas voantes e se confisquen os bens dos infractores. 21-3-1820. ARG. XS. C-40047-12.

65 Oficio da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta Suprema de Galicia, aconsellándolle publicar os seus actos e o cargo e data da Tesourería Nacional na prensa. 23-4-1820. ARG. XS. C-40047-19.

66 «La guarnición y vecinos de la Coruña [...] principiaban a manifestar su inexplicable alegría con toda suerte de festejos públicos; cuando ¡ay! Una funesta nueva vino bien pronto a turbar sus espíritus, pasando de repente de la más viva alegría a la más mortal angustia. La paz que acababan de recibir venía firmada con la preciosa sangre del inmortal Acevedo muerto vilmente el 9 en Padornelo. ¡Pérdida grande para Galicia!». Urcullu, 1820 b:52.

67 A Gaceta do día 7 publicaba o decreto do día anterior no que Fernando VII manifestaba o seu propósito de celebrar Cortes «con arreglo a las leyes fundamentales de la Monarquía». Na do 8 de marzo figuraba xa o restablecemento da Constitución de 1812 e o monarca xuraba o día 9 no Salón de Embaixadores do Palacio Real de Madrid en presenza do Concello constitucional de 1814, restablecido polo monarca ante o tumulto que se orixinara días atrás.

68 R.D. de 9-3-1820 publicado na Gaceta ao día seguinte.

69 Acevedo faleceu como consecuencia das feridas recibidas en Padornelo loitando contra o exército realista do conde de San Román. Pouco despois a Xunta celebrará as súas exequias na Coruña.

persoas con funcións de goberno e asesoramento que actuará ata o 9 de xullo, cando Fernando VII xure a Constitución ante as Cortes.

O desexo da Xunta de Madrid era actuar como única, pero varias das provinciais, entre as que destacou a de Galicia, opuxéronse e continuaron actuando ata que se cumprise o último obxectivo: a xura do monarca ante as Cortes. <sup>70</sup> Así, entre as dúas Xuntas se produciu un intercambio de escritos de mutuas acusacións, pero a de Galicia continuou co seu propósito ata xullo.

«Habiéndose servido S.M. tomar en consideración las consecuencias tan funestas que debe producir el ejemplo de la Junta de Galicia en las demás provincias de la Península, y teniendo muy presente el efecto que hizo en las de Ultramar la formación en aquellas de las Juntas, que con motivo de la invasión de las tropas francesas se crearon en el año de 1808, a pesar de ser bien diferentes las circunstancias de uno y otro continente, se ha servido resolver que la Junta Provisional proponga los medios que estime más adecuados a fin de remediar los males en que recela S.M. ver sumergida esta nación si se generaliza en ella el sistema que adoptó la Junta de Gobierno de Galicia». <sup>71</sup>

Coa finalidade de facilitar o entendemento entre a Xunta galega e a madrileña, deciden na Coruña nomear a unha persoa da súa confianza para axilizar a comunicación entre ambas e, pouco despois, elixen a dúas persoas moi vinculadas coa Xunta como representantes galegos na Xunta madrileña.

«Con esta fecha [8-4-1820] facilita esta Junta de Gobierno a D. Joaquín Fondevila, residente en esa Corte para que pueda representar a S.M. y a V.E. ya por sí ya en unión con los diputados de otras provincias, todo cuanto se considere más útil y conducente al bien general, evitando por este medio las demoras inevitables a que da lugar la necesidad de consultas por falta de una inmediata inteligencia recíproca. Lo que presentamos a V.E. penetrados de que será de su agrado esta determinación». <sup>72</sup>

Reconociendo esta Junta que ningún medio es más propio para unir y estrechar el gobierno de S.M. con el de las Provincias que el de tener en la Corte uno o dos representantes por cada una, que tengan el carácter de miembros de las Juntas provinciales creadas por los pueblos de las mismas, que asociados a la que V.E. preside, ayuden y faciliten la más pronta y más conveniente expedición de las órdenes que S.M. se sirviese consultarla, acordó en sesión de hoy nombrar para tan delicada y honorífica legación a los señores D. José María del Busto, fiscal más antiguo de esta Audiencia territorial, y al Teniente Coronel de Aragón D. Manuel Latre, quienes partirán dentro de pocos días con los poderes más plenos y una respetuosa exposición de esta Junta para S.M. pidiéndole se sirva asociar a dichos vocales a esa hasta la reunión de Cortes por convenir así a su mayor bien y felicidad de la Nación». <sup>73</sup>

70 Galicia rexeitou a proposta da Xunta de Madrid de que as Xuntas provinciais se disolvesen e deixasen paso ás actuacións dos xefes políticos. Unicamente as Cortes terán o poder de eliminalas. ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.69-71. H-03-T.41.F.73-76.

71 Escrito do 8 de abril de 1820 de Antonio Porcel ao arcebispo de Madrid relativo ao temor polas repercusións das medidas adoptadas en Galicia. ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.135-136.

72 ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.134.

73 Escrito do 15-4-1820. ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.156.



Escrito da Xunta coa sinatura dos seus membros. 8-4-1820. Arquivo do Congreso de Deputados [H-03-T.41.F.134]

Outro punto destacado de enfrontamento da Xunta de Galicia coa de Madrid foi o do nomeamento do xefe político. Inicialmente e de forma interina, foi elixido para ese cargo o brigadier Ramón Losada e posteriormente Pedro de Agar,<sup>74</sup> a quen nomeou tamén capitán xeral, pero ante as protestas da propia Xunta de Galicia, que solicitaba que ese cargo o exercese Carlos Espinosa, Madrid aceptou o cambio.

«Que se encargue del Gobierno Político el Excmo. Sr. Presidente D. Pedro Agar, que en unión con la Junta lo ha ejercido hasta aquí desde el 22 de Febrero de este año, en lo cual se propone la misma complacer a S.M. y darle esta prueba de deferencia; y por lo que toca al mando del Ejército, habiéndose conferido por el pueblo en la mañana del 21 de Febrero al Coronel de Artillería D. Carlos Espinosa, que le cedió generosamente al inmortal D. Félix Acevedo, por cuya irreparable pérdida recayó nuevamente el mando en el referido Coronel Espinosa, que lo está ejerciendo a satisfacción del Ejército y del pueblo, se haga presente a S.M. por el conducto del Ministerio de la Gobernación, que parece a la Junta que no corresponde hacerse novedad en este mando, como dado por el pueblo y se le dan las más reconocidas gracias por el espíritu de unión con esta Junta, bien significado por S.M. en el hecho de haber querido reunir ambos mandos en manos de su benemérito Presidente, y que se traslade copia a la letra de esta acta a la Junta Provisional de Madrid con la exposición acordada».<sup>75</sup>

<sup>74</sup> R.O. de 25-3-1820. Gaceta de Madrid, 28-3-1820.

<sup>75</sup> Copia da acta do 1-4-1820 da Xunta de Goberno de Galicia enviada á Xunta Provisional de Madrid. ACD. H-03-T.41.F.78. Extenso escrito de Agar á Xunta de Madrid insistindo nos argumentos de que o cargo de capitán xeral debía corresponder a Espinosa. 26-4-1820. ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.153-155.

A xura da Constitución por Fernando VII o 9 de marzo no palacio real non dispou as dúbidas da Xunta de Galicia sobre a sinceridade do monarca, razón básica pola que continuará traballando e non se disolverá ata ver cumprido plenamente o seu obxectivo, pero marca un punto de inflexión na actividade da Xunta de Goberno de Galicia e consideramos que con este feito remata a súa primeira etapa.

## 5. A continuidade do labor da Xunta de Goberno de Galicia

Poucos días despois da aceptación da Constitución, Fernando VII engadiu un novo cargo ao presidente da Xunta de Goberno ao nomear a Pedro de Agar membro do Consello de Estado.<sup>76</sup>

Entre as primeiras medidas decretadas por Fernando VII tras xurar a Constitución en marzo estaba a de convocar eleccións municipais.<sup>77</sup> A Xunta, que xa establecera a nova organización de Partidos, completou a lexislación estatal coas instrucións publicadas o 13 de abril.<sup>78</sup> Así, no caso da Coruña, seguindo o procedemento establecido, primeiramente foron elixidos, entre o 16 e o 18 de abril, os electores correspondentes ás catro parroquias da cidade en número proporcional aos habitantes.<sup>79</sup> Tendo en conta que foran renovados os xuíces dos 47 Partidos xudiciais nomeando a partidarios do liberalismo, estas novas autoridades contribuíron a que tamén fosen liberais os que pasaron a ocupar os concellos constitucionais. Así, o novo concello coruñés iniciou o seu labor o 19 de abril e del formaban parte destacados liberais.<sup>80</sup>

Completando o proceso electoral, por R.D. de 22 de marzo, o monarca convocou Cortes ordinarias. En Galicia, Para organizar o proceso electoral creouse unha xunta,<sup>81</sup> presidida por Agar como xefe político, que publicou unha disposición o

<sup>76</sup> Agar xa desempeñara este cargo durante o período das Cortes de Cádiz. A recuperación deste organismo viña determinado pola aplicación do capítulo 7º, título 4º da Constitución gaditana. Os novos nomeamentos substituían aos que actuaran con anterioridade ao «día 9 del presente mes en que juré Yo la presente Constitución y quedan en la clase de jubilados, con el goce de todos los honores y sueldos que disfrutaban». Decreto do 18-3-1820. Gaceta de Madrid, 19-3-1820.

<sup>77</sup> «Para que el sistema constitucional que he adoptado y jurado tenga la marcha rápida y uniforme que corresponde, he resuelto, oída la Junta provisional, y conformándome con su dictamen, que en todos los pueblos de la monarquía se hagan inmediatamente las elecciones de alcaldes y ayuntamientos constitucionales, con arreglo en todo a lo prevenido en la Constitución política sancionada en Cádiz». Decreto do 9-3-1820. Gaceta de Madrid, 10-3-1820.

<sup>78</sup> ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.124-125.

<sup>79</sup> A parroquia de Santiago elixía 1, a de Santa María 2, a de S. Nicolás 6 e a de S. Xurxo 8. Os electores elixiron aos novos concelleiros e en acto presidido por Agar, quedou constituído o novo Concello, tomando posesión ao día seguinte. A documentación sobre o proceso, onde figuran numerosos escritos de Agar, en AMC. AC. C-2805.

<sup>80</sup> Baixo a presidencia de Pedro de Agar como xefe político superior da provincia, no novo Concello figuraban nomes tan destacados do liberalismo coruñés como Bernardo del Río, Tomás Domínguez de Soto, Ignacio Álvarez Peñaflo, Isidro Pérez, Andrés Molina, Martín de Torres Moreno, Francisco Gurrea, Ignacio Varela, Manuel González Díaz, Francisco Romeu, Juan Ventura Galcerán, Plácido Muñiz, Fernando Sánchez Gil, Antonio Benito Fernández, Juan Nepomuceno Ezcurdia e Francisco Ferrer Alba. AMC. AC. C-88, fol.1. Sesión do 19-4-1820.

<sup>81</sup> Formaban esta xunta: Tomás José Moreno, Joaquín María Suárez Villar, Andrés de Castro, Francisco Martínez Romero, Gerónimo Suárez, Francisco Ferrer y Alba, Ramón Varela de Pardiñas e Luis de León como secretario. ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.79.

1 de abril establecendo o reparto de deputados correspondentes a cada Partido<sup>82</sup> que se complementou cunha *Instrucción para las parroquias* publicada o día 5.<sup>83</sup> Para concienciar aos votantes da conveniencia de elixir ben aos representantes nas Cortes, Pedro de Agar publicou un longo manifesto o mesmo día 5 advertindo dos perigos de non votar aos defensores do réxime constitucional.

«Ilustres y valientes gallegos. [...] Creo deber advertiros que la base, el principio y el fundamento de la felicidad común del Estado, y de la vuestra en particular, que la Constitución os ofrece, consiste radicalmente en las buenas elecciones que hiciereis de diputados para las Cortes: ellos han de representar vuestras propias personas en el Congreso augusto de la Nación, y han de promover y labrar o vuestro bien o vuestro mal, según la ciencia y sentimientos que les animen. [...] ¡Considerad que transcendencia lleva consigo el momento en que dais vuestro voto para nombrar un diputado en Cortes!

Hay clases y personas decididamente opuestas, por desgracia, al sistema constitucional. [...] Buscad, os ruego, hombres amantes de la Constitución y creedme: guardaos mucho de dar ascenso a los que, con promesas, dádivas, u otras maneras tales de seducción y engaño, fiados en vuestra sencillez y religiosidad, pretendan aconsejaros y dirigir vuestra voluntad a favor de los que tienen un interés particular, separado del vuestro, y contrario al que se halla consignado solamente en la pura observancia de la Constitución».<sup>84</sup>

As eleccións celebráronse co sistema establecido<sup>85</sup> e o resultado foi o esperado pola Xunta de Goberno:<sup>86</sup> o rotundo éxito dos candidatos liberais, que desprazaron completamente os absolutistas. Entre os elixidos estaban dous membros da Xunta —o Marqués de Valladares e Estanislao Peñafiel— e destacados defensores

do sistema constitucional como José Alonso López, Antonio Quiroga Hermida, José María Moscoso ou Joaquín Fondevila.<sup>87</sup>

Durante os primeiros días de actuación da Xunta, ante o temor de que se beneficiasen da liberdade de prensa os contrarios ao movemento, o novo goberno de Galicia estableceu a censura,<sup>88</sup> pero unha vez calmados os ánimos e xurada a Constitución polo monarca, restableceu este importante dereito cidadán que estableceran e organizaran as Cortes de Cádiz.<sup>89</sup> O 7 de abril de 1820 estableceuse na Coruña a *Junta de Censura de la provincia de Galicia*, quedando instalada o día 9, data da súa primeira acta na que figuran os seus membros<sup>90</sup> e aos que se lles encargaba de velar que todo o impreso se axustase aos principios constitucionais.

«La Junta de Gobierno [...] considerando que en los primeros días de efervescencia en que el fuego patriótico abrasaba los nobles ánimos en el amor y rescate de la libertad nacional, podría fácilmente peligrar ésta, permitiendo la de la prensa por el abuso que en tales circunstancias se haría de ella, ha creído ser de absoluta necesidad para la salud del pueblo en la consecución del orden, suspender entonces el uso y vil ejercicio de la imprenta, sin embargo de ser una de las partes, acaso la más preciosa, de nuestras Leyes Fundamentales. Afortunadamente, en el día se han disipado las principales causas de temor, cesando los inconvenientes que hasta ahora contuvieron los deseos de la Junta, y por lo mismo acordó esta, en cumplimiento del artículo 371 de la Constitución, que se restablezca la libertad política de la imprenta en los términos que lo han dispuesto las Cortes».<sup>91</sup>

O 19 de abril de 1820 constituíuse o novo concello coruñés, unha vez que os seus membros xurasen a Constitución,<sup>92</sup> e poucos días despois redactou unha feli-

82 ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.86-87.

83 ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.79.

84 ACD. PRFVII. H-03-T.41.F.80-81. MP. Baltar. Impresos 4/5 n.12. Nas actas da Xunta recóllense varios casos de intentos de manipulación das eleccións por elementos anticonstitucionais: «Hechose presente en esta sesión que el barón de Casa Goda D. Lorenzo Vaquero, el presbítero Pardal, el abad de Vilaboa y otros sujetos de las villas de Pontevedra y Padrón son desafectos a la Constitución y al bien general que deben esperar los pueblos de su total observancia, y que se han distribuido en diversos pueblos con el fin de que las elecciones parroquiales fuesen hechas según su depravado intento, recayendo las de electores en personas de sus mismos intereses y opuestos al mismo sistema. Se ha resuelto autorizar a los jueces de primera instancia de Pontevedra y Padrón para que con el medio más sigiloso formen respectivamente la correspondiente averiguación con la más instantánea brevedad, y resultando criminales usen de su autoridad conforme a las leyes y a la Constitución, procediendo a la formación de causa y dando parte de lo que se adelante en estas averiguaciones por medio de testimonio». RC. LAXG. 7-5-1820.

85 O domingo 30 de abril estaban convocadas as eleccións nas parroquias; o 7 de maio as dos Partidos e o 21 de maio as da provincia. Os deputados dispoñían dun mes para presentarse en Madrid a tomar posesión do seu escano.

86 «Si en 1813 el sistema funcionó a favor de los absolutistas, en 1820 podía hacerlo a favor de los liberales. De eso se encargó Agar y Bustillo. [...] Con anterioridad fueron nombrados nuevos jueces para los 47 partidos judiciales, todos ellos absolutamente liberales. [...] Por si esto no fuera suficiente, hubo asimismo una remodelación de todos los ayuntamientos situando en ellos a los liberales. Con estas medidas precautorias no había nada que temer el resultado de las elecciones. Y así sucedió. [...] Desde el punto de vista político, los liberales hicieron las cosas con perfección, ya que *todos* los diputados eran liberales». Barreiro Fernández, 1982 a: tomo II:34-35.

87 Corresponderon a Galicia, como provincia única, 16 deputados e 5 suplentes. Publicación dos resultados en *Suplemento al Diario Patriótico Constitucional*, 22-5-1820.

88 Orde circular da Xunta Suprema de Goberno de Galicia prohibindo a impresión mentres non se establezan as xuntas de censura e nomeando a Joaquín Patiño e ao conde de San Juan como censores. 20-3-1820. ARG. XS. C-40046-7.

89 Artigo 371 da Constitución de 1812 e Decretos do 10 (regulamento) e 21 de xuño de 1813 (nomeamento dos membros da Xunta Suprema de Censura).

90 Esta xunta estaba formada por Joaquín Suárez del Villar como presidente, Benito Samaniego como vicepresidente, Francisco del Castillo, Gonzalo Mosquera e Luis Pulleiro como vogais e como suplentes Joaquín Baamonde e Antonio Tejada Vidal, actuando como secretario José Lucas Labrada. AMC. AC. XC. C-1 (2).

91 Comunicado de José María del Busto, no nome da Xunta de Goberno, do 5-4-1820 reproducido tamén en AMC. AC. XC. C-1 (3). Poucos días despois, o 17 de abril, a nova Xunta de Censura publicaba un manifesto, asinado por Joaquín María Suárez del Villar como presidente e José Lucas Labrada como secretario, no que explicitaba os seus obxectivos: «Que si por desgracia se deslizase alguno mal aconsejado, y enemigo del orden, contra la buena moral y divinos principios que nos ha enseñado N.S. Jesucristo; contra los respetables Ministros del Altar; contra las autoridades, o personas cualesquiera; mancillando su honor, fama y reputación, verá sobre sí todo el peso de la ley, sin el menor disimulo ni contemplación; pues debe tenerse entendido que todas aquellas expresiones que no tienen cabida, ni se deben verter en una reunión de gentes de honor y bien criadas, menos deberán sentarse ni tolerarse en los papeles públicos de cualquiera clase que sean». AMC. AC. XC. C-1 (2). Esta xunta de censura estivo activa ata o 14-1-1821 como consecuencia da aplicación do decreto das Cortes do 22 de outubro de 1820 cesando «en sus funciones y disponer la entrega de libros y papeles al secretario del Ayuntamiento» AMC. AC. XC. C-1 (3).

92 AMC. AC. LAAM. C-88, fol.1.

citación expresa á Xunta polo labor realizado.<sup>93</sup> Durante o mandato da Xunta foi estreita a colaboración entre as dúas institucións sobre todo tipo de temas.<sup>94</sup>

O Decreto de 25 de abril ordenaba a creación de Milicias Nacionais locais nas cidades capitais de provincia e partido tal como establecía a Constitución de 1812, labor que debían realizar os concellos.<sup>95</sup> O vocal da Xunta Suprema Juan Antonio de la Vega foi o designado para asistir á xunta que debía organizar as Milicias na cidade.<sup>96</sup>

Destacada preocupación da Xunta foi honrar a memoria de defensores do liberalismo que pagaron coa súa vida a defensa das liberdades. Tres mártires da causa mereceron unha especial atención da Xunta galega: Sinforiano López,<sup>97</sup> Félix Acevedo e Juan Díaz Porlier.<sup>98</sup>

A atención prestada a Sinforiano López estivo especialmente centrada en procurar socorro a seus fillos, misión para a que foi comisionado Juan Antonio de la Vega.<sup>99</sup> Atendendo a suxerencias da Sociedade Patriótica, xestionou para que puidesen escolarizarse nalgún colexio para fillos de militares e tratou de que se cumprisen as decisións da Xunta no referente ás pensións que foran asignadas aos orfos.<sup>100</sup>

Segundo consta na acta do 14 de abril, a Xunta comisionou aos vocais Carlos Espinosa e Javier Martínez para que dispuxesen todo o necesario para celebrar os

93 Sesión do 21-4-1820. AMC. AC. LAAM. C-88, fol. 4 v. «Expediente informativo de adhesión do Concello da Coruña á Xunta Suprema de Goberno de Galicia». 21-4-1820. ARG. XS. C-40046-31.

94 Ademais das actas do pleno do Concello, pode comprobarse esta relación nos múltiples oficios que se intercambiaron. AMC. AC. C-2574. Libro copiadador de oficios 1820.

95 Documentación sobre a organización das Milicias coruñesas de 1820 en AMC. AC. C-4951.

96 RC. LAXG. Sesión do 12-5-1820.

97 Sinforiano López Alía destacou na guerra contra os franceses e foi un firme defensor do sistema constitucional. Colaborador de varios diarios desta ideoloxía, tras o cambio político ao retorno de Fernando VII, en 1814 foi apresado en Santiago polos absolutistas e conducido ao cárcere da Coruña. En febreiro de 1815 intentou fugar pero fracasou, sendo xulgado e condenado a morrer na forca, previa degradación. Foi axustizado na Coruña o 13 de abril de 1815.

98 Igual que Sinforiano López, Juan Díaz Porlier destacou na defensa do trono de Fernando VII fronte ás tropas napoleónicas. En setembro de 1815 encabeizou na Coruña un levantamento para fozar ao monarca a xurar a Constitución de 1812, pero fracasou e foi detido, encarcerado e condenado a morte. Foi aforcado na Coruña o 23 de outubro de 1815. O triunfo liberal de 1820 permitiu que os seus restos fosen enterrados con honra nunha gran cerimonia disposta pola Xunta Superior de Galicia.

99 RC. LAXG. Sesións do 15-4-1820; 8-5-1820.

100 Durante un tempo a educación da filla maior de Sinforiano estivo nas mans de Luis Beltrán, veciño de Santiago, «pero que hallándose sin medios para cubrir los gastos de escuela tuvo que suspender esta parte de la educación y pide se le dé alguna cosa para seguir educándola». Ante esta situación, a Xunta solicitou do Intendente un informe «sobre las pensiones que la Junta tiene acordado distribuir a los hijos de D. Sinforiano López». RC. LAXG. Sesión do 17-5-1820. O Intendente actuou destinando aos fillos de Sinforiano unhas pensións que disfrutaban varios clérigos «previniendo asimismo tenga a disposición del Sr. D. Juan Antonio de la Vega las cantidades que pide por cuenta de los 44.000 y más reales que por virtud de la liquidación hecha resultan a favor del difunto D. Sinforiano López con el objeto de vestir y educar a sus hijos huérfanos [...]». Del mismo modo acordó nombrar a D. Baltasar de Tilve, vecino de Santiago, para velar sobre el cuidado, asistencia y educación de dichos huérfanos en poder de las personas que los han tenido hasta ahora a cuyo efecto se pase orden al Intendente para que ponga a su disposición 2.000 reales para subdividir entre las dos hermanas a fin de equipararlas, y en lo sucesivo disponga que se las asista con 6 reales diarios». RC. LAXG. Sesión do 8-6-1820. Sobre a liquidación das contas relacionadas cos fillos de Sinforiano López e xestións para aliviar a súa situación: ARG. XS. C-40047-30. Meijide Pardo, 1995:151-158.

funerais de Félix Acevedo<sup>101</sup> a quen, desde Padornelo onde foi abatido, levaron a Ourense para ser embalsamado, *disponiendo al mismo tiempo pasar un recado político al Administrador del Conde de Priegue, a fin de que franquee la capilla que tiene en el lugar de Anceis para depositar el cadáver*.<sup>102</sup> Alí permaneceu depositado durante oito días ata que pasou á fabrica da Palloza, trasladado nun coche que tamén cedeu o Conde de Priegue.<sup>103</sup> Tras arreglar o cadáver para podelo exponer ao público,<sup>104</sup> foi depositado na igrexa de Santa Lucía, de onde partiu a comitiva<sup>105</sup> o 29 de abril, presidida por Espinosa, da que formaban parte representantes da Xunta, Concello, Guardia Nacional e corpos da guarnición da Coruña. O cadáver foi colocado nun gran túmulo na igrexa de San Francisco, encargándose da oración fúnebre o franciscano José Verdes, un texto que a Xunta ordenou a súa publicación.<sup>106</sup> O Concello decretou tres días de loito.<sup>107</sup>

A Xunta sufragou os gastos orixinados no proceso de traída e sepultura do cadáver de Acevedo, do mesmo modo que fará cos relacionados coas honras dedicadas a Porlier.<sup>108</sup> Convertido en héroe da liberdade, o 23 de agosto as Cortes o declararon a Acevedo *Benemérito de la Patria* en grao heroico e o 19 de maio de 1822 acordaron que seu nome fose inscrito no Salón de Cortes.

Para o terceiro dos heroes que a Xunta quixo honrar, Juan Díaz Porlier, decretou primeiro a exhumación do seus restos para levalos despois, nunha gran manifestación, a ser novamente enterrados con honor na capela de San Roque e dispoñer

101 Con datas do 14 e 15 de marzo de 1820, a Sociedade Patriótica enviaba un oficio á Xunta con suxerencias sobre o funeral e a erección dun monumento na súa honra, así como abrir unha subscrición popular para os gastos orixinados. ARG. XS. C-40047-4, 5.

102 RC. LAXG. Sesión do 14-4-1820.

103 Urcullu, 1820 b: 105-106. RC. LAXG. Sesión do 25-4-1820.

104 Para eliminar parte do hedor que desprendía e deixalo presentable para expoñelo ao público foron necesarios «tres días de impropio trabajo, empleando simples balsámicos, polvos de leños y gomas aromáticas, y cubrió después todo el cuerpo con un vendaje comprensivo de una tela encerada. Como la cara había sufrido algún detrimento, faltaba un pintor que acabase de perfeccionar la obra. D. Tomás Erosa, profesor de pintura y Capitán de la Milicia Nacional, fue quien se prestó voluntariamente a desempeñar este engorroso trabajo, quedando de tal modo el cadáver, que parecía verdaderamente que acababa de expirar». Urcullu, 1820 b:107.

105 «El criado de Acevedo, en traje conveniente, conducía del diestro el caballo del héroe, triste como el caballo de Palante, con la montura, bastón y espada de su dueño pendientes de arzón, y sobre la silla tendida la levita que llevaba cuando fue herido, teñida en sangre». Urcullu, 1820 b:109.

106 «Pídase al Guardián de San Francisco un manuscrito del sermón que predicó en las exequias del benemérito comandante general D. Félix Acevedo para disponer su impresión. Se acordó igualmente se le den las gracias y que por secretaría se le den dos mil reales para las urgencias de su comunidad». RC. LAXG. Sesión do 2-5-1820. «El Guardián de San Francisco presentó la oración fúnebre que en el entierro del benemérito comandante general D. Félix Acevedo dijo de orden de la Junta para que se imprima. Se acordó comisionar al Sr. D. Juan Antonio de la Vega, vocal de la Junta, para su impresión». RC. LAXG. Sesión do 29-5-1820. Verdes, 1820.

107 AMC. AC. C-7198. Libro copiadador de Bandos. 28-4-1820.

108 Contas presentadas por María Janela (9 e 16 de maio, ); por Juan Benito de Trioste (2 de xuño); por Vicente García (5 de xuño); por Benito Sanjurjo (6 de xuño). Por servizos prestados nos actos de honra de Acevedo a Xunta felicitou a Tomás Fernández Erosa polos traballos realizados co cadáver e pola cesión do cadro que se puxo no catafalco (10 maio) e premiou a José Velasco coa primeira escribanía de Xinzo «en consideración a los señalados méritos y al particular que contrajo al paso por aquella villas del benemérito Comandante General D. Félix Álvarez Acebedo» (2 de xuño). RC. LAXG. Sesións correspondentes.

unha cerimonia no Campo da Forca na que se queimou simbolicamente este instrumento de morte tan empregado polo vingativo Fernando VII contra os liberais.

«De orden de la Junta Superior de esta provincia, pasaron al anocheecer del día 8 de Abril a la exhumación de los restos del general Porlier [...]. Conducido el cadáver a una de las oficinas del Parque de Artillería de San Amaro, lo colocaron a breves días en una preciosa urna [...]. La Junta de Gobierno dispuso que el día 4 de Mayo del corriente año de 1820 fuera el destinado para las exequias [...]. Llevo el cadáver a la capilla de San Roque [...]. A las 9 ya estaba la tropa sobre las armas y acordonada. Presentose entonces el Comandante general D. Carlos Espinosa, con el estado y plana mayor del ejército, y rompió la marcha de esta forma [...]. Al llegar el carro frente a la horca, que por disposición superior se había fijado en el paraje de costumbre, y delante de la cual estaba dispuesta una grande hoguera, y al pie de ella dos ejecutores públicos; hizo alto el acompañamiento. [...] El infame patíbulo [...] vino al suelo entre las repetidas voces de *caiga, caiga* ...y al punto se vieron salir volando seis blancas palomitas con tres cintas nacionales y esta inscripción: VIVA EL TRIUNFO DE LA LIBERTAD.

Ardió la horca prontamente y así quedaron desagraviados los ilustres manes de Porlier y de otros muchos que en otras partes fueron víctimas del terrible despotismo [...].

Siguió el acompañamiento con gran pausa, solemnidad y pompa por las calles señaladas [...] hasta llegar a la iglesia de PP. Agustinos [...] y D. José Antonio Escario dijo la oración fúnebre».<sup>109</sup>

A petición dos deputados galegos, as Cortes aprobaron que o rei emitise o Real Decreto de 25 de setembro de 1820 polo que ordenaba inscribir no salón das Cortes os nomes de Juan Díaz Porlier e Luis Lacy.

O 4 de maio enviou o Concello un escrito á Xunta solicitando a súa adhesión á petición que desexaba facer ás Cortes para que se eliminase do título da cidade a lenda de «Muy Leal» porque ese título foi concedido por unha R.O. de 5 de setembro de 1817 pola suposta resistencia da cidade á sublevación de Porlier. A Xunta respondeu afirmativamente ao día seguinte indicando que faría a solicitude ás novas Cortes, pero a lenda continuou vixente, aínda que perdeu o seu significado inicial co paso do tempo.<sup>110</sup>

Unha nova iniciativa da Sociedade Patriótica foi ben acollida pola Xunta e o Concello: substituír os nomes dos Cantóns por Porlier e Lacy<sup>111</sup> e a rúa Real por Acevedo<sup>112</sup> colocando as respectivas lápidas. O acto tivo lugar o 23 de maio, presidido por Agar, acompañado dos membros do Concello, da Xunta e numeroso público que presenciou la *salva triple al descubrir las tres lápidas en que se leían los nombres de los Generales Acebedo, Porlier y Lacy, tirando 15 cañonazos al descubrirse cada una de ellas*.<sup>113</sup>

<sup>109</sup> Pacheco y Vermúdez, 1820:4-10.

<sup>110</sup> ARG. XS. C-40046-33.

<sup>111</sup> Luis Lacy intentou un pronunciamento en 1817 a favor da Constitución, pero fracasou e foi fusilado no castelo mallorquín de Bellver o 5 de xullo dese mesmo ano.

<sup>112</sup> ARG. XS. C-40047-20.

<sup>113</sup> RC. LAXG. Sesión do 23-5-1820. AMC. AC. LAAM. C-88, fols. 39-40.

Outra tarefa destacada da Xunta foi a de intervir en asuntos da xustiza actuando principalmente en tres ámbitos: remprazando a funcionarios arrestados por realistas e nomeando de forma interina a outros simpatizantes da Xunta para non atrasar o labor xudicial;<sup>114</sup> creando unha Comisión Suprema de Xustiza<sup>115</sup> atendida por destacados liberais, e depurando a numerosos xuíces realistas que foron substituídos por outros afíns á causa liberal, aplicando as directrices establecidas na circular do Secretario de Graza e Xustiza de 1 de abril para sancionar os contrarios á Constitución. Neste labor a Xunta estivo moi auxiliada pola Sociedade Patriótica que, en numerosas ocasións, indicaba á Xunta accións a seguir,<sup>116</sup> pero tamén por particulares cando detectaban ou sospeitaban de actos contrarios e/ou conspiracións anticonstitucionais.<sup>117</sup>

Noutros ramos da administración tomou a Xunta medidas similares, especialmente en Facenda e Correos, e no libro de actas existen numerosas referencias a postos a cubrir nestes ámbitos (administradores, interventores, condutores...).<sup>118</sup>

<sup>114</sup> Tres exemplos dos moitos que se poden atopar nas actas da Xunta: «La Junta, teniendo en consideración los servicios hechos por D. Manuel Suárez de los días 21 de febrero de este año en esta capital y sucesivamente en la ciudad de Santiago, villa de Noya y su partido despidiendo mucho caudal propio para la reunión de milicianos a la justa causa, ha resuelto nombrarle y conferirle la administración de aquellos estados [Monterrei] secuestrados y vacantes por muerte de D. Antonio Peón y Barrio». RC. LAXG. Sesión do 2-6-1820. «Vista una instancia de D. Pedro Antonio Taboada en solicitud de que se le confiera la procuraduría vacante en el partido de Lalín y en vista de lo informado por el juez de primera instancia se acordó que en consideración a los méritos y circunstancias que concurren en dicho Taboada y a su buen desempeño, se le nombra en calidad de interinamente y hasta la aprobación del superior gobierno. RC. LAXG. Sesión do 5-6-1820. El Excmo. Sr. Jefe político superior en papel de 6 del actual traslada el parte que le da el alcalde presidente del Ayuntamiento de San Julián de Poulou relativo al nombramiento hecho para secretario del mismo en el licenciado D. Antonio Sánchez, abogado del Tribunal Superior de la Provincia en virtud de sus conocimientos y servicios, solicitando la aprobación de dicho nombramiento; y la Junta acordó acceder a ello. RC. LAXG. Sesión do 8-6-1820.

<sup>115</sup> A Xunta rexistraba no seu libro de actas a comunicación do xente do Tribunal Superior da Provincia conforme tomaran posesión dos seus cargos como maxistrados da Comisión Suprema e Xustiza os destacados liberais Miguel Belorado, Pedro Vermúdez del Villar e José Álvarez Pestaña. RC. LAXG. Sesión do 14-4-1820.

<sup>116</sup> Proposta da Sociedade Patriótica da Coruña á Xunta proponendo medidas para que se confiscasen os bens dos infractores. 21-3-1820. ARG. XS. C-40047-12. Ídem informando que o deputado Antonio Reguera Villamil debe ser cesado a causa do seu pasado absolutista. 21-3-1820. ARG. XS. C-40047-14. Ídem solicitando que se declare fóra da lei ao xeneral Pol e se confisquen as súas rendas e as dos cóengos fugados de Mondoñedo e Lugo. 25-3-1820. ARG. XS. C-40047-17.

<sup>117</sup> Un exemplo foi o de Antonio Ferro Caaveiro, que denunciou unha posible conspiración anticonstitucionalista en Santiago. Talvez se tratase dalgún dos que participaron no fracaso do intento de conspiración liberal liderada en marzo de 1817 por Francisco Ferro Caaveiro. Sobre esta conspiración: Barreiro Fernández, 1985.

<sup>118</sup> Instancias relacionadas co ramo de Correos: RC. LAXG. Sesións do 14-4-1820; 17-4-1820; 23-4-1820; 1-5-1820; 14-5-1820; 15-5-1820. A Xunta analizaba os expedientes, solicitaba asesoría se era preciso e dictaminaba a favor, en contra ou deixaba a decisión ata contar con máis datos. Seleccionamos un exemplo de cada caso: «A la instancia presentada por Antonio Deschamps solicitando la plaza de conductor supernumerario de Correos de esta plaza, se acordó acceder a su solicitud, y que al efecto se pasen las órdenes correspondientes». «Que a la otra [instancia] presentada por D. Antonio Fernández de la Bara y Camino, administrador de Correos de la ciudad de Santiago, solicitando la plaza de interventor de la administración de Betanzos, o la de oficial 4º agregado a la primera para su hijo D. José, se acordó se le tenga presente cuando se trate de provistar las plazas de Correos». «D. Felipe Rivadulla solicita la plaza de oficial 5º de la administración principal de Correos de esta ciudad. No ha lugar». RC. LAXG. Sesións do 14 e 15-4-1820.

«Se provistaron algunos empleos vacantes, e inexcusables en el mismo ramo [Facenda] y en el de Correos [...] escogiendo para ellos las personas que se han considerado acreedoras, o por sus conocimientos o por su adhesión y servicios a favor de la Santa causa. Pero conteniéndose la Junta dentro del círculo de la moderación que fue su constante divisa, se abstuvo de provistar otros que no creyó de tanta urgencia y se hallaban vacantes unos y abandonados otros por la fuga de sus regentes».<sup>119</sup>

Outra importante decisión da Xunta foi a de ordenar que todos os caudais ingresasen nunha única tesourería.

«Consultando a la mayor economía hizo reunir las Administraciones de rentas de Santiago en las casas de la extinguida Inquisición con ahorro de los gruesos alquileres de las que antes llevaban por arriendo, y en los bajos de aquéllas se hizo colocar con igual objeto la Administración de Correos».<sup>120</sup>

A Xunta contou coa inestimable colaboración en Santiago de José Fernández Neira<sup>121</sup> a quen encargou importantes misións. Así, comisionouno para que levase a cabo a liquidación das rendas da Inquisición e da ocupación do edificio no que estivera instalada, *manifestando al propio tiempo verbalmente el propio comisionado la distribución de piezas que ha hecho para la colocación de las oficinas de Rentas, Correos, Junta de Farmacia y Ayuntamiento de Sar. [...] También se ha aprobado la distribución de las piezas del edificio principal entre las corporaciones que van citadas, a quienes se pase la orden conveniente para que se remuden luego que queden expeditas, cuyos gastos de arreglo se satisfarán por cuenta de la existencia que tenga el administrador tesorero de la extinguida Inquisición*.<sup>122</sup> A decisión da Xunta non foi doado levala á práctica polas varias trabas que se puxeron desde diferentes institucións, incluída a propia Dirección de Correos.<sup>123</sup>

Para acondicionar os locais da extinguida Inquisición para os novos destinos houbo necesidade de realizar obras e xurdiron numerosos problemas que debía solucionar Fernández Neira:<sup>124</sup> demoler zona de calabozos, acondicionar os novos

<sup>119</sup> Junta de Gobierno, 1820:21.

<sup>120</sup> Junta de Gobierno, 1820:21.

<sup>121</sup> Destacado e comprometido libreal, fora secretario da Xunta Surema do Reino de Galicia durante a ocupación francesa. Exiliado en 1814, retornou a Galicia en 1820 confiándolle a Xunta importantes misións que desempeñou con acerto e, como recompensa, foi nomeado primeiro oficial da Deputación da Coruña.

<sup>122</sup> RC. LAXG. Sesión do 19-5-1820.

<sup>123</sup> «Visto oficio de la Dirección general de Caminos y Correos fecha 24 del próximo pasado, [...] en que se queja y pide a dicho señor comandante general contribuya a que no se lleve a efecto la providencia de la Junta para que se traslade la Administración de Correos al edificio que fue de la Inquisición por los inconvenientes que expresa. Acordó la Junta que pase al comisionado D. José Fernández Neira para que informe a vuelta de correo sobre el particular». RC. LAXG. Sesión do 2-6-1820.

<sup>124</sup> «Otra [exposición] de D. José Fernández Neira, comisionado para el arreglo del extinguido tribunal de Inquisición de Santiago en que manifiesta la reclamación que le han hecho los catedráticos de Farmacia sobre los perjuicios que se siguen con la concesión hecha al Ayuntamiento de Santiago del agua perteneciente al edificio de dicha Inquisición, proponiendo al mismo tiempo la demolición de un tramo de calabozos que aún subsisten en aquel, para evitar que en un edificio público ocupado por oficinas nacionales aparezcan vestigios de cárceles». RC. LAXG. Sesión do 4-7-1820.

despachos das oficinas, dificultades relacionadas coa condución de auga....<sup>125</sup>

Encargou tamén a Xunta a Fernández Neira a ocupación das temporalidades do arcebispo compostelá por abandono da diocese, así como as de varios clérigos, dispoñendo a súa venda e entrega á tesourería de Galicia, ademais de varias actuacións relacionadas co voto de Santiago. Outra destacada actuación de Fernández Neira estivo relacionada coa compra dunha imprenta para imprimir os numerosos traballos da Xunta.<sup>126</sup>

A falta de recursos dificultou permanentemente a acción da Xunta e tivo enormes dificultades para conseguir regularizar os ingresos. Así laiábase desta situación o presidente Agar en xullo de 1820:

«La Junta Superior de Gobierno [...] observa con pesar una vergonzosa apatía en el pago de los tercios vencidos por contribuciones ordinarias.

¿Qué es esto? ¿Qué idea podrá concebirse al observar un descuido semejante que dice tan visible contradicción con el noble ardor manifestado en toda Galicia por recobrar el orden, la prosperidad pública y la seguridad de todo lo bueno con la firme consolidación del sistema constitucional? [...]

Vuestros sentimientos de patriotismo, de humanidad y de amor al orden, reprenden amargamente vuestra negligencia, comprometen por otra parte vuestra inmarcesible gloria, y dan una ocasión desagradable a la malignidad para negar vuestro heroísmo, o para poner en duda vuestra noble perseverancia.

La Junta ha procurado vuestros alivios. Minoró la contribución directa; abolió algunas indirectas; os liberó de las exenciones pretextadas con la Estadística; en fin, hizo cuanto pudo por favorecer una Provincia tan digna de ser libre y feliz. Corresponded vosotros a tan nobles fines. Satisfaced vuestros atrasos en contribuciones ordinarias, cooperad así a la consolidación de vuestra libertad [...]. ¿Daréis ocasión a los apremios y medidas siempre opresivas y desagradables? [...] La Junta os pide encarecidamente y con el mayor ardor la libertéis de pensar en acudir a tales extremidades».<sup>127</sup>

<sup>125</sup> RC. LAXG. Sesión do 8-7-1820.

<sup>126</sup> Para elixir a mellor e máis conveniente, Fernández Neira fixo unha convocatoria pública para que os donos das imprentas interesadas presentasen as súas ofertas, pero xurdiron numerosas dificultades tras a primeira decisión de mercar a de Francisco Rey Romero. RC. LAXG. Sesións do 17, 24 e 28-5-1820. Mediante escrito dirixido á Xunta, Manuel María Vila, impresor en Santiago, solicitaba continuar encargándose dos traballos de impresión, tal como fixo coas Xuntas anteriores (1808-1814) e «se acordó que atendidos los servicios prestados en la época que cita y deseos de continuación en la actualidad y operarios que le convengan para tomar a su cargo las impresiones que se ofrezcan a las autoridades de esta capital y Diputación provincial». RC. LAXG. Sesión do 7-6-1820.

<sup>127</sup> P. de Agar. *Pueblos de Galicia: la Junta Superior de Gobierno, que cuida ...* Coruña, 6-7-1820. MP. Baltar. Impresos 4/5 n.17. Unha das causas do atraso na recadación das contribucións estaba na reforma administrativa realizada pola Xunta: «El Intendente manifiesta que la peligrosa lentitud con que se paga la contribución es el estar hecho el repartimiento de cupos a los pueblos por jurisdicciones, según antes estaban formadas, y el haberse éstas deshecho ahora para renovarse en partidos, como lo están, en cuya renovación parroquias que antes eran de una jurisdicción, y por consiguiente sujetas a la distribución parroquial de que conocía el juez de la misma, pasando al conocimiento de otro y el administrador que avisa o reclama el pago de cuyo total se halla con que algunas parroquias que ya pertenecen a otro juzgado [...] y que para el pago de la contribución no se tenga como novedad la hecha en la estructura política de los pueblos, sino que siga el orden antiguo». RC. LAXG. Sesión do 31-5-1820.



A pesar desta dificultades, a Xunta non deixou de atender a colectivos especialmente sensibles, caso das viúvas, pensionistas e inválidos relacionados coa milicia.

«Acordó igualmente la Junta que sin embargo de haber resuelto que solo se satisficiesen los créditos vencidos desde 21 de febrero atendiendo al retraso y escaseces que sufren algunas clases se haga respectivamente un pago a las que siguen: Los Dispersos del Ejército y Marina. Los Inválidos y retirados de Marina. Las viudas del Montepío Ministerial. Las pensionistas de Guerra y Hacienda. Las viudas y pensionistas de Marina. Las viudas del Montepío de Oficinas. Las cinco provincias Marítimas. Las asignatarias de Ultramar.<sup>128</sup>

Esa endémica falta de recursos económicos ameazaba con afectar a ámbitos tan sensibles para a poboación como a sanidade, polo que a Xunta tratou de aplicar medidas preventivas para evitar a mortalidade causada pola expansión de enfermidades contagiosas.<sup>129</sup> As dificultades e as múltiples fronteiras que actuar atrasaron a instalación da Xunta de Sanidade e ata que non se constituíse tomáronse medidas urxentes para evitar a entrada e expansión de enfermidades contagiosas.

Vista la exposición que hizo a esta Junta el médico titular y encargado de la sanidad de este pueblo D. Luis Pulleiro sobre las medidas que deben tomarse contra todo contagio, con lo más que expresa; se acordó que respecto no se hallaba establecida la Junta Superior Provincial de Sanidad, y dudando que lo estén las subalternas de partido, considerando por otra parte que en lo adelantado de la estación es extraordinariamente urgente esta medida, ha dispuesto se pase inmediatamente orden al Excmo. Sr. Jefe político de la Provincia para que sin pérdida de momento haga se ponga en ejecución lo prevenido en el artículo 11 cap. 2º de la instrucción de 23 de junio de 1813 y para que no haya dilación en la instalación de la Junta Superior de Sanidad, además de los vocales natos se nombran por individuos de ella en calidad de vecinos a los Sres. D. José Arias, del comercio de esta plaza; a D. Bernardo del Villar, y a los facultativos D. Luis Pulleiro y D. Antonio Pacheco».<sup>130</sup>

128 RC. LAXG. Sesión do 24-4-1820. No libro de actas son numerosas as peticións relacionadas con solicitudes de pensión e/ou algún tipo de pago co que aliviar a situación económica da demandante. Pero non sempre a Xunta puido acceder ao solicitado, abundando tamén respostas negativas deste tipo: «[Se dio cuenta] de una instancia de las viudas cuyos maridos sirvieron en los Correos Nacionales, en solicitud de que el administrador de Correos satisfaga a cada individuo la limosna que se les estaba señalada cada año. Se acordó no tener lugar por ahora a esta solicitud». RC. LAXG. Sesión do 16-5-1820. «D. Antonia Fernández, viuda con tres hijos, pide una limosna. La Junta no puede socorrerla». RC. LAXG. Sesión do 6-6-1820. O 20 de abril comunicaba o Intendente á Xunta que o Departamento de Ferrol recibira cen mil reais para pagar a retirados, inválidos, viúvas e pensionistas. ARG. XS. C- 40041-10.

129 A falta de recursos económicos incidiu moi profundamente na expansión da epidemia que no verán de 1820 afectou a Mallorca, un feito que foi moi difundido pola prensa e do que se fixo eco a Xunta: «Tampoco ignoráis el peligro que amenaza a la salud pública, si por falta de recursos vuestros hermanos de Mallorca no son socorridos, y perecen, engrandeciendo el horrible contagio de que son víctimas». P. de Agar. *Pueblos de Galicia: la Junta Superior de Gobierno, que cuida ...* Coruña, 6-7-1820. MP. Baltar. Impresos 4/5 n.17.

130 Entre as medidas adoptadas estaba reforzar o control do contrabando polo que tiña de perigo na introducción de novas enfermidades: «Y por cuanto uno de los mayores riesgos de la salud pública consiste en la introducción de géneros de contrabando [...] se hace necesario recurrir a arbitrios más seguros para alejar de las costas de Galicia los muchos buques, así nacionales como extranjeros, que se emplean en este género de fraude por su ilícito comercio. Acordó asimismo [...] que la galera .... se

Para paliar os efectos do contrabando —na dobre consecuencia económica e sanitaria— a Xunta analizou propostas presentadas por particulares e pola Xunta de Comercio da Coruña<sup>131</sup> e atendeu peticións formuladas desde diferentes puntos de Galicia sobre medidas a adoptar cos produtos capturados procedentes do contrabando.<sup>132</sup>

Era obriga dos concellos atender ás necesidades básicas dos presos pobres que se custodiaban nos seus cárceres, pero a pésima situación de moitos deles e a escaseza de recursos municipais fixo que, en varias ocasións, os alcaldes se dirixisen á Xunta solicitando a habilitación de arbitrios cos que poder facer fronte aos gastos orixinados pola manutención dos presos. Tamén os xuíces de primeira instancia, aos que lles correspondía determinar a pobreza dos reclusos, dirixiron escritos á Xunta na mesma liña dos alcaldes.<sup>133</sup>

Na actuación da Xunta de Goberno da Galicia existen abundantes datos que mostran como soubo agradecer servizos realizados en defensa da orde constitucional premiando, de diferentes modos, o apoio prestado, sempre que este estivese debidamente xustificado.<sup>134</sup> Entre os premios máis habituais estaba a concesión de postos na xudicatura,<sup>135</sup> en establecementos relacionados con Facenda<sup>136</sup> ou cargos

arme y apreste con la mayor brevedad y se ponga a disposición de la Junta mandada por el capitán ... sujeto de entera probidad para que pueda desde luego recorrer la costa, vigilar y perseguir a todo buque contrabandista y precaver al mismo tiempo todo riesgo y contagio a la salud pública». RC. LAXG. Sesión do 8-6-1820. «Se ha visto el papel que dirigió a la Junta el Sr. Jefe político de esta Provincia acerca del servicio que deben hacer las dos lanchas cañoneras que se han destinado a este puerto y costa de la Provincia para atender a la sanidad y evitar el contrabando». RC. LAXG. Sesión do 3-7-1820.

131 Por exemplo, a proposta presentada por Salvador Riera para armar un buque para cortar as liñas habituais do contrabando e varias da Xunta de Comercio da Coruña que incluíron a publicación dunha normativa específica. RC. LAXG. Sesións do 17-4-1820, 30-4-1820, 15-5-1820, 18-5-1820.

132 Por exemplo, as precaucións sobre o sal acumulado en Ourense para evitar a súa venda fraudulenta, ou as medidas sobre carga apresada en Sada. RC. LAXG. Sesións do 4-5-1820 e 5-5-1820.

133 RC. LAXG. Sesións do 15-4-1820 e 1-5-1820. O problema era grave e así o manifestaba: «La Junta reconoce como una de las necesidades más urgentes de la Provincia la manutención de los presos que existen en las cárceles y señaladamente en la de Betanzos, cuya situación es extremadamente delicada» e, no caso desta cidade, a Xunta aceptou, como solución provisional, a proposición do concello de sufragar os gastos dos presos con parte da recadación do arbitrio do sal. RC. LAXG. Sesións do 11-5-1820 e 15-5-1820.

134 Para evitar abusos «D. Vicente Pardo y Patiño y otros, piden no sea creída ninguna relación de sujetos beneméritos en los acontecimientos del 21 de febrero como no sea presentada por quien saben los señores Espinosa y más vocales de la Junta, que comprobarán los servicios de los interesados». RC. LAXG. Sesión do 5-4-1820.

135 «Se ha visto una instancia producida por el licenciado D. Antonio Ballina, juez que ha sido del partido de las Achas, en solicitud de unas judicaturas de primera instancia; y la Junta en consideración a los servicios que tiene prestados a favor de la causa nacional, acordó concederle la del partido de Viana del Bollo. Del mismo modo ha concedido a D. Juan Manuel Espada de Paizás, juez actual del partido de Orense, la de Maceda de Limia en el mismo distrito». RC. LAXG. Sesión do 14-4-1820.

136 «Después de un maduro examen que hizo la Junta, teniendo por principio fundamental lo resuelto por las Cortes en 12 de abril de 1812, recomendando el nombramiento de empleados públicos de todas clases en personas conocidamente amantes de la Constitución política de la monarquía española [...] hace en esta sesión los nombramientos siguientes [...]: Para la primera plaza de vista que resulta vacante en esta Administración por fallecimiento de D. Manuel Villar, a D. Juan Vicente Vázquez, oficial 3º de la contaduría de la misma Administración [...]. Para la plaza de vista 3º asimismo vacante por fallecimiento de D. Cornelio O'Rian, a D. Ignacio Varela, patriota que tanto se ha distinguido por el restablecimiento del sistema constitucional [...]. Para la plaza de oficial 3º de la Administración general y contaduría de Aduanas, que queda vacante por ascenso de D. Juan Vicente Vázquez, a D. Juan Gó-

políticos;<sup>137</sup> compensando desagravios debidos a situacións sufridas pola defensa constitucional;<sup>138</sup> concedendo certificados acreditativos da actuación en defensa da Xunta e do que ela representaba;<sup>139</sup> permitindo lucir distintivos especiais;<sup>140</sup> colocando ao solicitante nun posto de traballo<sup>141</sup> ou recoñecendo publicamente unha acción ou dedicación especialmente significativos para a marcha da Xunta, caso, por exemplo, dos servizos que permitiron á Xunta facer fronte ás iniciais dificultades económicas.

«Tomó la Junta en consideración los particulares servicios de [...] D. Joaquín Suárez del Villar. [...] Porque sin este empleado al frente de la Hacienda pública en la Provincia hu-

mez-Gai, por sus servicios en defensa de la justa causa nacional. Para las plazas de ministros montados de la visita de salinas [...] a los patriotas D. Jacobo Varela y D. Vicente del Moral por sus distinguidos servicios. Para las de dependientes de a pie de la misma ronda de salinas en la Coruña, a D. Vicente Pardo Pacífico, D. Joaquín Silvar, D. Tomás Acebedo, D. Pedro Abad y Saavedra, D. Antonio Carballo y D. Manuel Sánchez Abeledo». RC. LAXG. Sesión do 14-5-1820. «Nombramiento de D. Bernardo Cobán para administrador de rentas de Padrón [...] en atención a los méritos que contrajo el agraciado, y su adhesión al nuevo sistema». RC. LAXG. Sesión do 12-6-1820. Expedientes para o nomeamento de cargos en Facenda: ARG. XS. C-40041-9, 15.

137 «Acordó la Junta nombrar a D. Nicolás de Castro, vecino de Vigo, para secretario del Jefe político del distrito de Orense en consideración a sus particulares servicios contraídos a favor del sistema constitucional». RC. LAXG. Sesión do 23-5-1820. Oficio da Xunta ao Xefe político comunicando o nomeamento en ARG. XS. C-40046-36.

138 «D. Agustín Ramón Fernández y Taboada, Fiel de Rentas de Tuy, hace presente que por conexiones que tiene con un oficial del Ejército Nacional de la Isla, se halla despreciado y mal visto por sus jefes y por los eclesiásticos de aquella ciudad, pidiendo en consecuencia se le remude de ella. En su vista acordó la Junta acceder a su solicitud y que se oficie al Intendente». RC. LAXG. Sesión do 17-4-1820. «Fr. Adriano Flores, monje profeso del monasterio de Osera, se presentó en esta ciudad exponiendo a esta Junta que hallándose arrestado en su monasterio por intrigas de sus hermanos los monjes, en que permaneció cuatro años sufriendo muchas vejaciones, hasta que pudo fugarse de tan horrible prisión, y suplicando se mande que dicho monasterio le asista con diez y seis reales diarios ínterin no sea secularizado. Se acordó pasar la orden conveniente al general cisterciense por medio del P. prior para que socorra a este religioso con diez rs. diarios mientras obtiene su secularización». RC. LAXG. Sesión do 15-5-1820.

139 «Instancia de D. Agustín de Antelo, vecino de esta ciudad, en solicitud de que la Suprema Junta se digne darle una certificación que acredite su adhesión al nuevo sistema, en atención a los grandes sacrificios que tiene hechos en la preparación de la grande empresa de nuestra libertad. Se acordó se le diese el certificado que solicita por los Sres. a quienes constan los servicios de este interesado. RC. LAXG. Sesión do 16-5-1820. «Fr. Juan Antonio de Llerena, religioso del convento de Conjo, solicita pasar a Madrid a sincerarse ante aquella Junta consultiva o el Rey de los agravios e imposturas que por espacio de ocho años le hicieron padecer en una prisión, y al mismo tiempo un atestado que acredite su porte e ideas de que está poseído. Acordó la Junta se le expida el correspondiente pasaporte y el atestado que sirva de testimonio a sus virtudes patrióticas». RC. LAXG. Sesión do 26-5-1820.

140 «Considerando que las beneméritas tropas, jefes y oficialidad que han contribuido tan eficazmente a la restauración del orden constitucional no han recibido empleos, grados ni otras recompensas, deseosa de dar a tan bravo y virtuoso Ejército un testimonio público del eminente servicio que hizo a la patria, ha resuelto [...] que los jefes y oficiales que lo componen [...] lleven, a imitación de los valientes de la isla de León, el distintivo de la faja que usa esta Guardia Nacional de la capital de Galicia y la tropa un escudo de los mismos colores con un lema que diga: Galicia 21 de febrero de 1820». RC. LAXG. Sesión do 20-6-1820.

141 «D. Isidro Morado manifiesta sus patrióticos servicios y pide en consecuencia que se coloque en cualquiera destino en que la patria lo necesite. Y la Junta acordó se tendrán en cuenta sus méritos». RC. LAXG. Sesión do 25-4-1820. «D. Luis Ferreira, maestro de sastre de esta ciudad, solicita que por sus méritos patrióticos se le dé algún destino, o en su defecto una cantidad moderada que remedie la estrechez en que se halla. La Junta ha significado ya a este interesado su deseo de hacerle bien en la manera que ha pedido». RC. LAXG. Sesión do 6-6-1820.

quiera sido muy difícil a la Junta allanar tantos y tan poderosos obstáculos como se oponían por todo género de combinaciones y malas intenciones a la recaudación y religioso pago de las inmensas obligaciones así de la Provincia como de todo el reino cubiertas por la Junta desde el memorable día 21 de febrero. Que para calificar con exactitud la exquisita actividad, celo e inteligencia de este empleado basta la simple observación de haber podido esta Junta llenar sin gravamen ni vejaciones durante su gobierno atenciones de gran consideración, sin haber hallado más recursos el día de su instalación que los cortísimos que resultaron. Que habrían sido vanas e ilusorias las providencias de esta Junta relativamente a la recaudación y giro de los haberes públicos, sin la infatigable laboriosidad, consultas y propuestas incesantes del Intendente interino. Por último, que para darle la Junta una pequeña muestra en nombre del pueblo gallego de sus muchos merecimientos se le comuniquen por su secretario estas declaraciones, pues que por ellas resulta ser acreedor de justicia a las demostraciones debidas a los buenos servidores de la patria».<sup>142</sup>

A dimensión deste artigo non permite analizar con detalle o elevado número de temas que a Xunta abordou durante os meses do seu mandato.<sup>143</sup> Os asuntos de carácter económico ocupan gran parte das actas, especialmente os relacionados con problemas relativos ás contribucións,<sup>144</sup> sendo tamén frecuentes as queixas de veciños polo que consideraban irregular ou inxusto repartimento das cargas tributarias.<sup>145</sup> As reclamacións de salarios impagados, de atrasos debidos e de facturas pendentes de liquidación son tamén abundantes, resolvendo de diferentes modos as situacións, pois a escaseza de fondos sempre dificultaba ou mesmo impedía poder atender a todas as necesidades e solicitudes.<sup>146</sup> A Xunta ocupouse tamén de solucionar problemas dos comerciantes e transportistas (permisos, autorizacións para a venda de determinados produtos, concesión de asentados...), así como de resolver as innumerables solicitudes de cambios de destino, ascensos e permisos que figuran en case todas as actas, así como dos variados asuntos relacionados co persoal das reais fábricas de moeda de Xubia e a de tabacos da Palloza,<sup>147</sup> sen esquecer o interese posto para estender o coñecemento da Constitución entre toda a poboación, con especial interese nas escolas.<sup>148</sup> Con

142 RC. LAXG. Sesión do 8-7-1820. O 15-12-1820 foi presentado á Deputación Provincial de Galicia un expediente informativo sobre o recoñecemento dos méritos patrióticos dos individuos que participaron no alzamento do 21 de febreiro de 1820 e a súa provisión en diversos destinos do Ministerio de Facenda. ARG. XS. C-40046-44.

143 Unha mostra desa incansable actividade da Xunta é a abundante correspondencia, da que se conserva unicamente unha parte: ARG. XS. C-40041-59, 68. ARG. XS. C-40046-4, 9, 12, 13, 14, 16, 17, 18, 19, 20, 34, 36, 42. ARG. XS. C-40047-2, 4, 5, 6, 8, 12, 14, 15, 16, 17, 19, 23, 25, 26, 29, 31, 32, 34, 37, 39, 40, 41, 44, 45, 46, 47. ARG. XS. C-40049-5, 14, 15, 16, 21, 22. Realizou tamén expedientes de varios tipos (informativos, de publicación, de xura da Constitución...): ARG. XS. C-40049-2, 4, 23, 24. ARG. XS. C-40046-6, 10, 22, 26, 31, 32, 33, 35, 37. ARG. XS. C-40047-30, 35, 36, 42.

144 Entre as numerosas referencias a temas de contribucións (atrasos na recadación, morosidade nos pagos, solicitudes de exencións...): RC. LAXG. Sesións do 20, 25-4-1820; 1, 11, 12, 31-5-1820; 2, 12, 13-6-1820; 3-7-1820.

145 RC. LAXG. Sesións do 19-4-1820; 1, 5-5-1820; 2-6-1820.

146 RC. LAXG. Sesións do 5-6-1820; 7, 8, 12, 16, 19, 25, 26, 29, 31-5-1820; 2, 5, 6, 8-6-1820; 3, 4-7-1820.

147 RC. LAXG. Sesións do 15, 17, 25-4-1820; 5, 8, 26, 28, 29-5-1820; 2, 3, 5, 6, 8-6-1820.

148 RC. LAXG. Sesión do 12-5-1820.

esta síntese evidénciase que a Xunta actuou como un activo Goberno durante o tempo a súa vixencia.

Para cumprir coa súa nova misión como deputado, o vocal da Xunta Diego Muñoz Torrero despediuse con agradecemento dos seus compañeiros *no solamente por la libertad que le procuró en los primeros días de su gloriosa instalación, asociándole desde aquel mismo momento a la noble empresa comenzada de conquistar para toda la nación española el sistema constitucional, sino también por haberle dado así ocasiones continuas de ser un testigo presencial de cuantos trabajos, amarguras, afanes y desvelos incesantes ha sufrido y sufre aún por llevar a cabo la grande empresas que fiaron a su cuidado el Ejército y Provincia entera de Galicia*. Os membros da Xunta despedírono con estas palabras: *Lleva V.S. en pos de sí los votos más ardientes de esta Junta, del Ejército y de la Provincia de Galicia por su persona y por la consumación de la grande obra que emprendió con otros hijos beneméritos de la madre patria*.<sup>149</sup>

## 6. A autodisolución da Xunta de Goberno de Galicia

O 9 de xullo de 1820 xuraba o monarca Fernando VII ante as Cortes, na súa sesión inaugural, a Constitución de 1812. Ese mesmo día quedaba constituída na Coruña a Deputación Provincial de Galicia con Pedro de Agar como presidente.<sup>150</sup> Resultaba obvio que a Xunta de Goberno deixaba de ter razón de existir e, polo tanto, ese mesmo día suspendeu as súas funcións, unha vez alcanzado o seu obxectivo final, aínda que agardando a disolución definitiva para cando recibisen as oportunas ordes das Cortes.

elixir quen había de xestionar os recursos comunitarios. Erguer e alicerzar unha cultura política liberal é o obxectivo, e iso inclúe tamén unha ampla relación de elementos simbólicos como cancións, cores, mártires ou datas de memoria, é dicir, todo o que axuda a crear identidade política compartida.<sup>9</sup> En fronte a oposición é feroz da banda dunha cultura política realista debedora de conceptos e prácticas ancoradas na cultura política tradicional (e, xa que logo, de doada comprensión polo común das xentes), e que conta cos mellores auxiliares nos milleiros de eclesiásticos espallados polo país maiormente decantados a prol dun realismo que asegura seu sustento económico e seu monopolio intelectual.<sup>10</sup> A loita será sen cuartel porque trátase de dúas cosmovisións antagónicas,<sup>11</sup> e se ben é certo que a política económica e relixiosa xerou descontento ao chocar cos preceptos da economía moral e co respecto polos pastores espirituais, non o é menos que a comezos de 1823 o liberalismo estaba a gañar a partida militar logo da expulsión a Francia da rexencia de Urgell e de varios milleiros de realistas, e que só a chegada dos 100.000 dou folgos ao absolutismo para reconquistar un territorio que tiña practicamente perdido.<sup>12</sup>

O «pueblo bajo» de que fala Oliván máis arriba, cando menos en parte o mesmo apelado polos liberais,<sup>13</sup> xoga tamén seu papel na fin do Trienio. Faino, máis unha vez, por acción, por omisión e por unha actitude que a falla dun termo máis acaído podemos denominar aceptación. A acción está presente en Galiza, verémolo, coas partidas armadas realistas que desde cedo aparecen na raia de Portugal e que logo de mediados de 1822 agroman por toda a xeografía do país, mais con ser esta súa presentación máis espectacular non é a máis decisiva, senón a que se sitúa nos apoios urbanos, vilegos e rurais que ten o realismo, pouco identificados aínda pola investigación mais de presenza indubidábel e que fanse presentes segundo avanza os 100.000 e o «Ejército de la Fe» que os acompaña. A prensa destes anos, galega e foránea, está chea de referencias a estes alicerces realistas, ao igual que de críticas a unha poboación que na súa perspectiva non participa co entusiasmo que sería mester a prol das novas institucións: estaríamos aquí diante da omisión.<sup>14</sup> Polo que fai á aceptación da nova orde de cousas que se debuxa a partires do 7 de abril de 1823 (a data de entrada dos franceses), e agás que fagamos caso acriticamente dos voceiros realistas que falan de poboacións exultantes

9 Canal e Moreno, 2009. Pérez Ledesma e Sierra, 2010. La Parra, 2009. Canal, 2008. Reyero, 2017.

10 Caron e Luis, 2015. García Monerris e Escrig, 2017. Rújula e Ramón, 2017.

11 Barreiro, 2016:15, e 2008.

12 Así o recolle a bibliografía máis actual, se ben é unha idea xa presente en reflexións moi anteriores: Escalera e González, 1864:555. Villa-Urrutia, 1931:20. Quintana, 2010:232, 254, 286-287.

13 Só en parte porque o discurso liberal (intelectualizado, escrito e cheo de conceptos novidosos) diríxese máis a unhas pouco recoñecibles «clases medias» alfabetizadas, que a un pobo entendido en senso extenso e que incluíría á «plebe» e ao «populacho», ao que pola contra o discurso absolutista chega con facilidade por coñecido desde antigo, por ser máis oral ca escrito e por non incluír conceptos novos que precisen explicación. Por iso folletos realistas de 1824 claman contra dos «Médicos y cirujanos / Boticarios y plumistas / Los mas son antirrealistas...», e contra de «pagesos» e menestrais que fan un mal uso da súa habilidade lectora. Ver: Lumeras, 1824:8, e *Constitución...*, 1824, respectivamente. En xeral, Fernández Sebastián, 2005, 2006 e 2013.

14 Un exemplo serían os «constitucionales de pega» que denuncia o DCC (9.10.1820), que arriman o tizón á súa sardiña mais sen queimárense nin comprometérense.

5 Oliván, 1824:90-92, 97-98.

6 Santillán, 1996:103. Tamén, López Castrillón, 2018.

7 Miraflores, 1834:23-31; Fernández de Córdoba, 1886, t. I: 31. Rico y Amat, 1861, t. II:10.

8 Na liña da cidadanía como «experiencia» que teorizan Ogien, 2019 ou Breaugh, 2019. Ver, tamén, Lagroye, 2003.

pola restauración absolutista,<sup>15</sup> semella prudente partillar dun san escepticismo de partida e que logo a pescuda sitúe, ata onde sexa posíbel, ese entusiasmo no seu xusto lugar.

## 2. Prensa, folletos e esfera pública

Ata 14 xornais recolle o profesor Barreiro tirados na Galiza do Trienio: dez en A Coruña, tres en Compostela e un en Vigo, co que a cidade olívica engádese á relación porque antes ningún xornal houbera alí.<sup>16</sup> A concentración é evidente, e debuxa dous polos moi activos que o viñan sendo xa desde 1808.<sup>17</sup> Sinalar as obvias dificultades de comunicación interna nesta Galiza de 1820-3, algo obrigado, non implica que só nestas localidades houbera acceso á prensa, porque non é así. Sen poder precisar máis por falla de pescudas, sabemos da presenza de subscritores a algúns destes xornais en varias vilas do país, e non só a eles porque outros tirados en Madrid, Barcelona, Cádiz ou Palma de Mallorca, chegan tamén ata aquí como demostran as novas que inclúen de informais correspondentes situados en localidades como A Coruña, Lugo, Vigo, Compostela, Tui, Ourense, Barco de Valdeorras, Meira, Celanova, Vilanova de Arousa, Mondoñedo ou Viveiro.<sup>18</sup> A mesma sociedade patriótica coruñesa, consciente da importancia que para o espallamento do ideario liberal ten a prensa, pon sobre da mesa a posibilidade de tirar unha cabeceira diaria ou semanal (DCC, 13.08 e 17/12/1820), unha idea xa expresada antes pola Deputación Provincial Única de Galiza e que se repite no madrileño *El Constitucional* (15/04/1821): hai que erguer un xornal barato que acompañe na labor proselitista ao catecismo constitucional que xa existe, único xeito de socializar as ideas liberais por unha poboación que fóra das cidades (cita a Ferrol, A Coruña, Compostela e Vigo) apenas se ten coñecemento delas.<sup>19</sup>

15 O avance contrarrevolucionario acompáñase do agromar de xornais absolutistas, unánimes ao salientar o contento das poboacións coas tropas francesas «libertadoras», no que constitúe unha curiosa reviravolta a respecto de 1808-1814. Exemplos en *El Procurador General del Rey* (24/06/1823) ou *El Restaurador* (6/07/1823). «Queremos un rey absoluto y libre sin más trabas ni restricciones que las que le ponga su conciencia», escribía o concello de Santiago en 20/08/1823 (cit. en Chao, Romero Ortiz e Ruiz de Quevedo, 1849:21). Tamén, Vázquez, 1824:22.

16 Barreiro, 2007:174. É o *Semanario patriótico de Vigo*, de 1823; González, 2017.

17 López e Aneiros, 2008.

18 Veiga, 2017:215-217. A Sociedade Patriótica coruñesa recibe os madrileños *El Constitucional* e *El Universal*, o Momo asturiano e o francés *Le Constitutionnel* (DCC, 16/12/1820). Novas de Galiza no *Correo constitucional de Palma* (CCP), o *Diario constitucional de Barcelona* (DCB) ou o *Diario mercantil de Cádiz* (DMC), levan a pensar que estas cabeceiras chegan ao país, sen dúbida «per loca maritima». A *Miscelánea de comercio, política y literatura* [Miscelánea] (10/02/1821) fala explicitamente do seu correspondente n'A Coruña, e cartas recollidas polos madrileños *El Espectador* [EE] (6/06/1821), *El Imparcial* [EI] (25/05/1822) ou *El Universal* [EU] (12/12/1821, 22/05/1822, 7 e 14/08/1822) dan a entender que recibíanse na cidade coruñesa, en Compostela, en Ourense e en Vigo porque asínanas subscritores. En 26/06/1820 e 2/10/1820, o DCC informa dos laios dos seus subscritores polo adiado que lles chega o xornal. Subscritores hainos en Compostela (1/09/1820), Viveiro (25/07/1820), Ribadavia (9/09/1820) ou Camariñas (12/11/1820).

19 Arquivo do Reino de Galiza (ARG), Deputación Provincial Única, atado 5334-4, 14/07/1820. A comezos de 1822 só se tira en Galiza o *Diario constitucional de La Coruña* e o bisemanal *Fiscal de los Jueces* (EI, 20/02/1822). Indícase que de non subcribirse a Deputación e algúns concellos por varios exemplares, corren o perigo certo de fechar, e tamén que a súa circulación é eivada e escasa. A Deputación

De atender só ao número de xornais é claro que a súa capacidade informativa é escasa, mais aquí entra en escena unha práctica das sociedades antigorreximentais anterior ás formas burguesas de lectura individualista e introspectiva: a lectura colectiva, grupal e comentada de todo tipo de escritos, en especial da prensa.<sup>20</sup> Deste xeito, a audiencia dun xornal multiplícase grazas á presenza dun único comprador ou subscritor que partilla con outros contidos e mensaxes.<sup>21</sup> É certo que tal práctica é de imposíbel cuantificación e que cómpre non esaxerar seu impacto, mais iso non pode levar a ignorala e a continuar coa argumentación, gastada por repetida, de que o analfabetismo ou as dificultades de acceso á lectura impiden ao común das xentes participar dos debates políticos, simplemente porque non é certo. A oralidade segue a ser un compoñente central da experiencia popular, e a afirmación de que para participar na política non se precisa saber ler senón escoitar, unha realidade con máis percorrido do que os historiadores adoitamos concederlle. E o que se di para a prensa serve para as ducias de folletos publicados nestes anos,<sup>22</sup> sen esquecer outras canles informais de circulación de novas que sabemos existen porque alúdese a elas constantemente nos periódicos: a correspondencia particular e as informacións que van e veñen cos viaxeiros, singularmente cos maragatos que conectan Galiza coa Meseta.<sup>23</sup> A isto cómpre engadir os esforzos das autoridades para que súas ordes e comunicados cheguen a todos os recunchos: a obriga é lelas á saída da misa dominical e expoñelas nos


de A Coruña accede a mercar 400 exemplares á semana, que repartirá entre os concellos (Arquivo da Deputación Provincial de A Coruña [ADPC], Actas, L666, 17/10/1822). O catecismo aludido pode ser o *Catecismo político cristiano constitucional para instrucción de la juventud española*, publicado na imprenta coruñesa de Iguereta en 1820. A nivel de Estado, o xornal *El Universal* semella produto dunha iniciativa oficial (Arquivo Histórico Provincial del Lugo [AHPL], Concello, Actas, at. 104, 15/05/1820).

20 Miñano, 1994:31. Sanz, 2005. Goody, 1987 e 1996. Arnabat, 2003. Botrel, Infantes e López, 2003. Seoane, 2014. Ferrera, 2014. Lyons, 2010. Martínez Martín, 2005. Simiz, 2012. Tavares, 1999. Fernández Domingo, 2011. Como lembra Burdiel (2019:172), aínda en 1868 a lectura pública do xornal practicábase entre as cigarreiras coruñesas.

21 Chao, Romero Ortiz e Ruiz de Quevedo, 1849:765. Quintana (2010:192) láias do éxito das *Semblanzas* satíricas dedicadas aos parlamentarios de 1820-1, motivado porque «leíanse sus artículos en voz alta con risa y algazara». No café coruñés «León de Oro», nos días de correo, xúntanse os liberais ler xornais nacionais e estranxeiros (Colexio Notarial de A Coruña, Arquivo Histórico de Protocolos: protocolos de Gerónimo Suárez, 8331, 6/05/1822, fs. 133-134v). Nos balbordos ourensáns de decembro de 1821, quéimase o «asiento donde acostumbrábamos sentarnos a leer los papeles públicos» (EE, 18/12/1821). O xefe político de Vigo denuncia en 1823 que non todos os alcaldes fan a lectura do *Semanario Patriótico* que se lles remite (González, 2017:206).

22 Ao estilo de *Proezas de Galicia, explicadas bajo la conversación rústica de los compadres Chinto y Mingote*, de José Fernández Neira, publicitado no madrileño EU (26/05/1820), ou do *Diálogo entre Dominjos e Farruco, sobre administración de Xusticia da sua aldeia*, Santiago de Compostela, Rey, 1820. A forma dialogada responde á adaptación escrita do xeito tradicional oral de coñecer e transmitir novas. Exemplos de folletos en galego, en Mariño, Barreiro e Aneiros, 2008. Os realistas foron moi conscientes do dano que as publicacións liberais baratas fixeron á súa causa (*Constitución...: 5*).


23 É tal o «comercio de mentiras» entre Galiza e Castilla polos «arrieros», que EU (9/07/1820) reclama aos xefes políticos rematar cos «rumores» que asolagan as rotas comerciais. Os ruxerruxes interesados obrigan ás autoridades a facer desmentidos oficiais: faino o xefe político superior ao negar en abril de 1821 a presenza de tropas invasoras en Galiza (Puente, 1821 a:49, 59, 61), o concello mindoniense ao sinalar como falso que o goberno prohibise... plantar patacas (Arquivo Municipal de Mondoñedo [AMM], Concello, Actas, at. 960, 6/12/1821), ou o bispo de Tui ao desmentir que as autoridades obri-guen a facer un xuramento «cívico» que inclúe desobedecer ao Papa (*Miscelánea*, 7/02/1821). Sobre o tema, Ploux, 2003. Martischang, 2015.



lugares de costume, e para iso chegan a realizarse milleiros de copias coas que garantir a presenza de ata unha por parroquia.<sup>24</sup>

Menos impacto, porén, ten outra norma tamén alicerzada na oralidade como é a de ler e explicar a Constitución ao remate da misa dominical así como en escolas, seminarios e noutros centros de ensino. O xefe político superior de Galiza exprésase con claridade en 1820, 1821 ou 1822: moitos cregos non fan a explicación. E cando a realizan, non ben dan a reviravolta pasan botar pestes contra da «maldita constipación» en conversas e confesionarios. Non fallan, asemade, os que aseguran que son os fregueses os que, no intre de comezar a explicación, marchan do templo, ou os que indican que idéntico comportamento teñen os

<sup>24</sup> Así se fai co bando do xefe político de Galiza José María Puente do 13/02/1821, se ben noutras ocasións as copias redúcense a unha por concello (16/12/1821).



eclesiásticos asistentes, sinal do seu afastamento das ideas liberais.<sup>25</sup> Polo que fai á repercusión das pastorais en senso constitucional dos prelados, tivo que ser reducida porque de todos os galegos só un, o tudense Juan García Benito, tomou en serio e con ganas a encomenda, mentres que os demais ou nada fixeron ou, cando as elaboraron, encheron súas frases de «ambigüedades estudiadas» e de «dobleza».<sup>26</sup> A pastoral de Azpeitia, bispo de Lugo, é un prodixio de capacidade para criticar a situación mais sen empregar verbas propias senón argumentos saídos da boca de Pío VII: os «escritos que se extienden» poñen en perigo súas

<sup>25</sup> Bandos do xefe político superior de Galiza (26/10/1820, 18/04/1821, 30/06/1822). DCC, 22 e 26/06/1820. AHPL, Actas, at. 104, 26/10/1820 e 4/11/1820. Puente, 1821a: 33, 39 («maldita constipación») e 45-49. Barreiro, 2016:125-127. Con todo, si hai cregos en Galiza que fan a lectura: Boedo, 1860:4. AHPL, Actas, at. 104, 18/10/1820. AMM, Disposicións recibidas, at. 2221-1, 26/06/1821 e 8/07/1821. *Diario de Sesiones de las Cortes* (DSC), 30/11/1822:822. DCC, 1 e 27/07/1820. Meijide, 1983:107-109. Dufour, 1991:209-210.

<sup>26</sup> Barreiro, 2016:127-130. En xeral: Dufour, 1991. Teruel, 1996. Barrio, 2017.

ovellas, hai que queimar os libros de «perversa doutrina», hai que destruír as publicacións «antirreligiosas»... Non lle vai á zaga un decrepito arcebispo Múzquiz á beira da morte (falece en 1821) na súa pastoral de 1820, coas alusións aos «semisabios» que falan sen saber, as advertencias aos seus subordinados respecto dos perigos dunha explicación «parafrástica» da Constitución ou súas críticas aos «filósofos» e ás «producciones del día».<sup>27</sup>

Outro espazo coa palabra como protagonista son as sociedades patrióticas (logo faladoiros) que agroman nalgunhas vilas e cidades. Como no seu día defendeu Martínez Marina, trátase de informais cátedras de discusión aberta, mais a diferenza dos templos espallados por todo o territorio nos que resoan sermóns, seu rango de acción cínquese aos espazos urbanizados o que pon límites á súa capacidade de propaganda e de socialización liberal.<sup>28</sup> Hainas, cando menos, en A Coruña, Vigo, Ferrol, Lugo, Compostela e Mondoñedo.<sup>29</sup> No DCC queda constancia da vitalidade da coruñesa situada na póla exaltada dun liberalismo que se gallaba con rapidez, sempre vixiante coas institucións e disposta tanto á denuncia de actitudes anticonstitucionais como á defensa de iniciativas a prol das liberdades e reformas. Súa capacidade para influír na vida política da cidade quedou clara, por exemplo, no apoio ás medidas do xefe político José María Puente en abril de 1821 (desterro a Canarias de 42 sospeitosos de anticonstitucionais), na oposición ao goberno de Bardaxí-Feliú ou na resistencia á destitución de Espoz y Mina como capitán xeral a final dese ano, mais tamén semella evidente que os arrabaldes da cidade constituían o *limes* da súa influencia.<sup>30</sup>

A escrita e, sobre todo, a palabra pónense a dispor do espallamento popular dunha cultura política liberal que, porén, atopa importantes atrancos para súa socialización, en parte polos escasos medios dispoñíbeis, en parte polo dificultoso de chegar a unha poboación numerosa e de hábitat espallado, en parte porque as actuacións non sempre responden aos degoiros das xentes e en parte polas voces contrarias que atopa no seu camiño e que contraatacan con forza. Mais que anacos desta mensaxe chegan á poboación, e que o fan alén dos habitantes urbanos, semella claro se atendemos aos comentarios dos opostos ás reformas que

27 Azpeitia, 1821. Múzquiz, 1820. DCC, 3-12/07/1820 («ambigüedades» e «doble»); García Benito, 1820, 1820 a, 1821, 1822. As pastorais de García Benito rebordan de preceptos constitucionais, mesmo con sutís toques sociais que o sitúan nun liberalismo de esquerda, mais seus cregos boicoteano todo canto poden (Puente, 1821 a:39). O mesmo lle acontecía ao bispo de Mallorca (Barrio, 2011:147). A do tudense é unha conversión émula da de San Pablo, porque nunha pastoral de 1816 militaba claramente no absolutismo (García Benito, 1816).

28 Martínez Marina, 1820. Máis crítica é a opinión dunha das *prima donnas* destes cenáculos nos anos do Trienio, Alcalá Galiano (1913:364): «causaron algún mal, aunque no al punto que suele suponerse, y ningún bien». Quintana (2010:67) cualificaas de «muy exaltadas»; Rico (1861:22) de prexudiciais e Miraflores (1834:49) de «asquerosas reuniones». En xeral, Gil Novales, 1975. Ferrera, 2014:219-250. Un exemplo de faladoiro con lectura pública da prensa (o de Cartagena), en DCB, 16/11/1821.

29 DCC, 14/06/1820; Biblioteca do Real Consulado de A Coruña (BRCC), Actas da Xunta de Goberno de Galiza, 21/04/1820; Flórez, 1820; *Estatutos de la Sociedad Patriótica Constitucional de Mondoñedo*, 1820; AMM, Actas, at. 959, 1/08/1820; *Estatutos de la Sociedad Patriótico-Constitucional de Lugo y lista alfabética de sus individuos*, 1820.

30 Puente, 1821 a: 87. DCC, 15/05/1821 (consultado na Real Academia Galega [RAG], Papeis de Miguel Pardo Bazán, 478/22 e 370/33), 29/11 e 11/12/1821. EE, 24/06 e 29/12/1821. *El Eco de Padilla* (EP), 28/11/1821. DCB, 13, 14 e 25/12/1821. EU, 22/12/1821. EI, 27/12/1821. Romero Masiá, 2005:64-68.

agroman coa fin do Trienio, que lembran horrorizados o incontrolado aumento naqueles anos da opinión pública que destruíra o monopolio exercido ata entón polas autoridades civís e relixiosas, precisado agora dunha reconstrución previa a imprescindíbel purga.<sup>31</sup> Neste senso cómpre lembrar a Real orde de 10/10/1823, que obriga á realización de misións relixiosas para recuperar ovellas perdidas por efecto tanto dos escritos como das conversas informais nas casas, nas prazas, nos adros das igrexas e nos cafés.

Na Compostela de 1827 Sánchez Couceiro lembra a «chusma de folletos» espaxados entre 1820-1823, en tanto que o anónimo autor do *Manifiesto* que conmemora en Vigo o restablecemento do absolutismo, rememora os esforzos que fixeran os liberais para espallar o sentimento constitucional, en especial con actos públicos para facerse co espazo civil. Nun sermón apocalíptico, o cóengo tudense Vazquez Bazán refire os danos que a «voz» dos filósofos provocou entre a xuventude coas conversas en cafés, en «corrillos» e con cancións insultantes (o «Trágala»), de xeito que mesmo xente iletrada ousaba entón «hablar» contra da igrexa.<sup>32</sup>

Ademais, e isto é o que máis inqueda ás autoridades postTrienio, as brasas seguen vivas. Así se indica nos *Ocios de españoles emigrados* (22/01/1826) publicado en Londres, onde se recolle que na España de 1825 a «política» está en todas as bocas («aun los pordioseros»). A idea confírmase con fontes internas nada sospeitosas de parcialidade liberal. O subdelegado de Policía de Ourense, en 1827, afirma que continúa a haber «catequistas revolucionarios» que participan de «lecturas» prohibidas; o bispo de Mondoñedo, en 1829, chama a destruír os libros e folletos pestíferos «que sabemos circulan», e se ben na súa diocese son poucos os enganados, uns «pocos bastan para corromper toda la masa», unha idea na que recunca en 1830. En 1825 é o de Lugo quen sinala seu descontento cun rabaño alborotado polas malas ideas; en Ribadeo, no entroido de 1826, os liberais alí agrupados fan unha mascarada con «morrones y chapas» do tempo do Trienio protexidos por «algunos vecinos» nada realistas, ao tempo que os «malos» da vila reciben correspondencia de «traidores» refuxiados en Inglaterra, que se chama a recoller os libros e folletos prohibidos (de J. Bentham e autores portugueses) e que se prohiben as reunións en casas particulares nas que se conspira coa desculpa do xogo.<sup>33</sup> Mesmo sen querelo, as pastorais contribúen a espallar ideas e autores

31 A mesma dureza represiva logo de abril de 1823, é un sinal de que había moito que depurar porque a cultura política liberal botara unhas primeiras raíces entre a poboación: Príncipe, 1848:487-8, 520. Miraflores, 1834:209, 220-221. Fernández de Córdoba, 1886:97. *La España del siglo XIX*, 1886:305-306. Amarillas, 1978, v. II:274. *Recetas* ..., 1823 (aforcar ao liberal impío, envelenar ao exaltado, queimar aos masóns, insultar ás «damas de cinta verde», poñer recoller bosta aos frades constitucionais...).

32 Príncipe, 1848:519. Sánchez, 1827:4. *Manifiesto* ..., 1823. Vázquez, 1824:11-12, 15. O papel das cancións, en Nagy, 2019. Ranch, 2014. Fuentes, 2014. La Parra, 2009. Fuster, 2012. Tamén, *El Restaurador* (3/12/1823: voluntarios realistas entoan unha cantiga anticonstitucional contestada a golpes por un grupo de soldados), e *Documentos del reinado de Fernando VII*, 1966:177 (en xullo de 1829 cántase o «Trágala» en Palencia).

33 Arias, 1827. López Borricón, 1829:16, 37 e 1830. Sánchez Ranjel, 1825. Arquivo Municipal de Ribadeo (AMR), Actas, at. 29, 3/03/1826. Correspondencia, at. 1103, 6 e 8/10/1824; at. 1104, 17/02/1827. Aínda nunha data tan tardía como 1836, lémbrense os moitos infestados polos malos libros dos tempos do Trienio e polas «seductorales conversaciones de los impíos» (Reguero, 1836:81). Á continuidade do liberalismo nas cidades costeiras refírese Rújula, 1998:132. En xeral, Barrio, 2017 a.

liberais porque para negarlles validez non teñen outra ca nomealos, o que podería espertar a curiosidade dos ouvintes por afondar nunhas e coñecer aos outros.<sup>34</sup>

### 3. Milicianos nacionais «sindicados de sospechosos (y) republicanos»<sup>35</sup>

Nada máis comezar decembro de 1821, e de novo en febreiro de 1822, na cidade de Ourense, os milicianos voluntarios están a piques de seren linchados pola poboación. Insúltanos alcumándoos de «republicanos», bérnanlles «fuera morriónes», ameázanos de morte, queiman o obradoiro dun, arrojan pedras ao secretario do concello por ser voluntario, escachan as fiestras dos seus domicilios, entran en varios e fanse con armas, morrións e uniformes e, ao remate, obríganos a fuxir da cidade (tamén ao xefe político, que contempla como saquean o edificio do goberno político), todo en medio de procesións co retrato de Fernando VII que logo exhíbese na fachada do concello coa lápida constitucional ao seu carón ladeada, dando a entender «que iba a caer».<sup>36</sup> A milicia nacional, na lóxica do discurso constitucional, representa o ideal do cidadán armado que ofrece seu tempo e se acaso súa vida na defensa das novas institucións, e iso convértease no «coco» dos realistas e na súa vítima preferida. Nas dúas formas que coñece (a «legal» e a «voluntaria»), compañías de milicianos agroman en Galiza desde mediados de 1820. De acordo coa legalidade, milicia nacional local debe haber en todos os concellos, dado que son estes os encargados da súa erección e organización, mais imaxinar que isto fose posíbel nun país que chega a contar con 615 en xuño de 1821 era xa non utópico senón imposíbel.<sup>37</sup> Saber cantas agrupacións milicianas érguense nestes anos esixiría unha busca exhaustiva polos arquivos locais e municipais. Dun xeito máis modesto, unha cala na prensa, en arquivos concretos e en documentos oficiais permite falar da presenza de milicianos, como mínimo, en 53 poboacións, de maneira que todos os partidos xudiciais do país (47 en 1820, mais só 42 a finais de 1821) contan con eles.<sup>38</sup> Noutras palabras: o conxunto do territorio, con maior

ou menor representación, dispón de «beneméritos» nacionais.

Valorar como puido influír súa presenza na socialización da cultura política liberal, obriga a partir dunha consideración acaída do que implicaba integrarse na milicia, sobre todo co carácter de voluntario. O acontecido en Ourense ofrece indicios: o miliciano queda marcado como constitucional e sinalado polos contrarios ás novas institucións. É un paso politicamente moi visíbel e imposíbel de agochar, e por iso moitos rexeitan integrarse «por recelos que esto vuelva atrás».<sup>39</sup> Obriga, asemade, a desatender o traballo para facer a instrución, manter gardas, trasladar presos e caudais e saír na procura de malfeitores e facciosos realistas, co perigo certo de perder a vida. Atopar na documentación resistencias a formar na nacional, e atrancos para erguer compañías, responde a unha lóxica vital difícil de retrucar (intégrese na secuencia, recorrente, de fuxir de todo servizo armado), mais o mesmo argumento é válido para defender que os que si participan da milicia son os mellores e máis xenuínos representantes da nova etapa constitucional e, ao tempo, seus froitos madurecidos. Eles representan unha versión da «propaganda polo feito», de concreción vía acción sobre do territorio das ideas defendidas oralmente e na escrita. As solidariedades políticas identitarias medran neste prebe, e fan dos nacionais a quintaesencia do home liberal. Por isto as autoridades esfórzanse para que aquelas individualidades con máis influxo nas localidades formen nas súas ringleiras, e demostren ao conxunto seu apoio á orde constitucional na busca de propiciar comportamentos miméticos. Súa presenza cotiá, sobre todo en localidades pequerrechas, tivo que supor unha dolorosa «pica en Flandes» para os poderes tradicionais nada afeitos á competencia, e menos aínda a que esta se presentase, por veces, armada, municionada e disciplinada. Resulta fundamental, tamén, na batalla simbólica pola ocupación do espazo público: súas paradas, seus desfiles, súas manobras, súas músicas, seus vivas diante da lápida constitucional, súas bandeiras despregadas, súas cintas verdes («Constitución o muerte»), seus xuramentos, os recibimentos que fan a tropas e autoridades, son outros tantos engadidos na tarefa de acaparar unhas xeografías vilegas en permanente disputa cos contrarrevolucionarios.<sup>40</sup>

Viveiro, Mondoñedo, Sarria, A Fonsagrada, Sargadelos (Cervo), Miranda (Riotorto-A Pontenova-Trabada), Castro de Rei, Frieiras (Poboa do Brollón), Lourenzá, O Valadouro, Vilalbe (Mondoñedo), Abadín, Portocelo (Xove), Monforte, Páramo, Portomarín, Ferreira de Pallares (en Lugo); Ourense, O Barco, Monterrei, Rúa de Petín, A Mesquita, Ribadavia, Verín, Brués (Boborás), Readegos (Vilamarín), Paradalaviote (?), O Carballiño, O Ribeiro, Maus de Salas (Muíños), Beade, Verín, Maceda, Viana do Bolo (en Ourense); Vigo, Pontevedra, Tui, Pontearcas, Vilagarcía, Vilanova, Baiona (en Vigo). Pódese comparar co caso, por exemplo, de Salamanca (Calles, 2015).

<sup>39</sup> Puente, 1821 a:33.

<sup>40</sup> Taboada, 1822. Arenal, 1822. AMM, Actas, at. 959, 22/10/1820; Arquivo Municipal de Viveiro (AMV), Goberno, Disposicións recibidas, at. 286-5, 24/11/1820. Concello, Actas, 281-1, 31/01/1822, 30/06/1823. AHPL, Ordes e instrucións, at. 938, 22/12/1821. DCC, 7/06 e 24/09/1820; 1/02/1823. DCB, 20/08/1820. IO e 22/01/1821. *Miscelánea*, 3/04 e 12/08/1821. EU, 7/08, 14/09 e 24/12/1822. 17/01 e 20/04/1823. EE, 1/03/1823. DSC, 4/03/1821:87-88; 31/03/1821:796; 3/03/1822:85; 24/03/1822:517. Unha valoración negativa dos milicianos, en Miraflores, 1834:109 («revolucionarios»; sinala o perigo de armar a «plebe» e acusa aos alistados de facelo para obter «empleos»). Tamén en Arenal (1822:3) criticase aos voluntarios por xerar divisións cos legais e por alistárense guiados só polo «amor a la novedad», por «deseo de lucir» e por «cubrir (...) antiguos vicios».

<sup>34</sup> Ideas como a «división de poderes», a «soberanía nacional», o «pacto social» ou o «árbol de la libertad» que critican López Borricón (1829, 1830) ou Sánchez Rangel (1825); autores como os Calvino, Pudendorf, D'Alambert, Montesquieu, Rousseau, Voltaire, Diderot, «Oves» ou Condorcet que os mesmos prelados envían penar no inferno, ou as «sociedades clandestinas» contra das que advirte o arcebispo compostelá Vélez (1827). Xa o dixo Pocock (2009:56): «[...] el lenguaje es una forma de comunicación política y de acción muy eficaz, no porque sea neutral, sino por lo relativamente incontrolable que es y lo difícil que resulta monopolizarlo».

<sup>35</sup> EU, 12/12/1821.

<sup>36</sup> EP, 20/12/1821. EU, 12 e 22/12/1821, 21/02/1822. EE, 18/12/1821, 13/02/1822. *Gobierno Político Superior de la provincia de Galicia*, Ourense, 6/02/1822. DCC, 11/12/1821, 9/02/1822. EI, 13/01, 16, 17 e 20/02/1822. DCB, 27/02/1822. DSC, 4/03/1822:265-270. Outros ataques a voluntarios nacionais, en *Miscelánea*, 16/03/1821. Alaiz, 1823. DCB, 16/09/1822, 16/10/1823 (acusan ao xeneral Morillo de insultar milicianos reputándoos de «comuneros» e «zurriaguistas»).

<sup>37</sup> O DCC (9/02/1822) sinala, con tino, que a presenza ou non de milicia nacional, súa organización, o número dos seus integrantes, seu armamento, súa actividade, etc., depende basicamente da disposición das autoridades municipais, de aí a extrema variedade de situacións que se dan.

<sup>38</sup> Como mínimo, porque súa aparición na prensa acontece só cando teñen algún tipo de actuación armada máis ou menos espectacular, de xeito que aquelas agrupacións sen esta condición mantéñense agochadas á vista do investigador. Por provincias: A Coruña, Santiago de Compostela, Arteixo, Ferrol, Narón, Betanzos, Barallobre (Fene), Mugardos, Padrón, Pontedeume (en A Coruña); Lugo, Ribadeo,



Hai que ter conta, ademais, que a milicia fai política na praza. Lonxe de manter-se como un corpo armado neutral, deixa ver súas preferencias por un liberalismo en xeral escorado á esquerda e, en todo caso, amosa unha autoconcepción elevada das súas obrigas na esfera pública, cunha presenza tanto no discurso como na mobilización a pé de rúa. Faino a milicia nacional coruñesa ao opoñerse á pretensión do concello de solicitar unha sede episcopal, ao esixir publicamente do goberno medidas contra dos servís, dando publicidade na prensa á súa posición polos feitos madrileños de setembro de 1820, ao emprestar apoio ao xefe político José María Puente na macrorredada que realiza a fins de abril de 1821 ou ao desobedecer ao xefe político superior Manuel Latre (e ao mesmo goberno) no conflito co capitán xeral Espoz y Mina en novembro de 1821. Fano seus homónimos compostelás apoiando tamén ao xefe político Puente. Fano seus homólogos ribadenses cando levan ás Cortes súas queixas contra da actuación do xefe político de Lugo e Mondoñedo, ou os lugueses asinando unha exposición pública na que piden ao rei un cambio de goberno. Tampouco os voluntarios ourensáns retráense de solicitar do goberno e do poder lexislativo unha satisfacción polas agresións padecidas en decembro de 1821. A un nivel máis a ras de chan, os milicianos mindonienses denuncian fraudes nas eleccións locais, expresan seu desgusto por unha excesiva carga impositiva ou esixen do concello dilixencia na atención ás tropas acantoadas.<sup>41</sup> Pódese dicir que nada do político resúltalles alleo ás agrupacións milicianas, que con estas actuacións fan súa contribución á difícil tarefa de gañar ás poboacións na batalla contra do discurso contrarrevolucionario.

E a carón da política, a acción. Dun lado, a centrada na súa caracterización de escolas de cidadanía. Ter conta que, como indican os regulamentos, os xefes milicianos deberán axear seu comportamento ao principio de «ciudadanos que mandan a ciudadanos». Uns mandos elixidos polos mesmos milicianos, nun exercicio de democracia impensábel en calquera outro contexto. Os castigos, definidos por un comité de subordinación e disciplina de composición plural, son igualitarios, sen distinguir entre oficiais e simples milicianos. Por último, non esquecer que se trata dun corpo armado que depende duns concellos conformados por sufraxio universal masculino indirecto, o que debuxa un panorama que no seu conxunto aparece como aberto á participación da cidadanía sen parangón en ningún outro espazo.<sup>42</sup> De feito, canto en 1844 o partido moderado liquida a milicia nacional, superar este compoñente democrático e descentralizado é un dos argumentos esgrimidos na busca de máis xerarquía e centralización: a Guardia Civil militarizada será a substituta do cidadán armado como garante da orde nos campos.

O compromiso dos milicianos, ademais, non se reduce a desfiles e a asinar manifestos, senón que maniféstase sobre o terreo coas saídas bater malfetores, contrabandistas e «facciosos». Nas análises feitas da milicia nacional no Trienio e do que supuxo no apousamento do liberalismo, non sempre se valora

41 DSC, 27/10/1820:1919; 28/04/21:1309; 10/05/21:1655. DCC, 19/09/20. EU, 22/12/1821. Puente, 1821 a. EP, 8/12/1821. EI, 13/01/1822. AMM, Actas, at. 960, 7/03, 24/02 e 21/04/1823.

42 DSC, 9/06/1822 (proxecto de regulamento da milicia nacional).

súa achega á loita contra das partidas realistas.<sup>43</sup> Os milicianos, en especial os voluntarios, comparecen en todas cantas accións bélicas teñen lugar, e súa contribución é imprescindible para compensar ás escasas tropas. Os de Vigo e Tui mobilízanse contra da Xunta Apostólica mediado xullo de 1820, e mesmo os ferrolás acuartélanse para o caso de seren necesarios. O recuncar da Xunta a fins de 1820 obriga a retomar armas, agora coa presenza dos nacionais ourensáns, compostelás e coruñeses. En abril de 1821 son as agrupacións de Brués e Rea-degos, en Ourense, as que saen perseguir ás faccións. Mais é desde mediados de 1822, co aumento da actividade armada realista, cando as demandas aos milicianos se multiplican, con intervencións no interior de Pontevedra (en Cotobade), na Mesquita, no Barco de Valdeorras, na Póboa do Brollón e, xa en 1823, no Burón e Fonsagrada (con milicianos chegados de Lugo, Sargadelos, Castro de Rei, Ribadeo, Mondoñedo..., así como da veciña Asturias, e que supón a mobilización en cadea dos de Monforte, Ribadavia ou Ourense), en Melide, en zonas de Ourense, en Pontedeume, en Monforte, en Cambados..., accións que teñen un remate máis ca simbólico no enfrontamento da milicia voluntaria viguesa en Pontesampaio contra das tropas do traidor Pablo Morillo, nas vésperas do día do noso señor Sant Iago en 1823.<sup>44</sup> A isto engadir as batidas contra contrabandistas, ladróns e salteadores, tan perigosas como as feitas cos realistas ao enfrontárense a individuos que, nunha Galiza inzada de bandidos,<sup>45</sup> non dubidan en disparar, ou os sempre perigosos traballos de escolta de presos. Os voluntarios ourensáns perseguen ladróns que actuaran en Pontecaldelas, os de Viveiro enfróntanse a tiros con contrabandistas, os de Compostela e os de Lugo trasladan presos á Coruña (ata 100 nacionais mobilizados para escoltar aos capturados no Burón)...<sup>46</sup> Mais unha vez, a represión que o absolutismo desata contra dos que foran milicianos, é a mellor proba de que os entenderon seu principal inimigo e de que tomaron moi en serio súa capacidade para espallar o ideario constitucional entre a poboación: pescudas para identificalos e evitar que se insiran nas institucións, prohibición de seren postulados para integrar os concellos (o que en Lugo, Ribadeo e, en menor medida, Mondoñedo xerou enormes problemas porque a maioría dos capacitados tiñan pasado miliciano), esixencia de «purificaciones» para traballaren como notarios, médicos ou cirurxiás municipais, imposibilidade de exercer como alcalde... por ter un irmán exmiliciano, vixilancia pola estreada policía....<sup>47</sup>

43 Barreiro, 2008:42-49.

44 EU, 13 e 27/07/1820. *Miscelánea*, 17/11/1820. DSC, 21/07/1820:220. *Miscelánea*, 7/01, 15, 24/02 e 1/04/1821. *Diario constitucional de Santiago*, 7/02/1822. EI, 25/05/1822. Loriga, 1822. *El Indicador*, 29/09/1822. Arenal, 1822. Alaiz, 1823. AMM, Actas, at. 960, 8/01/1823. EU, 26/09/1822; 16 e 20/02; 3, 9, 16 e 17/04/1823. EE, 30/01 e 26/03/1823. DCB, 7/04 e 12/07/1823. *Diario patriótico de la unión española*, 7/05/1823. González Álvarez, 2017:210.

45 *Miscelánea*, 13/12/1820; 22/02/1821.

46 EE, 22/11/1821; 3/08/1822. AMV, Gobierno, Alcalde, Pasaportes e salvoconductos, at. 283-1, 20/03/1823. *El Constitucional*, 7/05/1821. DCB, 12/03/1823.

47 AMM, Actas, at. 960, 10/07/1823; at. 961, 2/04/1824; 4/03/1826; at. 962, 15/10/1831. Gobierno, Expedientes relativos ao alcalde, at. 859, 6/09 e 2/12/1823. AHPL, Actas, at. 105, 13/09/1823; 30/10 e 12/12/1824; at. 106, 10/10 e 7/11/1825; 6/03, 6/05 e 17/06.1826; at. 107, 31/03/1827; 28/05 e

#### 4. Eleccións e autoridades, votos e actuacións para alicerzar a nova orde liberal

A conformación de concellos constitucionais foi unha das actividades á que maior enerxía dedicaron as autoridades. A conciencia de que as poboacións só apoiarían a nova situación cando no local constatasen transformacións a mellor, é clara nos políticos do Trienio.<sup>48</sup> Tanto nas actas da Xunta Superior de Galiza, como despois nas da Deputación Provincial Única, como nas das Cortes, como na documentación de diferentes instancias gobernamentais, a posta en planta dos axuntamentos, as eleccións para constituílos e os asuntos que os implican, teñen unha presenza rotunda. Era aquí onde as promesas habían concretárense e os cambios materializárense. Ninguén o expresou mellor ca os veciños de San Salvador de Coiro e Tirán (Cangas do Morrazo): se os novos poderes non garanten unha administración local e unha xustiza equitativas, de nada serven «teorías imaginarias».<sup>49</sup> Mais os resultados distaron de responder ás expectativas.

As circulares dos xefes políticos previas ás eleccións municipais de abril-maio de 1820, recollen as esperanzas postas nelas como elemento confirmador do cambio efectuado. Aquí os pobos debían ratificar seu apoio á transformación votando por individuos constitucionais e asemade dotados dunha serie de atributos ben definidos. O criterio político é claro: fidelidade e defensa do texto constitucional, da «Santa Constitusón» de que falan os follas volandeiras.<sup>50</sup> Mais non é o único: cómpre tamén partillar dun rexeitamento do «despotismo», entendido como goberno arbitrario, inxusto e como abuso de autoridade, un lugar común nas críticas ao Antigo Réxime,<sup>51</sup> así como rexeitar, de principio, os homes que ocuparon cargos nos rexementos non constitucionais por afeitos á «cábala y a la dilapidación» e porque os «oprimiron» no pasado, agás que desen mostras inequívocas de adhesión constitucional. Evitar o faccionalismo, o «espíritu de partido» e as divisións locais é tamén un criterio, no que constitúe un traspaso de formas da cultura política tradicional ao primeiro liberalismo, co énfase no unanimismo como criterio de valor o que retardará un tempo a valoración en positivo do pluralismo

23/06/1828. AMR, Actas, at. 29, 16 e 17/09/1825; 15/10/1825; 26/05/1829; Secretaría, Correspondencia, at. 1105, 20/01/1827; AHPL, Protocolos de Francisco García Canedo, 2327-4, 19/10/1824, fs. 89-90v. RAG, Papeis de Miguel Pardo Bazán, 478/22. Ata onde coñezo, en Galiza non se produciron episodios de barbarie represiva como os que se documentan para outras áreas en Miraflores (1834:221) e, sobre todo, en *La España...* (1886:306). Na dinámica acción-represión desatada logo da entrada dos 100.000, os liberais tamén tiveron actuacións reprobábeis: asasinato en abril de 1823 do bibliotecario do bispado de Lugo José Rosendo Fernández por nacionais da cidade (Museo Provincial de Lugo, fondo Familia Pardo Vila, 7/07/1826 e 15/01/1829), de 50 presos recluídos en San Antón, asasinatos en Ourense, Monforte, Tui, Vigo ou Laza (*El Restaurador*, 13, 29 e 31/08/1823). Coa correspondente reacción realista: axustizamento de oito milicianos nacionais en 1825 (González López, 1980:242).

48 Gómez Rivero, 2015.

49 *Al Augusto Congreso Español*, San Salvador de Coiro, 10/05/1821. Tamén, *Carta XIX del Compadre*, Madrid, 1821:13: «El pueblo (...) no juzga de la bondad de un gobierno sino es por la experiencia de las ventajas que le procura (...). En vano se le llamará Constitución, libertad...». Un exemplo de actuación en senso modernizador, son as *Ordenanzas de buen gobierno* do concello de Viveiro de 11/12/1820 (AMV, Concello, at. 281-4).

50 *Diálogo entre Dominjos e Farruco...*, 1820; *La tertulia en la Quintana...*, 1820. Para Antonio Benito Fandiño (1821:11), «gloriosa virgen y mártir» e «Sabia, justa y bondadosa Señora».

51 Veiga, 2017:239-240.

de opinións. O resto dos atributos dos futuros rexedores remiten a características persoais no ronsel dos «homes bos» das comunidades locais: que non sexan «intrigantes», nin «litigantes», nin «estafadores»; que fuxan da desorde; que sexan «virtuosos», sinceros, que actúen de «buena fe» e como bos conveciños desexosos do «bien general» e non do seu propio; homes honrados e de «probidad» mesmo se viven nunha «choza». É posíbel detectar na relación un certo antiintelectualismo pola afirmación de que non se precisa «ciencia» senón só ter «luces regulares», e tamén unha prevención contra comerciantes e negociantes ao sinalarse como escasamente axeitados aos homes «versados en los negocios». Aquí actúa, dun lado, a caracterización das eleccións municipais como non políticas e si administrativas, mais tamén postulados do primeiro liberalismo cunha carga elevada de virtuosismo e de busca do home sinxelo e xusto (na liña do republicanismo virxinal dos *founding fathers* estadounidenses). A conclusión é clara: os mellores candidatos son labregos e artesáns de «virtuosa medianía» e «probidad», as «clases productivas» de que fala o xefe político Manuel Latre.<sup>52</sup>

No que fai aos procedementos electorais, garantir a liberdade de voto e evitar «capataces» que dirixan os sufraxios son elementos recorrentes, unha aprendizaxe produto das experiencias antigorreximentais cos cargos electivos definidos en votacións fraudulentas.<sup>53</sup> Como resulta lóxico e cabía agardar pola escasísima experiencia reunida (eleccións de 1812 e 1813), as votacións non responderon a estes parámetros ideais.<sup>54</sup> Dun lado, polo difícil de aplicar en Galiza unha normativa nada axeitada á súa poboación dispersa. Doutro, porque nas eleccións xógase unha partida de reparto de poder cuns participantes en absoluto dispostos a perderen posicións. Como xa acontecera en 1812 e 1813, definir quen ten dereito de voto é a batalla por excelencia.<sup>55</sup> Pasa, por exemplo, nas eleccións da cidade de Lugo, coas dúas parroquias urbanas opostas a que participen as 88 rurais da xurisdición tradicional da cidade: cun número semellante de poboadores, a normativa concede moitos máis electores parroquiais ás rurais, que deste xeito controlarían o goberno municipal como acontecera en 1813. Non é, ademais, só unha cuestión de manexo da administración, senón política, por canto os voceiros urbanos denuncian que as parroquias rurais están sometidas ao «pupillage» de persoeiros nada constitucionais o que redundará nun goberno local do mesmo signo. A situación deriva nunha loita frontal entre os «urbanos», a Deputación Provincial Única e un xefe político lugués que teima en que todos poden votar, que só resolve a decisión final do xefe político superior cando se pronuncia a prol do seu subordinado.<sup>56</sup> Sen coñecer maiores detalles, sabemos que tamén as elec-

52 Pardo Bazán, 1822. Agar, 1820. Latre, 1821. Sierra y Ben, 1821 a. AHPL, Concello, Eleccións, at. 564, 29/04/1820 e 3/08/1821; ibídem, Actas, at. 104, 22/04 e 27/11/1820. A referencia aos pais fundadores, en Santirso, 2014 e en Pocock, 2008.

53 AHPL, Actas, at. 104, 22/04/1820. Cebreiros, 1999. López Díaz, 2010. Veiga, 2017.

54 Gómez Rivero, 2015.

55 Vega, 1812.

56 Cun concello en rebeldía e coa metade dos rexedores suspendidos, as eleccións finalmente celébranse, mais a oposición das parroquias urbanas de San Pedro e Santiago maniféstase nunhas votacións ridículas: de 1.300 veciños votan 12 e 13, respectivamente (AHPL, Actas, at. 104, sesións de maio, novembro e decembro de 1820; ibídem, Eleccións, at. 564, 9 e 21/01/1821). O concello de 1821 resultou,

cións en Mondoñedo e Ribadeo resultaron conflitivas, ata o punto de precisar as mindonienses para o seu desenvolvemento o envío de tropas.<sup>57</sup> Máis unha vez en Mondoñedo, comezado 1821, o procurador xeral pide a anulación do concello elixido por irregularidades, mentres que o votado en Monforte é anulado polo xefe político en febreiro dese ano.<sup>58</sup> Unha pescuda ampliada de certo que atoparía máis eleccións irregulares, porque os informes para o conxunto de España dos secretarios da Gobernación de 1821 e 1822 (Argüelles, o mindoniense Moscoso de Altamira e J.M. Vadillo) rebordan de referencias a comicios problemáticos.<sup>59</sup> Con todo, o máis interesante é que tanto Argüelles como Moscoso sosteñen que os problemas e reclamacións responden, ademais de a unha praxe aínda escasa, ao enorme interese que teñen os pobos nunhas eleccións que ollan decisivas para seu futuro, e de aí que resulten «reñidas», preñadas de recursos e dominadas por «pasiones y parcialidades». <sup>60</sup> Todo formaría parte dun lóxico proceso de aprendizaxe, que co tempo derivaría en comicios menos conflitivos.

A análise das eleccións para o concello de Viveiro de maio de 1820, demostra que a aspiración a un proceso sen dirección dos antigos influentes era utópica, así como o anxeio por unhas votacións libres e sen presenza de «directores». Os veciños varóns reunidos nas parroquias de Santa María do Campo e Santiago, é claro que non chegan virxes de influencias e de condicionantes á hora de elixir. Nas dúas, as listas de electores parroquiais que votan inicialmente membros destacados da comunidade e con presenza en consistorios anteriores (Fernando María Vázquez, Francisco Gerónimo de Cora, Domingo José Villapol, Antonio María Pardo de Cela), replícanse con variacións mínimas no resto dos votantes, proba dunha preparación previa e dunha praxe de voto colectivo.<sup>61</sup> Porén, non fallan listaxes alternativas con nomes diferentes, o que indica que a desexada unanimidade non é tal e que a división (ignoro se politicamente transcendente) tamén agroma en Viveiro.<sup>62</sup> A forza do costume, o «habitus» teorizado por Bourdieu, leva ás xentes a confiar nos de sempre, nas familias que por décadas exerceron como líderes comunitarios, e asemade estas dispoñen de ferramentas socioeconómicas e culturais para asegurar sufragios ao seu prol. Introducir aquí factores políticos, defender a bondade de votar por elementos constitucionais e, en definitiva, convencer da superioridade e os beneficios de elixir libremente a quen vai mandar, non é cousa duns días. Chegado 1823, sen embargo, algún avance na politización liberal si se tiña producido, cando menos nos casos investigados de Lugo, Mondoñedo, Riba-

efectivamente, pouco amante da «Pepa», cuxo cabodano nin sequera celebra o que provoca unha forte multa polo xefe político (ibídem, Ordes e instrucións, at. 937, 7/05/1821. *Representación...*, 1821. DSC, 3/05/1821:1584).

57 BRCC, Actas da Xunta Superior, 8 e 26/05/1820. Tamén hai problemas nas de Pontevedra e Padrón polas intrigas dos anticonstitucionais (7/05/1820). DCC, 16/12/1820.

58 AMM, Actas, at. 960, 31/01 e 16/04/1821. Sierra y Ben, 1821.

59 DSC, 4/03/1821:85; 3/03/1822:83; 12/10/1822:148-149.

60 Para algúns polo excesivo «influxo antigo de los pudientes», e para outros porque os pobos levan o «odio» aos mandóns tradicionais demasiado lonxe (ibídem). Paixóns e parcialidades que explicarían, por exemplo, as cancións subversivas escoitadas en Cedeira nas eleccións de 1822 (Usero, 2003).

61 Para Francia, Guionnet, 1997.

62 AMV, Concello, Legaxos de acordos, 731-15.

deo e Viveiro, con consistorios socialmente máis representativos, cunha presenza de homes novos case virxes en política (varios cunha aparición primeira en 1812-1814) e con algunhas actuacións de significado inequivocamente constitucional.<sup>63</sup>

Unha última referencia ten que pasar polo tema da xustiza e os xuíces, un aspecto sempre sensíbel para as xentes do tempo. Da súa importancia fala que unha das decisións primeiras da Xunta Superior é repoñer os partidos xudiciais de 1813, e tentar situar á fronte xuíces constitucionais para facer deles non só os practican-tes dunha xustiza equitativa, senón tamén voceiros das bondades que presentan as novas institucións.<sup>64</sup> Ata onde coñecemos, os resultados foron menores dos agardados. Tanto na prensa como en folletíns e nalgún informe gobernamental, as críticas a unha xustiza lenta e branda cos anticonstitucionais son constantes (ademais de cara e dada á fraude),<sup>65</sup> sen que algúns resultados positivos abonden para trocar esta impresión. Un lugués cóengo Somoza supostamente anticonstitucional furibundo recibe unha condena de só seis meses (EE, 24/05/1821); os apreixados da Xunta Apostólica están aínda sen xulgar meses despois do seu prendemento (*El Constitucional*, 27/05/1821); no caso de dúbida, os xuíces optan sempre por liberar aos sospeitosos de accións anticonstitucionais (EE, 6/06/1821); Espoz y Mina, capitán xeral de Galiza, na representación elevada ao goberno fala de xuíces apáticos e dun pobo alporizado contra deles (EE, 21/06/1821); o sempre crítico Benito Fandiño acusa ao xuíz de Melide («hermafrodita, andrógino y anfibio patriota») de desatender as denuncias contra de conspiracións realistas;<sup>66</sup> o concello coruñés (11/02/1821) esixe do goberno unha xustiza máis rápida e expeditiva... Fronte dis- to, as condenas ao barón de Sancti Joanni ou ao conde de Torre-Múzquiz, ambos os dous implicados nas tramas da Xunta Apostólica, ou algún artigo de prensa que louva a actividade da Audiencia galega, apenas se provocaron rozaduras nunha poboación que sinte que a lei non se aplica con igualdade para todos.<sup>67</sup>

A fin abrupta do Trienio transmite unha sensación de fracaso global que cómpre matizar. En 9/02/1822, o *Diario Constitucional de La Coruña* (recollido en EI, 20/02/1822) facía un balance a dous anos vista do pronunciamento do 21 de febreiro. A escaseza de metálico era un problema en Galiza, mais as colleitas foran boas. O comercio, pola contra, andaba mal por mor do contrabando, e non era mellor a situación no semiparalizado estaleiro ferrolán e nas inexistentes obras públicas. A opinión liberal avanzaba nas poboacións maiores, mais tiña atran-

63 Veiga, 2017:195-214 e 337-339. Outros casos, en *El Espectador*, 5/07/1821. *Miscelánea*, 12/08/1821. *La Colmena*, 2/06/1820. *Diálogo...*, 1820. *La Tertulia...*, 1820. DSC, 12/08/1820:560-561. Un elemento valorado moí negativamente polas autoridades neste proceso de creación dunha cultura política liberal, é a falla de asistencia dos rexedores constitucionais ás sesións, así como a continuidade de alcaldes con comportamentos despóticos: AHPL, Ordes e instrucións, at. 940, 17/04/1822. DSC, 12/12/1822:958; 18/12/1822:1047. López Arias, 2004:24-26. A fins de 1822, o secretario da Gobernación, Vadillo, acusaba ás autoridades dos concellos de pequenas dimensións de escasamente constitucionais porque as votacións son «preparadas al intento con amañós» (DSC, 12/10/1822:148-149).

64 *La Junta Suprema de Gobierno de la provincia de Galicia...*, A Coruña, 3/03/1820. *Diálogo...*, 1820. DCC, 6/06/1822. Puente, 1821. Gómez Rivero, 2006. Santirso, 2019.

65 Fandiño, 1821:3-4.

66 Fandiño, 1823.

67 EU, 2/07 e 14/08/1821. EP, 19/08/1821.

cos para facelo nas demais. Á situación liberal do Trienio faltoulle tempo para apousentar e botar raizames e sobráronlle divisións no seo dos constitucionais. Non contou co apoio decidido das autoridades encargadas de desenvolver as disposicións constitucionais, mais si con inimigos moi poderosos. O alto clero, boa parte do clero regular e algo menos do parroquial, damnificados polas medidas adoptadas, fixéronlle unha guerra frontal, que inclúe o financiamento das partidas realistas e, o que foi peor, unha propaganda contraria á Constitución e ao traballo das Cortes. Se «obras son amores», os tres anos de vixencia constitucional deron para facer poucas melloras, e ademais non sempre o goberno tivo unha boa disposición (ou a iniciativa) a emprender obras que dando traballo quitasen brazos á facción.<sup>68</sup> A isto engadir os prexudicados pola nova división provincial, con descontentos en Mondoñedo, Tui, Betanzos e Santiago de Compostela que ven perder súa condición de oficiosas capitais provinciais (e tamén en Pontevedra, derrotada na disputa con Vigo). A necesidade urxente de financiamento do Estado, estudada hai anos por Fontana, impediu unha política impositiva máis lixeira que permitise ás poboacións recuperarse de anos de guerras, destrucións, requisas, contribucións extraordinarias, bagaxes, de brazos perdidos para a agricultura, de aloxamentos de tropas...<sup>69</sup> A redución do décimo á metade supuxo un alivio, mais a obriga de satisfacer os impostos en metálico, nunha xeira de escaseza monetaria, foi un golpe moi duro para un campesiñado xa no límite da supervivencia, e de certo que retraeu simpatías ás novas institucións e facilitou a propaganda realista.<sup>70</sup> Mais con ser todo certo, hai dúas situacións que cómpre valorar á altura de marzo de 1823. En Galiza actúan entón varias faccións realistas, mais non controlan ningunha vila nin ningunha franxa de territorio porque as tropas e os «nacionais» mantéñenas a raia. Nesa altura, na Catalunya en guerra civil desde maio de 1822, os realistas son derrotados polas tropas de Espoz y Mina, e milleiros dos seus partidarios foxen a Francia. Dito doutro xeito: a pesares de todos os atrancos, das divisións e dos desacertos, o sistema liberal ten controlados e practicamente derrotados aos seus inimigos internos. Segunda situación: o 7 de abril de 1823 os 100.000 entran en España e con eles un sanguinario «Ejército de la Fe». No canto de plantar batalla, os xenerais dos diferentes exércitos, agás Espoz y Mina, traizoan a Constitución que xuraran defender e renden armas ao inimigo (ou mesmo colaboran con el, caso de Pablo Morillo).<sup>71</sup> Nesa tesitura, pretender que a milicia nacional fixese fronte á invasión era un imposíbel, e agardar unha reacción «patriótica» da poboación como en 1808, unha ilusión porque as xentes non só estaban fartas de loitas senón que carecían do liderado ideolóxico das elites tradicionais de que si dispuxeran entón. A pesares disto, o suposto paseo dos 100.000 (só faltaba que non fose así case sen soldados enfronte) ten sido xa matizado, así como o entu-

68 Van Halen, 1836, T. II:199.

69 Deste xeito, a advertencia do concello de Lugo en 6/08/1820 (AHPL, Actas, at. 104) de non facer presión coas contribucións porque son tempos «críticos en que máis es preciso ganar voluntades que exasperar los ánimos», caeu en saco roto.

70 Cordón, 1821.

71 Santirso (2019:606) resume ben a situación: «Hizo falta la invasión de los Cien Mil Hijos de San Luis para que el absolutismo consiguiera lo que no había logrado con sus propias fuerzas».

siasmo das poboacións diante da súa presenza, que tivo moito de acomodo á nova situación, de revanchismo local e, nalgunhas ocasións, mesmo de vivas mercenarios ben pagados.<sup>72</sup>

## Bibliografía

AGAR, P. de (1820). *Gallegos*. A Coruña, 8/12/1820.

ALAIZ, H. (1823). *Manifiesto del brigadier D... comandante militar que ha sido de la provincia de Lugo, en aclaración de su conducta durante el corto tiempo que ha desempeñado dicho destino*. A Coruña, Iguereta.

ALCALÁ GALIANO, A. (1913). *Recuerdos de un anciano*. Madrid, Perlado, Páez y Cía.

AMARILLAS, M. de las (1978). *Recuerdos, 1778-1837*. Pamplona, EUNSA.

ARENAL, A. del (1822). *Gobierno político de la provincia de Lugo*. Lugo, 8/05/1822.

ARIAS, A. (1827). *Subdelegación especial de Policía de Orense y su distrito*. Ourense, 16/03/1827.

ARNABAT, R. (2003). «La divulgación popular de la cultura liberal durante el Trienio (Catalunya, 1820-1823)», *Trienio*, n° 41, 55-83.

AZPEITIA, J. A. (1821). *Carta pastoral*. Lugo, Pujol.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2007). *Historia política da Galicia contemporánea. A transición política (1789-1833)*, en Barreiro Fernández, X.R. e Villares, R. (coords.). *A gran historia de Galicia*. A Coruña, La Voz de Galicia.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2008). *O carlismo galego*. Ames, Laiovento.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2016). *Los perdedores. La represión política en Galicia en el siglo XIX*. Ourense, Deputación.

BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. e VILLARES, R. (coords.). (2007). *A gran historia de Galicia*. A Coruña, La Voz de Galicia.

BARRIO GOZALO, M. (2011). «El castigo de los obispos liberales después del Trienio: Pedro González Vallejo, 1819-1825», *Investigaciones históricas*, n° 31, 135-164.

BARRIO GOZALO, M. (2017). *La Santa Sede y los obispos españoles en el Trienio Liberal y el inicio de la reacción (1820-1825)*. Roma, Instituto Español de Historia Eclesiástica.

BARRIO GOZALO, M. (2017a). «La segunda restauración española a través de los despachos del nuncio Giustiniani (1823-1827)», *Pasado y Memoria*, n° 16, 121-148.

BOEDO CARDOIS, M. (1860). *Grito del cura de aldea*. Buenos Aires, Imprenta Argentina.

BOTREL, J-F, INFANTES, V. e LÓPEZ, F. (dirs.) (2003). *Historia de la edición y de la lectura en España*, Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

BREAUGH, M. (2019). «La politique plébéienne. Une histoire conceptuelle de l'auto-émancipation du peuple», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, n° 49-1, 299-302.

BURDIEL, I. (2019). *Emilia Pardo Bazán*. Madrid, Taurus.

CABRERA, M. A. e PRO, J. (coords.) (2014). *La creación de las culturas políticas modernas, 1808-1833*. Madrid-Zaragoza, Marcial Pons-Prensas Universitarias de Zaragoza.

CALLES, C. (2015). *La Milicia Nacional en Salamanca durante el Trienio Liberal (1820-1823)*. Tese doutoral, Universidad de Salamanca.

72 La Parra, 2007, 2018:477-481.

- CANAL, J. (2008). «Matar negros, hacer blancos. Los colores y los nombres de los enemigos en las guerras civiles de la España contemporánea», *Espacio, Tiempo y Forma. Historia contemporánea*, nº 20, 19-36.
- CANAL, J. e MORENO, J. (eds.) (2009). *Historia cultural de la política contemporánea*, Madrid, CEP.
- CARON, J.-C. e LUIS, J.-PH. (dirs.) (2015). *Rien appris, rien oublié? Les Restaurations dans l'Europe postnapoléonienne (1814-1830)*. Rennes, PUR.
- CEBREIROS, E. (1999). *El municipio de Santiago de Compostela a finales del Antiguo Régimen (1759-1812)*. Santiago de Compostela, EGAP.
- CHAO, E., ROMERO ORTIZ, A. e RUIZ DE QUEVEDO, M. (1849). *Diccionario de la política*. Madrid, Andrés y Díaz.
- Constitució sens máscara*. Barcelona, Imprenta del Govern.
- CORDÓN, J. (1821). *Memoria (...) sobre los prejuicios que se siguen al labrador de pagar su contribución en dinero y del modo de evitarlos subrogándola en un medio-diezmo*. Santiago de Compostela, Manuel Antonio Rey.
- Diálogo entre Dominjos e Farruco, sobre administrason de Xústicia da sua Aldea* (1820). Santiago de Compostela, Rey.
- Documentos del reinado de Fernando VII. Arias Teijeiro. Diarios 1828-1831*. (1966). Introducción y notas de Ana María Berazaluce, Pamplona, Universidad-CSIC.
- DUFOUR, G. (1991). *Sermones revolucionarios del Trienio Liberal (1820-1823)*. Alacant, Instituto de Cultura Juan-Gil Albert.
- ESCALERA, E. e GONZÁLEZ LLANA, M. (1864). *La España del siglo XIX*, Madrid, J.J. Martínez.
- Estatutos de la Sociedad Patriótica Constitucional de Mondoñedo* (1820). Lugo, Pujol.
- Estatutos de la Sociedad Patriótico-Constitucional de Lugo y lista alfabética de sus individuos* (1820). Lugo, Pujol.
- FANDIÑO, A. B. (1821). *Empleología, o Daca la capa porque fuiste al Papa*. Santiago de Compostela, Imprenta de Campaña.
- FANDIÑO, A. B. (1823). *Burra de Balaam, y profecía de Bandarra*. Santiago de Compostela, Fermín Campaña y Aguayo.
- FERNÁNDEZ DE CÓRDOBA, F. (1886). *Mis memorias íntimas*. Madrid, Rivadeneyra.
- FERNÁNDEZ DOMINGO, E. (2011). *El nacimiento de la cultura política de la nación en el Río de la Plata y Chile (1808-1818)*. Zaragoza, Institución Fernando el Católico.
- FERNÁNDEZ SEBASTIÁN, J. (2005). «Política antigua-política moderna. Una perspectiva histórico-conceptual», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, nº 35-1, 165-184.
- FERNÁNDEZ SEBASTIÁN, J. (2006). «Liberales y liberalismo en España, 1810-1850. La forja de un concepto y la creación de una identidad política», *Revista de estudios políticos*, nº 134, 125-156.
- FERNÁNDEZ SEBASTIÁN, J. (2013). «Cabalgando el corcel del diablo. Conceptos políticos y aceleración histórica en las revoluciones hispánicas», en Fernández Sebastián, J. e Capellán, G. (coords.). *Conceptos políticos, tiempo e historia. Nuevos enfoques en historia conceptual*. Santander, Universidad de Cantabria-McGraw Hill, 423-462.

- FERNÁNDEZ SEBASTIÁN, J. e CAPELLÁN, G. (coords.) (2013). *Conceptos políticos, tiempo e historia. Nuevos enfoques en historia conceptual*. Santander, Universidad de Cantabria-McGraw Hill.
- FERRERA CUESTA, C. (2014). «Los lugares de sociabilidad: salones, cafés y sociedades», en Cabrera, M.A. e Pro, J. (coords.). *La creación de las culturas políticas modernas, 1808-1833*. Madrid-Zaragoza, Marcial Pons-PUZ, 219-249.
- FLÓREZ, M. (1820). *Discurso que dixo en la Sociedad Patriótica Compostelana...* Santiago de Compostela, Manuel Antonio Rey.
- FUENTES, J. F. (2014). «La fiesta revolucionaria en el trienio liberal español (1820-1823)», *Historia Social*, nº 78, 43-59.
- FUSTER, S. (2012). «Discurso político de la reacción de 1823 a través de las canciones absolutistas», en Ibarra, A. (coord.), *No es país para jóvenes*. Bilbao, Instituto de Historia Social Valentín de Foronda, 1-25.
- GARCÍA BENITO, J. (1816). *Carta pastoral*. Madrid, Miguel de Burgos.
- GARCÍA BENITO, J. (1820). *Carta pastoral*. Santiago de Compostela, Juan Francisco Montero.
- GARCÍA BENITO, J. (1820 a). *Carta pastoral*. Santiago de Compostela. Manuel Antonio Rey.
- GARCÍA BENITO, J. (1821). *Nós, don... obispo de Tuy...* Santiago de Compostela, Manuel Antonio Rey.
- GARCÍA BENITO, J. (1822). *Breve exhortación pastoral... (sobre la constitución política de la Monarquía)*. Santiago de Compostela, Manuel Antonio Rey.
- GARCÍA MONERRIS, E. e ESCRIG ROSA, J. (eds.) (2017). «Contra el delirio de la razón. Espacios de la contrarrevolución en los inicios del siglo XIX en España», *Hispania* (monográfico), nº 256.
- GIL NOVALES, A. (1975). *Las sociedades patrióticas (1820-1823)*. Madrid, Tecnos.
- GÓMEZ RIVERO, R. (2006). *Los jueces del Trienio Liberal*. Madrid, Ministerio de Justicia.
- GÓMEZ RIVERO, R. (2015). *Las elecciones municipales en el Trienio Liberal*. Madrid, BOP.
- GONZÁLEZ ÁLVAREZ, F. (2017). «El Trienio Liberal en la provincia de Vigo (1820-1823) (Vigo capital de provincia)», *Boletín do Instituto de Estudos Vigueses*, nº 22, 193-212.
- GONZÁLEZ LÓPEZ, E. (1980). *Entre el antiguo y el nuevo régimen: absolutistas y liberales. El reinado de Fernando VII en Galicia*. Sada, Ediciós do Castro.
- GOODY, J. (1987). *The Interface between the Written and the Oral*. Cambridge, CUP.
- GOODY, J. (1996). *Cultura escrita en sociedades tradicionales*. Barcelona, Gedisa.
- GUIONNET, CH. (1997). *L'apprentissage de la politique moderne. Les élections municipales sous la monarchie de Juillet*. Paris, L'Harmattan.
- La España del siglo XIX. Colección de conferencias históricas celebradas durante el curso 1885-6* (1886). Madrid, Antonio S. Martín.
- La Junta Suprema de Gobierno de la provincia de Galicia...* (1820). A Coruña, 3.03.1820.
- LA PARRA, E. (2007). *Los 100.000 hijos de San Luis. El ocaso del primer impulso liberal en España*. Madrid, Síntesis.
- LA PARRA, E. (2009). «La canción del Trágala. Cultura y política popular en el inicio de la revolución liberal en España», en Salaün, S. e Ètienvre, F. (comps.). *La réception des cultures de masse et des cultures populaires en Espagne, XVIII-XX siècles*. París, CREC, 68-86.

- LA PARRA, E. (2018). *Fernando VII. Un rey deseado y detestado*. Barcelona, Tusquets
- La tertulia en la Quintana, o diálogo entre Andricó, Xâcobe è Alberte el día de Corpus (1820). Santiago de Compostela, Manuel Antonio Rey.
- LAGROYE, J. (dir.). (2003). *La politisation*. Paris, Belin.
- LATRE, M. de (1821). *El jefe político superior de la Provincia, a los electores parroquiales*. A Coruña, 12.10.1821.
- LÓPEZ ARIAS, X. F. (2004). *A primeira Deputación Provincial de Lugo (Nacemento e norte da «nova» provincia de Lugo, 1822-1823)*. Lugo, Deputación.
- LÓPEZ BORRICÓN, F. (1829). *Pastoral*. Lugo, Pujol.
- LÓPEZ BORRICÓN, F. (1830). *Pastoral*. Lugo, Pujol.
- LÓPEZ CASTRILLÓN, R. M. (2018). *Las nueve vidas de la Casa de la Fuente de Riodecoba. Libro de memoria de una casa campesina de Asturias (1550-1864)*. Ed. de Juaco López Rodríguez, Xixón, Muséu del Pueblu d'Asturies.
- LÓPEZ DÍAZ, M. (2010). «Oligarquías urbanas, crisis del Antiguo Régimen y primer liberalismo en Galicia, 1750-1815», *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 19, 187-214.
- LÓPEZ GARCÍA, X. e ANEIRO DÍAZ, R. (coords.). (2008). *Primeiros diarios galegos (1808-1809)*. Estudos críticos. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LORIGA, A. (1822). *Habitantes de la provincia de La Coruña*. A Coruña, 16.05.1822.
- LUMERAS, B. de (1824). *Apuntes poéticos y medios indispensables para que la empobrecida y desmoralizada España (...), logre recuperar su agonizante vida física y moral*. Barcelona, Garriga y Aguasvivas
- LYONS, M. (2010). *A History of Reading and Writing in the Western World*. Houndmills, Palgrave MacMillan.
- Manifiesto de las funciones celebradas en la ciudad de Vigo en los días 15, 16 y 17 de noviembre de 1823* (1823). Vigo, Arza.
- MARIÑO, R., BARREIRO, X. R. e ANEIRO, R. (eds.). (2008). *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- MARTÍNEZ MARINA, F. (1820). *Discurso sobre sociedades patrióticas*. Madrid, Imprenta de la Compañía.
- MARTÍNEZ MARTÍN, J. A. (2005). «La lectura en la España contemporánea: lectores, discursos y prácticas de lectura», *Ayer*, nº 58, 15-34.
- MARTISCHANG, F-X. (2015). «Entre dédain et inquiétude. Les préfets face aux rumeurs au XIXe siècle», *Annales de l'Est*, nº 1, 301-313.
- MIÑANO, S. de (1994). *Sátiras y panfletos del Trienio Constitucional (1820-1823)* (selección, presentación y notas de Claudio Morange), Madrid, CEC.
- MIRAFLORES, M. de (1834). *Apuntes histórico-críticos para escribir la Historia de España de la época de 1820 a 1823*. Londres, Ricardo Taylor.
- MÚZQUIZ, R. (1820). *Carta pastoral*. Santiago de Compostela, Juan Francisco Montero.
- NAGY, L. (2019). «Les mots d'insurrection sur les Pyrénées: chansons et proclamations séditieuses en circulation sur le cordon sanitaire durant le Trienio Liberal», *Revista de Historia Constitucional*, nº 20, 545-583 (<https://www.historiaconstitucional.com>; última consulta: 20/11/2019).
- OIGEN, A. (2019). «La capacité politique des citoyen.ne.s», *Mélanges de la Casa de Velázquez*, nº 49-1, 275-278.

- OLIVÁN, A. (1824). *Ensayo imparcial sobre el gobierno del rey don Fernando VII*. París, Librería de la Rosa.
- PARDO BAZÁN, M. (1822). *Habitantes de la provincia de Lugo*. Lugo, 27/11/1822.
- PÉREZ LEDESMA, M. e SIERRA, M. (eds.) (2010). *Culturas políticas: teoría e historia*, Zaragoza, Institución Fernando el Católico.
- PLOUX, F. (2003). *De bouche à oreille. Naissance et propagation des rumeurs dans la France du XIXe siècle*. Paris, Aubier.
- POCOCK, J. G. A. (2008). *El momento maquiavelo. El pensamiento político florentino y la tradición republicana atlántica*. Madrid, Tecnos.
- POCOCK, J. G. A. (2009). *Pensamiento político e historia. Ensayos sobre teoría y método*. Madrid, Akal.
- PRÍNCIPE, M. A. (1848). *Tirios y troyanos. Historia-tragi-cómico-política de la España del siglo XIX*. Madrid, Baltasar González.
- PUENTE, J. M. (1821). *Habitantes de Galicia*. A Coruña, 21/02/1821.
- PUENTE, J. M. (1821 a). *Manifiesto...* Madrid, El Imparcial.
- QUINTANA, M. J. (2010). *Cartas a lord Holland sobre los sucesos políticos de España en la segunda época constitucional*. Sevilla, Alfar.
- RANCH, A. (2014). «Himnos constitucionales de 1812 y 1820», *Laberintos*, nº 16, 136-165
- Recetas que deberán aplicarse en tiempo oportuno a los nombrados abajo según su clase* (1823). Santiago de Compostela, Campaña y Aguayo.
- REGUERO, J. (1836). *Apología del justo medio*. Toledo, Imprenta de Cea.
- Representación echa por varios ciudadanos residentes en la ciudad de Lugo, (...) con motivo del escandaloso acaecimiento de haber faltado a la celebridad de este día todos los individuos de su Ayuntamiento...* (1821). Lugo, Pujol.
- REYERO, C. (2017). «Absolutismo frente a liberalismo doceañista. El contraataque visual», *Hispania*, nº 256, 407-436.
- RICO Y AMAT, J. (1861). *Historia política y parlamentaria de España*. Madrid, Imprenta de las escuelas pías.
- ROMERO MASÍÁ, A. (2005). *A Coruña liberal, 1808-1874. A loita polas liberdades a través da documentación municipal*. A Coruña, Baía edicións.
- RÚJULA, P. (1998). *Contrarrevolución. Realismo y Carlismo en Aragón y el Maestrazgo, 1820-1840*. Zaragoza, PUZ.
- RÚJULA, P. e RAMÓN SOLÁNS, J. (eds.) (2017). *El desafío de la revolución. Reaccionarios, antiliberales y contrarrevolucionarios (siglos XVIII-XIX)*. Granada, Comares.
- SÁNCHEZ COUCEIRO, G. M. (1827). *Discurso sobre los principales deberes del hombre en sociedad*. Santiago, Juan Francisco Montero.
- SÁNCHEZ RANJEL, H. (1825). *Pastoral*. Lugo, Pujol.
- SANTILLÁN, R. de (1996). *Memorias, 1808-1856*, Madrid, Tecnos.
- SANTIRSO, M. (2014). *El liberalismo, una herencia disputada*. Madrid, Cátedra.
- SANTIRSO, M. (2019). «Corregidores y alcaldes mayores en Cataluña: ¿del absolutismo al absolutismo? (1820-1825)», *Historia Constitucional*, nº 20, 585-606 (<https://www.historiaconstitucional.com>; última consulta: 21/11/2019).
- SANZ LAFUENTE, G. (2005). «La práctica social de la lectura en las comunidades rurales de Baden, 1871-1914», *Ayer*, nº 58, 155-177.



- SEOANE, M. (2014). «La imprenta y la opinión pública», en Cabrera, M.A. e Pro, J. (coords.). *La creación de las culturas políticas modernas, 1808-1833*. Madrid-Zaragoza, Marcial Pons-Prensas Universitarias de Zaragoza, 187-217.
- SIERRA Y BEN, M. (1821). *El jefe político...* Lugo, 21/02/1821.
- SIERRA Y BEN, M. (1821a). *La ignorancia...* Lugo, 6/03/1821.
- SIMIZ, S. (ed.) (2012). *La parole publique en villes des Rêformes à la Révolution*. Villeneuve-d'Ascq, PU du Septentrion.
- TABOADA LEAL, N. (1822). *Canto épico al exaltado patriotismo que han manifestado en febrero del presente año los milicianos voluntarios de Santiago*. Santiago de Compostela, Manuel Antonio Rey.
- TAVARES, M. M. (1999). «Libros e leituras no século XIX», *Revista de História das Ideias*, nº 20, 187-227.
- TERUEL, M. (1996). *Obispos liberales, La utopía de un proyecto (1820-1823)*. Lleida, Milenio.
- USERO, R. (2003). «La época de Fernando VII en Cedeira. Liberales y absolutistas», *Estudios Mindonienses*, nº 19, 629-643.
- VAN HALEN, J. (1836). *Memorias del coronel...* Paris, Lecohte.
- VÁZQUEZ BAZÁN, J. M. (1824). *Sermón predicado en la Sta. Iglesia Catedral de Tuy*. Madrid, Miguel de Burgos.
- VEGA, J. A. de la (1812). *Representación...* A Coruña, Antonio Rodríguez.
- VEIGA, X. R. (2017). *Poder e política na Galiza vilega, 1790-1833. Provincias de Lugo e Mondoñedo*. Santiago de Compostela, Bolanda.
- VÉLEZ, R. de (1827). *Exhortación pastoral (...) contra toda sociedad clandestina...* Santiago de Compostela, Juan Francisco Montero.
- VILLA-URRUTIA, M. de (1931). *Fernando VII, rey absoluto. La Ominosa Década de 1823 a 1833*. Madrid, Francisco Beltrán.

## «Canto sufrimento!» A destrución polo absolutismo da primeira e prometedora xeración de científicos galegos nos inicios do século XIX

XOSÉ A. FRAGA VÁZQUEZ

Marzo de 1812 pareceulles o inicio dun mundo novo a aquel grupo de científicos. Un deles, o deputado ferrolán José Alonso López comunicou a aprobación da Constitución gaditana nunha carta dirixida ao Presidente e vogais da *Junta Superior de Galicia*.<sup>1</sup> Nela celebraba a sinatura polos deputados do texto constitucional o día 18 e a proclamación da Carta Magna e xuramento o mesmo 19. O autor do escrito, destacado mariño e científico, compartía con bastantes dos seus colegas galegos as arelas do cambio de sistema, do paso do absolutismo a un réxime liberal, soterrar o Antigo Réxime.

A maioría dos científicos relevantes do momento, os máis activos, que constituíron a primeira xeración salientable que deu Galicia nese ámbito do coñecemento, viviron como o drama da guerra provocada pola invasión francesa tiña, cando menos, a compensación dunha transformación política cara o progreso. Despois, en 1814, viría a decepción, a represión e os pronunciamentos. Porén en 1820 chegou o Trienio liberal, semellaba que por fin o camiño do cambio ficaba establecido. Foi un espellismo, comprobaron nas súas propias carnes como os momentos políticos de avance en España teñen unha notable fragilidade. Volveu a reacción, a Europa da Restauración absolutista marcaba a pauta e non podía permitir un goberno que fose na dirección contraria aos intereses das elites do momento; ademais, nestas latitudes os partidarios do vello sistema mantiñan altas cotas de poder.

Da xeración de Alonso formaron parte o matemático José Rodríguez González (Universidade de Santiago), quen xogou un papel fundamental, o boticario Julián Suárez Freire, que asumiría a dirección do Colexio de Farmacia de Santiago. Con eles coincidían no ámbito científico persoas como o químico Gabriel Fernández Taboada (Colexio Militar e de Cirurxía de Santiago), José Francisco Vendrell de Pedralbes e Eusebio Bueno (do Colexio de Cirurxía), Domingo Fontán (na universidade e no Colexio Militar), Francisco Esteban Yebra e Francisco Cónsul Jove

1 Oficio de José Alonso López, deputado a Cortes pola *Junta Superior de Galicia*, ao presidente e vogais dela. ARG. Sig. 40006/251-1. Esta Xunta galega estaba supeditada á Central e tiña delegadas competencias no terreo bélico.

(no Consulado coruñés). Un colectivo que mantiña conexións con outros amigos e correligionarios, como era o caso de Ramón de la Sagra, Casiano de Prado ou Jacobo María de Parga.

A represión absolutista que seguiu ao derrocamento do goberno liberal en 1823 foi aínda máis forte que no período anterior (1814-1820); o que restaba por destruír, foi destruído. Cando anos despois, de xeito morno, volveu certa liberdade xa algúns dos protagonistas científicos do movemento liberal de principios de século estaban mortos, outros sobreviviran como puideran, xeralmente fóra de Galicia, mais nada era igual. Perderamos unha brillante xeración, o movemento inicial da actividade científica no país, un auténtico desastre. Debemos telo en conta á hora de valorar ese momento histórico e as dificultades que tivo a Ciencia nestas latitudes para normalizarse. E tamén para recoñecer o esforzo e sacrificio dos protagonistas.

### 1. A necesidade de persoal científico cualificado

No inicio do século XIX existía unha certa continuidade en España do programa científico de raíz ilustrada. É sabido que no XVIII o Despotismo ilustrado favoreceu reformas do Antigo Réxime; o movemento intelectual impulsado por autores como Feixóo e Sarmiento, que promoveron unha certa renovación na primeira parte do século, favoreceu a incorporación da cultura e da ciencia europeas.

Nese contexto, a formación de persoal cualificado nas ciencias modernas (Física, Química, Matemáticas, Historia Natural, etc.) foi unha necesidade sentida por diferentes sectores da sociedade e desde diversas perspectivas. O grupo dirixente do Estado precisaba con urxencia a profesionais competentes no Exército e na Armada, especialistas que puideran facer uso dos novos coñecementos no ámbito da Navegación, Xeografía, Artilería, Cirurxía, etc. Por outra banda, as elites sociais precisaban aproveitar ás novidades no terreo do coñecemento e das técnicas para mellorar o sistema produtivo, aumentar os rendementos das súas actividades agrícolas, industriais e comerciais.<sup>2</sup>

Este «bloque ilustrado» abordaba os cambios desde unha perspectiva reformista, sen poñer en cuestión a continuidade do absolutismo borbónico, que lles favorecía. Mais nos obxectivos modernizadores e na práctica de certas reformas contaron con aliados que partían dunhas concepcións e intereses diferentes. Eran estes, profesionais diversos, burgueses, profesores, etc., identificados, en distintos graos, coa alternativa liberal ao vello sistema político, a súa rotura, e partidarios do desenvolvemento pleno do sistema produtivo, dunha educación moderna afastada da total titoría da Igrexa e dunha atención sanitaria actualizada.

2. Así explicaba, por exemplo, o célebre químico Louis Proust a necesidade de que os coñecementos químicos actuaran na Economía incidindo nas empresas de «los tintes de lana, hilo, seda y algodón, las de blanqueos de lienzo y papel, las de curtidos, las de jabón, las de vidrio, las de cristal, de porcelana, las de preparaciones animales, vegetales y minerales, para uso de la farmacia, y de la tintura, las de fermentaciones, destilaciones, fundiciones, y afinaciones de metales, etc.» (*Plan de la Escuela de Química*, artigo 1º do Título 2º. ARG. Xunta Superior de Subsidios, Armamento e Defensa do Reino de Galicia. Sig. 39371/99).

Esa coincidencia de interese, con obxectivos diversos, e os importantes avatares políticos da parte final do século, como a Revolución francesa de 1789 ou a invasión do exército napoleónico, condicionaron un proxecto modernizador cheo de contradicións e vaivéns. Un cambio que no caso das ciencias pasou pola contratación de persoal estranxeiro axeitado, a espionaxe industrial e a constitución de novas institucións científicas (escolas de Química, colexios de Cirurxía, sociedades económicas, etc.).

### 2. O fracaso da modernización ilustrada na Universidade de Santiago de Compostela

A renovación da docencia científica superior foi un dos aspectos básicos do proxecto ilustrado. A mediados do século XVIII as universidades concentraban case en exclusiva a formación científica e mantiñanse á marxe da renovación europea; os currícula prestaban escasa atención aos temas científicos e estes estaban tratados desde unha perspectiva obsoleta (Peset e Peset, 1974; Peset, 1988).

As universidades do momento, xa que logo, non atendían ás necesidades do aparato do Estado, da economía e, en xeral, dunha sociedade sumida na ignorancia. Mais a casta universitaria si que cumpría perfectamente unha función básica que o sistema lle asignaba, o control ideolóxico en base á ortodoxia católica e a reprodución profesional das elites, vía titulacións.

Fronte ese panorama, tentouse reformar o ensino universitario. A principal estratexia reformista utilizada foi a da modificación dos planos de estudos, que, sobre todo, a partir da proposta de Pedro Rodríguez Campomanes pretenderon incorporar, desde 1771, as novas disciplinas científicas, favorecendo o seu tratamento desde unha perspectiva experimental, ou, cando menos, comprobatoria. Un cambio moderado, favorecendo un novo clima intelectual, unha mentalidade científica que permitise a nova formación, pero que atopou notables atrancos (Peset e Peset, 1988).

En Galicia, para a única universidade existente nese tempo, a de Santiago de Compostela, aprobouse o plan de estudos modernizador en 1772. O proceso de renovación caracterizouse polo intento da incorporación de actividades prácticas, dunha formación afastada das especulacións precientíficas (Díaz-Fierros, 1971; Sisto e Fraga, 1996). O punto de partida era un labor docente anacrónico, coas clases impartidas en latín, en base á lectura dun texto nese idioma, discusións especulativas, ausencia de instrumentos e de actividades prácticas. E un dominio de concepcións filosóficas precientíficas, coa persistencia dos saberes aristotélicos e o rexeitamento das metodoloxías das ciencias modernas. O proceso innovador avanzou tan lentamente e con tantos atrancos desde o interior da institución que cómpre cualificalo de fracasado.

### 3. Algúns profesores da universidade a prol do cambio

Fronte ás incorporacións formais das novas disciplinas, as resistencias ás innovacións se centraban na oposición ás concepcións científicas modernas, nas dificul-



Retrato ficticio  
de Gabriel Fernández Taboada.  
Jorge Llorca, 2019

tades de aplicación práctica pola carencia de medios e en aspectos corporativos. Nese contexto, imos comentar os intentos modernizadores e algúns dos seus protagonistas na universidade compostelá.

En Medicina as pretensións de cambio iniciáranse en 1755, coa posta en funcionamento de dúas cátedras, a de Anatomía e Cirurxía e a de Física Experimental (esta como estudos de carácter previo). Máis tarde, en busca dun ensino práctico, entre 1799 e 1801, a Facultade de Medicina deixou de ser tal, formando a Facultade Reunida co Colexio de Cirurxía local; tamén entre 1821 e 1823 integrouse na *Escuela especial de la Ciencia de Curar*, con Cirurxía e os estudos farmacéuticos. A azarosa vida da facultade compostelá pasou pola desaparición entre 1807 e 1811. Entre o plan de 1772 a as primeiras décadas do século XIX estaba dotada de catro ou cinco cátedras (García Guerra, 2001).

As clases de Anatomía, a pesar das disposicións que sinalaban que o lugar da docencia era o Hospital, impartíanse nas aulas universitarias e non polo catedrático, senón por disectores, nun ensino máis ben demostrativo. Domingo Camiña Fortes foi nomeado en 1792 catedrático de Anatomía e chegaría a ser decano da facultade. Ese mesmo ano noméase a Marcos Marín para Cirurxía, completándose así o proceso que se iniciara (trinta e sete anos antes) coa creación dunha única cátedra de Medicina e Cirurxía. Domingo Camiña daba as leccións públicas de Anatomía pero as diseccións as facía o catedrático de Cirurxía. Mantense así a vella idea do «traballo sucio» que supoñen as diseccións e nas que o catedrático só intervéen explicando as manipulacións do disector e os órganos e funcións que este

deixa a vista (Sisto Edreira, 2012). Por outra banda, os legalismos foron utilizados en casos como o de Ramón Herrera, médico e cirurxián do Hospital Real en 1798, que posuía o grao de bacharel pola Universidade de Sevilla, estudos no Colexio de Cirurxía de Cádiz e anos de práctica nos barcos e hospitais da Armada. Este profesional, con esa notable bagaxe práctica, necesitou dispensa de dous cursos de Método para optar ás cátedras de Medicina e aos graos maiores da Facultade.

As resistencias á modernización do ensino na Facultade de Medicina no período encontran un contrapunto na salientable figura de Francisco de Neira, un dos principais defensores e introdutores da ciencia moderna en Galicia (Díaz-Fierros e Sisto, 2013). Este lucense adestrárase en Cirurxía e Disección Anatómica por dous anos no Hospital militar de Ferrol, foi nomeado en 1781 para a segunda cátedra de Institucións médicas e exerceu tamén como substituto da de Cirurxía en parte do curso 1780-1 e no seguinte, amosando que non compartía os prexuízos segregacionistas que a meirande parte dos médicos tiñan contra os cirurxiáns. Entre 1784 e 1788 realizou unha viaxe de estudos polos principais centros científicos europeos, perfeccionando os seus coñecementos científicos.

O titular da cátedra de Física, Dr. Cao, exercía un ensino anacrónico, aristotélico. Porque, a pesar do que dicía o novo plan que Universidade aprobara en 1772, a cátedra de Física experimental estaba nas mans dos filósofos tomistas, o que impedía na práctica a implantación da nova Física, que, por outra banda tiña un exercicio de tipo «comprobatorio» (comprobar enunciados), pois así se entendía o experimental naquel tempo (Moreno, 1988). A situación motivou as críticas, entre outros, de Francisco Cónsul Jove quen, no 1786, afirmaba que *a cátedra de Física segue levada por teólogos peripatéticos e filósofos do scotismo*.<sup>3</sup> As propostas de Isaac Newton, o pai da Física moderna, non se impartían nas aulas, a pesar de que a súa obra principal se publicara en 1687, cen anos antes.<sup>4</sup>

Cando a universidade sacou a concurso a cátedra pola morte de Cao, Neira escribiu dende París ao *Real Consejo de Castilla* pedindo que se cumprira o Plano de 1772 e se eliminara da convocatoria a teólogos e filósofos aristotélicos. O Consejo deulle a razón e rexeitou a convocatoria da universidade polo que, á volta de París, en 1788, Neira solicitou a súa promoción dende a cátedra de Medicina á de Física. A pesar da forte oposición interna, o 23 de outubro de 1789 foi asinado e remitido ao reitor o Real Nomeamento de Neira como catedrático de Física experimental. Cómpre subliñar que o apoio externo a Neira, o do «Real Consejo», foi decisivo fronte á oposición gremial dos partidarios do vello, instalados e poderosos no seo da universidade compostelá. A chegada de Neira á cátedra supuxo a modernización, por fin, da docencia da materia, pero só teórica, dada a carencia do necesario material experimental. Neira volvería a ter protagonismo no breve período da Facultade Reunida (1799-1801), na que, como vicedirector, insistiu na petición de medios para o ensino práctico e no interese pola adquisición de material para o Gabinete de física

<sup>3</sup> Díaz-Fierros, 1987:10.

<sup>4</sup> Malia a cátedra seguiu sen contar cos instrumentos necesarios; hai que agardar a 1816, máis de 25 anos, para que o Claustro do 9 de xullo acordara a merca dos referidos instrumentos para o ensino das Matemáticas, Física e Química, xestión na que axudou José Rodríguez.



Busto de Xosé Rodríguez González.  
Bermés. Fotografía de Xosé A. Fraga



Busto de Domingo Fontán no C.P.I.  
«Domingo Fontán». Portas, Pontevedra.  
Fotografía de Xosé A. Fraga

José de la Vega foi o sucesor de Neira na cátedra, en outubro de 1796. Seguiu defendendo as ideas do seu antecesor, porén foi postergado na substitución da cátedra por Fernando Carballeira, sen atender ás condicións impostas no nomeamento de Neira, nin ás súas protestas.<sup>5</sup> En outubro de 1799 será nomeado substituto Juan Camiña.<sup>6</sup> Juan Bautista Camiña (1774-1827) era o fillo do cate drático de Anatomía Domingo Camiña e fora alumno de Francisco Pedralbes na Facultade Reunida. Nomeado por primeira vez para ocupar a cátedra durante o curso 1799-1800, en 1808 volveuno a ser e permaneceu no posto ata 1814, aínda que coas interrupcións que na vida universitaria provocou a chegada do exercito francés a Compostela en 1809. Manifestou a súa preocupación pola falta de instrumental científico na cátedra, o que impedía desenvolver o carácter experimental da materia. Camiña estaba identificado co liberalismo, polo que en 1814, trala restauración absolutista, foi apartado da cátedra e privado, por Real Orde, de voz e voto no Claustro universitario e fuxiu a Porto.

O primeiro profesor de Química no ensino superior de Galicia foi Eusebio Bueno Martínez (1774-1814). Deste introdutor da docencia da Química, Física xeral, Botánica e Mineraloxía, relacionadas coa Medicina no ensino superior galego, falaremos con vagar despois, ao abordar o Colexio de Cirurxía. Máis tarde, a Química apareceu nos curricula universitarios co plan Caballero de 1807, limitada á

marxinalidade na cátedra de «Física experimental e nocións de Química». O seu titular foi José de la Vega pero o feito de que no complexo proceso da invasión napoleónica adoptara unha postura conciliadora coas autoridades francesas obrigouno fuxir, ocupando o seu lugar Juan Camiña. Nesa situación chegou a Santiago en 1811 o ourensán Gabriel Fernández Taboada (1776-1841), quen realizara estudos farmacéuticos en Madrid, pasando despois á Escuela práctica de Química dirixida por Louis Proust. En 1804 o Rei nomeouno Profesor de Química de Santiago e acudiu a París para rematar a súa formación. Cando en 1811 retornou á cidade compostelá, pretendeu impartir as súas clases no seo da universidade e aí deu comezo o conflito. A institución rexeitouno, entre outras cousas, porque a súa demanda non encaixaba co procedemento establecido. Porén a *Junta Superior de Galicia* apoiou as pretensións de Taboada, obrigando á admisión do químico.

No tempo que tivo a opción de impartir docencia na universidade Taboada redactou un texto dirixido ao público interesado, no que expuxo o seu xeito de concibir o ensino práctico da Química:

«No se enseña, ni se enseñará jamás de sola conversación [...]. El profesor que desea cumplir con su obligación, al tiempo de hablar a sus discípulos de la atracción molecular de dos o más cuerpos, debe explicarles los fenómenos que van a ver, hacérselos notar en el tiempo en que se efectúan, presentarles el resultado, y por último manifestarles sus propiedades y aplicaciones a las necesidades de la vida. Este es el verdadero objeto de la química. Para desempeñarlo debidamente es necesario acopiar una multitud de procedimientos o resultados analíticos».<sup>7</sup>

A volta do absolutismo en 1814 supuxo a desaparición das autoridades que constituían o principal apoio a Taboada, nas universidades españolas restaurouse o plano de 1807 e a de Santiago aproveitou a conxuntura política para queixarse das presións recibidas e despedir a Taboada. Como consecuencia do longo enfrontamento a prometedora carreira docente e, sobre todo, investigadora de Taboada viuse limitada (Fraga, 1995 a), co conseguinte prexuízo para a sociedade. Coa excepción circunstancial das experiencias de Eusebio Bueno (1799-1801) e Taboada (1811-14), a academia compostelá non acolleu a Química de xeito pleno ata a creación da cátedra en 1845, como consecuencia do plano Pidal, da que se faría cargo Antonio Casares. Mentres, a Química só foi ensinada en Santiago fóra das aulas universitarias, no Colexio de Cirurxía, Colexio de Farmacia e na *Sociedad Económica de Amigos del País* (Sisto e Fraga, 1996).

O contencioso con Taboada permítenos tamén coñecer a forma en que desde o estamento universitario eran consideradas as novas ciencias, despois de décadas de intentos modernizadores. A universidade afirmaba sobre a Química *que si es necesaria para la Farmacia, para las artes, la guerra, etc., no lo es para los cursantes de la Universidad*.<sup>8</sup> Ou sexa, esa nova ciencia valía para fabricar medicamentos, a actividade industrial e comercial e para cuestións relacionadas coa guerra (ex-

<sup>5</sup> AHUS. *Serie histórica*, cartafol 183. Libros de Archivo, A-136, fol. 308.

<sup>6</sup> AHUS. *Serie Libros de Archivo*, A-136, fol. 529.

<sup>7</sup> *Gaceta Marcial y Política de Santiago*, 130, 25 novembro 1813.

<sup>8</sup> AHUS. *Expedientes Personales*, leg. 419, doc. s.f., 1813.



plosivos, etc), un mundo que, polo que se ve, estaba fóra das preocupacións da universidade, máis interesada nunha formación limitada ao terreo teórico e con contidos anacrónicos, pois *Se consideran a sí mismas como recintos protectores del antiguo saber teórico, que intentan mantener su prestigio.*<sup>9</sup>

#### 4. As Matemáticas. Rodríguez e Fontán

Dous profesores de Matemáticas, José Rodríguez (1770-1824) e Domingo Fontán (1788-1866), identificados co liberalismo, salientan entre os comprometidos co proceso modernizador (Barral, 2012 a, b). En 1752 o Claustro da Universidade acordara a creación da cátedra de Matemáticas, da que sería o seu primeiro titular Antonio Arias Teijeiro. Mais, o profesor que asentou a disciplina foi Luis Marcelino Pereira, ocupándose dela entre 1775 e 1792. Tras o paso de Cristobal Pecul, encárgase da materia José Rodríguez, a quen substituirá nas súas extensas estadias no estranxeiro Domingo Fontán e Luis Posse, que se ocuparon das dúas materias, Elementos de Aritmética e Matemáticas Sublimes.

A escasa presenza das Matemáticas na universidade no século XVIII, ponse de manifesto en dous episodios relacionados co acceso de Rodríguez á cátedra. A decisión, en 1798, de que o matemático de Bermés (Rodríguez) rexentara ese posto, fronte Cristobal Pecul, correspondeulle a dous especialistas alleos á institución, Cipriano Vimercati, que fora primeiro mestre da Academia de Gardas Mariñas de Ferrol e Bernardo Foyo, frade bieito residente en Santiago.<sup>10</sup> E o tribunal que lle outorgou a cátedra en 1799 a Rodríguez estaba composto por Francisco Roldán, Francisco Yebra e José Alonso López. O betanceiro Francisco Roldán y Gil, formado na Academia de Gardas Mariñas de Ferrol, estaba destinado nese momento na Coruña como primeiro axudante de Rafael Clavijo y Socas, brigadier e responsable dos Correos Marítimos na cidade herculina. Francisco Yebra era profesor de Matemáticas no Consulado de A Coruña e José Alonso López mestre de Matemáticas da Academia de Gardas Mariñas de Ferrol.

Rodríguez xogou un papel decisivo dentro do grupo de científicos liberais galegos. O matemático estableceu intensas relacións con representantes do liberalismo progresista do momento, especialmente co catedrático do Colexio de Farmacia Julián Suárez Freire, co que mantivo unha estreita amizade ao longo da súa vida, co coéngo Pedro Antonio Sánchez e co impresor Manuel Antonio Rey («Rey Chiquito»). E destacou entre os seus colegas polo acceso que acadou a outras universidades e entidades de investigación europeas ás que se desprazou entre 1803 e 1820. Desde fóra, o «matemático de Bermés» sempre enviou libros e material de laboratorio para a universidade galega e outras institucións de estudo, mesmo produtos químicos para Farmacia e Medicina e exerceu como eficiente asesor dos colegas e amigos galegos.

A primeira saída ao estranxeiro, entre 1803 e 1806, tivo como destino París, a onde marchou como docente de Astronomía. En 1806 foi nomeado polo goberno



Ramón de la Sagra, 1844.  
Biblioteca Nacional de Cuba



Casiano de Prado. Copia do óleo  
de Ignacio Burguete. Instituto Xeolóxico  
e Mineiro de España. Madrid

de España Comisario das operacións para a medición do Meridiano de Dunkerque a Basilea, un proxecto que formaba parte dunha iniciativa internacional dirixida por dous científicos franceses, o xeógrafo e astrónomo Pierre Françoise André Mechain (1744-1804) e o matemático e tamén astrónomo Jean-Baptiste-Joseph Delambre (1749-1822). En 1808 continuou a formar parte da Comisión para o tramo español da prolongación do Meridiano de Barcelona ás Illas Baleares. A *Junta Central Suprema* encargoulle a Rodríguez, en 1808, que desde Cádiz fixera as medicións e os cálculos precisos para elaborar un Mapa exacto de España. Entre 1809 e 1811 o matemático galego trasladouse a Londres por orde da mesma Xunta para continuar coas súas investigacións científicas noutros centros punteiros. Os *colleges*, a Royal Society, institución coa que o profesor Rodríguez colaboraba desde 1797, recoñeceron de seguido o valor da contribución do noso paisano.

Entre 1812 e 1814 Rodríguez volveu a facerse cargo da cátedra de Matemáticas Sublimes na Universidade de Santiago e manifestouse como grande impulsor da Ciencia e da difusión da mesma a través, como veremos, da defensa dos Colexios prácticos. O feito de acadar outra axuda económica para unha estadia científica no estranxeiro determinou que viaxara de novo a Francia e tamén a Alemaña, entre 1814 e 1817. Nesta viaxe ampliou estudos en Ciencias naturais na Escola de Minas de Freiberg e na Universidade de Gotinga. Durante este percorrido por Europa coñeceu ao abade René J. Haüy (1743-1822), o pai da Cristalografía moderna e ao científico alemán Abraham Gottlob Werner (1749/50-1817), o fundador da Xeognosia. En 1819 O goberno de España nomeou a Rodríguez director do Observatorio Astronómico de Madrid e profesor de Astronomía do Museo de

<sup>9</sup> Peset e Peset, 1974:275.

<sup>10</sup> Estaba en San Martiño Pinario. Foi tío do matemático Agustín Bernardo de Pedrayes y Foyo.



Retrato ficticio de José Alonso López.  
Jorge Llorca, 2018

Ciencias Naturales da capital. En 1821 accedeu á cátedra de Astronomía da Universidade Central.

O seu principal discípulo, Domingo Fontán, substituíuno entre 1814 e 1818 na cátedra de Matemáticas Sublimes. Nese tempo tivo como alumnos ao futuro xeólogo Casiano de Prado e ao futuro científico e economista Ramón de la Sagra. O 3 de Abril de 1818 Fontán gañou por oposición a cátedra, na que permaneceu ata 1835. En 1814 foi nomeado vicesecretario da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago. Por este tempo, Domingo Fontán, xunto con José Rodríguez, Juan Camiña, Julián Areán e Joaquín Patiño, figuraba entre os liberais máis destacados do claustro de Fonseca e estaba relacionado co grupo de liberais coruñeses que se xuntaban no café *La Esperanza*. Restaurado o absolutismo, a súa condición liberal determinou que o 23 de Maio de 1814 fose denunciado por Freire Castrillón ante o claustro. Porén, o 3 de xuño do ano seguinte, 1815, foi absolto do proceso.

##### 5. Dous discípulos salientables, Ramón de la Sagra e Casiano de Prado

Entre os discípulos de Rodríguez e Fontán destacaron Ramón de la Sagra e Casiano de Prado, ambos identificados co ideario liberal dos mestres. Pola súa formación e competencia poderíamos supoñer que estaban chamados a xogar un papel importante no mundo académico galego, mais non foi así, desenvolveron fóra de Galicia o seu labor, o que é un dato revelador da fragilidade da posición de Ro-

dríguez e Fontán e dos tempos complicados que deberon sufrir os partidarios do liberalismo nese período histórico.

Ramón de la Sagra y Peris (1798-1871) procedía dunha familia da burguesía mercantil coruñesa enriquecida no comercio con América. En 1813 ingresou no Colexio militar de Santiago de Compostela, cidade na que estudou Lóxica, Metafísica, Matemáticas Sublimes, Institución Médicas e Anatomía e na que se fixo amigo de Casiano de Prado (Cambrón, 2012).

Casiano de Prado e Vallo (1797-1866) ingresara en 1815 na universidade da súa cidade natal, Compostela, onde cursou as disciplinas de Artes e Filosofía e tamén acudiu ao Colexio de Farmacia (Díaz-Fierros, 2013). Cando en 1814 Fernando VII traizoou o seu xuramento a prol da Constitución de Cádiz de 1812 e propiciou a volta ao sistema absolutista, os liberais non deixaron de loitar pola súa recuperación. Casiano e outros compañeiros seus participaron de cheo nesa dinámica. El, o seu amigo máis próximo, Ramón de la Sagra, e Juan Antonio del Río, reuníanse con outros en xuntas secretas que se celebraban cara a noite no pazo do Marqués de Santa Cruz. Nelas falábase de filosofía e política, sendo Prado un dos seus principais animadores.

En 1817 aínda operaba unha sinistra organización, a Inquisición, que tiña en Santiago un tribunal moi activo. No seu labor represor contaba coa axuda de estudantes que actuaban como delatores, que informaban das ideas liberais e «heréticas» dos seus compañeiros. Un deles foi José Varela de Montes, quen anos despois sería salientable catedrático da Facultade de Medicina. Varela fixo de ruín delator de Juan Antonio del Río, indicando na denuncia «proposiciones de Prado», ou sexa, opinións «heréticas» de Casiano. Iniciouse o expediente contra este o 31 de maio de 1817 e foi levado a cadea uns meses despois, o 3 de decembro de 1817, cando tiña vinte anos. Ao remate do frío mes de xaneiro de 1819, o día 27, saíu do cárcere compostelán da Inquisición o mozo Casiano de Prado. Pasara o tempo da prisión illado, nunha cela individual e sen contacto coa familia e amigos, só dispuña dun lapis co que escribiu versos e debuxos nas paredes do local. A experiencia resultou, loxicamente, dura e dolorosa para o mozo, quen sintetizaría despois o que sentiu: «Canto sufrimento!».

O pai de Casiano, Melchor de Prado e Mariño exercía como arquitecto en Compostela, mais a súa ideoloxía liberal e amizade con persoas tan significadas nese mundo como Sinforiano López levárono a deixar a súa cidade natal e marchou cara A Coruña, onde o 13 de abril de 1818 foi nomeado arquitecto municipal. O cambio de residencia favoreceu que cando Casiano saíu da cadea pasara a vivir coa familia na cidade herculina, axudando ao pai no seu traballo e implicándose moito co moi activo sector liberal da cidade. Del formaba parte o francés Pierre Alexandre Auber Fondniare (1786-1843), quen nacera en Écrainville, Alta Normandía. Con pouco máis de vinte anos pisou territorio español formando parte do exército francés que invadiu a Península Ibérica en 1808 (Fraga, 2012). Prisoneiro na batalla de Bailén, foi liberado e pasou a residir en Madrid, onde actuou como xefe de contabilidade da administración central do hospital do exército español de José I Bonaparte. Na capital española realizou estudos que o dotaron



dunha notable formación en diversas áreas científicas. Dous elementos definen a personalidade pública de Auber, a actividade profesional no terreo científico e o intenso compromiso co liberalismo. Auber chegou a Coruña en 1813 e semella que a razón foi que destinaron como Capitán Xeral de Galicia ao seu amigo, o xeneral Luis Lacy, un andaluz de familia de orixe irlandesa católica. O francés gañaba a vida como profesor, impartindo clases de diversas ciencias e intensificou a súa relación coa cidade herculina ao casar o 24 de xaneiro de 1818 con Ubalda de Noya y Abad, da burguesía ilustrada coruñesa.

## 6. A alternativa modernizadora nas institucións extrauniversitarias

As necesidades do sistema e da sociedade e os atrancos atopados cos proxectos reformistas no ámbito universitario obrigaron a que a modernización da docencia científica discurrira por outra vía. No caso de Galicia falamos de diversas experiencias no terreo médico, da Academia de Gardas Mariñas de Ferrol, dos Colexios prácticos, da *Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago* e do Consulado coruñés.

No ámbito médico debemos lembrar dúas iniciativas innovadoras, modestas aparentemente pero que cómpre valorar tendo en conta que acontecía na universidade. A primeira corresponde á creación, en 1751, do Hospital militar de Ferrol, dotado posteriormente dun anfiteatro anatómico. A segunda experiencia foi a Escola de Anatomía no Hospital militar de A Coruña, por iniciativa de Mauricio Echandi Montalvo (1732-1785). A proposta de Echandi da conveniencia de establecer un «Curso de Anatomía con demostracións prácticas» foi finalmente atendida e aprobada en abril de 1767, en virtude das Ordenanzas de 1739, que abrían a posibilidade aos Hospitais de Guerra de realizar todos os anos un «Curso de Operacións de Cirurxía» e outro de «Disecións Anatómica».<sup>11</sup> Echandi ocupouse da dirección do curso anatómico-cirúrxico e da impartir a docencia, xunto co cirurxián Guillermo Molier (1701-1779) (Dosil e Fraga, 2013).

## 7. Academia de Gardas Mariñas de Ferrol

A Compañía e Academia de Gardas Mariñas, creadas en Cádiz en 1717, foron unha peza básica para formar unha oficialidade instruída en consonancia coas novas esixencias da navegación e da guerra; mais a Academia non só fornecería de oficiais á Armada senón que constituiría un complexo científico (Sellés, 1988). Estableceuse unha dobre estrutura, militar, Compañía, e docente, Academia. A Academia tiña un Director que era o Primeiro Mestre, ao que acompañaban un Segundo e Terceiro Mestres, que ensinaban Matemáticas.

En 1776 dividiuse a Academia en tres, Cádiz, Ferrol e Cartaxena. Os libros de texto utilizados recollían as principais novidades científicas do momento e os exames eran públicos. Na de Ferrol, entre o profesorado salientaron dous persoaxes, Vimercati e Alonso López. Cipriano Vimercati Benitez (1730-1808) fora

«primer profesor» da Academia de Artillería de Segovia, outro importante centro de formación militar. En decembro de 1776 foi nomeado para a nova Academia de Ferrol. Por Real Orde de 14 de outubro de 1790 pasou a ser Director das tres Academias de Gardas Mariñas.

Bernardo José Alonso López y Nobal (1763-1824) estudou na Academia de Gardas Mariñas ferrolana e foi destinado ao Observatorio astronómico da Compañía local. A súa incorporación definitiva á Academia tivo lugar en 1797, cando acadou o posto de terceiro mestre o 15 de novembro dese ano. Alonso foi, probablemente, o político liberal galego máis salientable das dúas primeiras décadas do século XIX (Mato e Fraga, 2012). O mariño e matemático formou parte da Xunta local de Ferrol cando se produciu o levantamento en Galicia contra a invasión francesa de 1808. En xullo de 1809 foi nomeado pola *Junta del Reino* enxeñeiro comandante das fortificacións da súa cidade e, en novembro, enviado como comisionado ao exército inglés que estaba en Astorga ao mando de sir David Baird, ao que acompañou ata que embarcou na Coruña para Inglaterra. A comezos de 1810 resultou elixido vogal, pola provincia de Betanzos, da *Junta Superior de Subsidios, Armamento y Defensa de Galicia*, da que se converteu nun dos seus membros máis activos e destacados. No verán de 1810 foi nomeado deputado a Cortes en representación da propia *Junta*, onde interveu en oito comisións e participou en 44 sesións da cámara, presentando proxectos reformistas no ámbito económico e social e apoiando todas as causas favorables á transformación da vella sociedade, do Antigo Réxime. A súa intervención parlamentaria máis coñecida tivo lugar durante o debate, en 1811, sobre a abolición de señoríos, que iniciou el mesmo e no que terminaba solicitando: *Que se destierren sin dilación del suelo español y de la vista del público, el feudalismo visible de horcas, argollas y otros signos tiránicos e insultantes de la humanidad, que tiene erigido el sistema del dominio feudal en muchos cotos y pueblos de la Península, particularmente en los del reino de Galicia*» (Mato e Fraga, 2012).

Durante a restauración do absolutismo (1814-1820) Alonso escribiu un extenso tratado de 1670 páxinas, seis tomos e un caderno con catro planos e dez láminas. Publicouno pola súa conta e de xeito anónimo en 1820 en Madrid, logo do triunfo da insurrección liberal, co título de *Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos, a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares de esta clase, relativas al Ferrol y a su comarca*. Unha obra enciclopédica na que o autor abordou diversos aspectos históricos, xeográficos, económicos, políticos e científico-técnicos de España, Galicia e a comarca ferrolá.

## 8. Sociedade de Amigos do País e Consulado Marítimo

Outra institución de interese foi a *Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*. Creada en 1784, nos sus inicios participaron activamente científicos innovadores como Domingo Fontán, Cónsul Jove e Eusebio Bueno. Nos anos trinta sabemos da existencia dunha cátedra de Química, impartida por Antonio Casares.

11 Riera Palmero, 1996:65.

O asturiano Francisco Cónsul Jove y Tineo (1754-1810) realizara estudos de Matemáticas en Oviedo, onde a Audiencia o condeou a 20 anos de desterro, o que o levou a residir en Santiago de Compostela (Díaz-Fierros, 2013). Debeu chegar sobre 1782 e alí cursou un ano de Física, tres de Medicina teórica e anatomía, graduándose de bacharel; continuou cos estudos de medicina outros dous anos, ata obter a licenciatura. En Compostela integrouse axiña nos ambientes innovadores, publicando en 1786 a *Memoria sobre el conocimiento de las tierras. Verdadero y económico método de cultivarlas, adaptado al clima y circunstancias de Galicia y Asturias*. En 1788, titulábase Bachiller en Medicina e Profesor en Física Experimental. Nese mesmo ano publicou o *Ensayo de Hidráulica Rústica*. Este libro, aínda que fora aprobado por el Consejo de Castilla, foi o motivo fundamental sobre o que se baseou o proceso que a Inquisición lle abriu en 1789. Denunciado por un salmista da catedral por «proposicións», foi detido e rexistrada a súa casa onde so atoparon como sospeitoso o libro de Hidráulica Rústica, no que aparecía un amplo prologo (pénsase que incluído posteriormente á súa aprobación polo Consejo) no que autor criticaba con dureza aos físicos aristotélicos e defendía o heliocentrismo de Copérnico. Durante ese ano e boa parte do seguinte pasou pola cadea da Inquisición e estivo sometido ás diferentes fases do proceso ata que resultou condenado a desterro no mosteiro de Sobrado e acabou vivindo na Coruña.

Unha iniciativa útil para a o espallamento da ciencia e a docencia científica foi a do Real Consulado de A Coruña, o Consulado Marítimo y Terrestre. Esta institución naceu en 1785 e a súa actividade perdurou ata 1833 (Sánchez Rodríguez de Castro, 1992). A xurisdición abranguíu todo o litoral galego e tiña como obxectivo o fomento da riqueza e extensión da navegación e estaba composta por unha mestura de importantes propietarios e unha nacente burguesía. O Consulado constituía un espazo aberto ás mentalidades liberais, que xunto a iniciativas de fomento converteron a institución nun centro educativo en materias como o Debuxo e a Náutica. Na docencia desta salientaba o labor innovador do alférez de fragata Francisco Esteban Yebra.

Tamén destacou pola súa formación científica e ideoloxía liberal o asturiano Francisco Cónsul Jove, residente na Coruña desde 1791, onde exerceu de médico e colaborou co Consulado con diversos informes. Así mesmo, foi premiada nun concurso de 1793 a súa *Memoria Físico-Económica sobre el mejoramiento de los lienzos en Galicia por todos los medios conocidos*, editada ao ano seguinte en Madrid. Exerceu a Medicina na Coruña desde seu nomeamento, en 1791, como médico titular do Hospital de la Caridad. En 1797 presentou a *Memoria en suplemento a la Agricultura rústica... sobre el nuevo descubrimiento de desaguar radicalmente las lagunas y grandes pantanos* e *Memoria físico-económica sobre los Para-yelos, o medios de preservar de la helada los árboles frutales*. Semella que Cónsul Jove viviu na Coruña cando menos ata 1802, data en que asinou un artigo no *Semanario de Agricultura y Artes* dedicado ao melloramento dos lenzos en Galicia. Marchou posteriormente a súa terra natal, na que morreu oito anos despois. Antes escribira un traballo sobre *Electricidad natural y sus efectos*, manuscrito no que o seu irmán engadiu: «obra póstuma de D. Francisco Cónsul». Alexander Jardine, cónsul bri-

tánico na Coruña e prominente liberal, estableceu un sólido contacto con Cónsul Jove e Francisco Esteban Yebra. Jardine trasladou a proposta á entidade consular de que creara un Instituto similar ao fundado por Jovellanos en Xixón en 1794, o *Real Instituto Asturiano de Náutica y Mineralogía*. No noso caso sería unha institución de ámbito galego.

A lista de profesores de Náutica da Escola inclúe a Garrido Moreno, Yebra, Paz, Fernández Villamil e Zuluaga. No remate do período incorporouse o matemático, discípulo de Fontán, Benito Sotelo. O plano de estudos inicial abranguíu Aritmética inferior, Cosmografía, Astronomía, Xeografía, Arte de Navegar, Trigonometría plana e esférica e Levantamento de planos. En 1806 se incorporaron as disciplinas de Xeografía e Álgebra. En 1812 houbo un novo plano de estudos, que ampliou os contidos matemáticos e físicos; incrementase a Álgebra, introdúcense Sección de cónicas, Cálculo infinitesimal, diferencial e integral, Estática e Dinámica, Hidrostática, Hidráulica e Óptica. Os estudos se completaban cun curso de prácticas de navegación. O Consulado recollía as novidades presentes no resto das iniciativas ilustradas extrauniversitarias. Referímonos á instauración de exames públicos, asistencia a clase, obriga de libros de texto, que estaban escritos en castelán e actualizados cientificamente, e o carácter práctico do ensino.

## 9. Os colexios prácticos de Santiago

Os colexios prácticos foron institucións que apostaban pola formación nas ciencias que, por contraste coa impartida polas universidades, eran denominadas de «útiles» (Química, Historia Natural, Cirurxía, etc.). Eran institucións á marxe da Universidade de Santiago, se ben houbo unha conexión temporal cando no Goberno salientaba a presenza de partidarios do desenvolvemento das novas ciencias e dun ensino práctico, 1799-1801 e 1820-23. Diversos alumnos e profesores universitarios e colexiais compartiron a docencia e algunhas instalacións, así como uns foros e iniciativas cidadáns, como a salientable *Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago*.

O Colexio Militar de Santiago foi un establecemento con actividade entre 1811 e 1823. Unha institución xurdida ao abeiro da guerra da Independencia pola necesidade imperiosa do momento de formar persoal militar cualificado para a contenda (Muro, 1990). Entre as materias cursadas figuraban Fortificacións, Álgebra, Instrución táctica, Debuxo militar, Aritmética, Xeometría, Trigonometría, Xeografía, etc. Ao longo da súa existencia hai novas da participación dalgunhas personalidades salientables, como o matemático Domingo Fontán, profesor do centro. Francisco Pedralbes foi médico da institución desde abril de 1812 a xullo de 1815. O químico Fernández Taboada tivo algunha relación co Colexio, pois puxo en marcha un laboratorio castrense, coa axuda de Suárez Freire, no período da contenda contra os franceses.

O matemático José Rodríguez González, o farmacéutico Julián Suárez Freire (1751-1832) e o químico Gabriel Fernández Taboada foron personaxes claves na vida do Colexio de Farmacia de Santiago e ademais, no caso de Taboada, como

vimos, nos primeiros pasos da Química en Galicia. Julián Suárez Freire cursara os estudos de Farmacia en Madrid e está considerado como o primeiro español doutor nesa disciplina, grao que obtivo en principio en 1784 no Colexio de Boticarios de Cámara (Bermejo, Sisto, Fandiño, 2012). De ideoloxía liberal, estableceuse profesionalmente en Santiago, onde tamén desempeñou varios cargos como rexedor municipal durante a primeira etapa constitucionalista. A esquina na que se atopaba a súa botica —entre o Preguntoiro e a praciña de Feijoo—, chegou a ser coñecida como a «esquina del combate», xa que a rebotica converteuse no centro de maior actividade política liberal da cidade.

Segundo as escasas fontes existentes o Colexio de Farmacia de Santiago, denominado «de San Carlos» iniciou a súa actividade en 1815, se ben semella que xa en 1806 se nomeara a Julián Suárez Freire primeiro catedrático. Existiu como tal Colexio ata 1821; nese ano, o goberno liberal instou a creación da *Escuela especial de la Ciencia de Curar*, na que se integraron os estudos médicos, cirúrxicos e farmacéuticos, o que permitiu a continuidade destes dous anos máis. En 1820 pasaron a utilizar a antiga casa da Inquisición de Santiago como sede do Colexio, pois no Trienio liberal suprimírase a odiosa institución, símbolo do fanatismo relixioso. Toda unha metáfora do cambio político e científico, mudar de uso, de lugar de represión dogmática a espazo para o coñecemento práctico cara a mellora social. Segundo o Regulamento do Colexio, o Director («Jefe Local») era o catedrático máis antigo (de Farmacia experimental), levando o cargo aparelado o título de boticario de Cámara real. En Santiago este posto foi cuberto polo devandito Julián Suárez Freire. No Colexio de San Carlos ocupouse da cátedra de Farmacia práctica ao mesmo tempo que, como director, realizaba numerosas xestións en colaboración con José Rodríguez para dotar á institución dunha localización estable.

O resto do profesorado do Colexio ao longo da súa actividade foron Fernández Taboada (de Química), Sebastián Antonio Pérez (de Materia farmacéutica) e José Martín León y Mesa (de Historia Natural), con Ángel Gigirey de axudante de prácticas. José Martín León y Mesa deixou a cátedra de Historia Natural en 1817, pasando ao colexio de Madrid. Ese posto estivo vacante e en 1818 Sebastián Antonio Pérez, que actuaba tamén como Secretario (Taboada era o Bibliotecario), impartía a docencia de xeito temporal.<sup>12</sup> José Martín León y Mesa naceu en Córdoba en 1788. Acudiu a oposicións para prazas de recén creados colexios e por RD 18 de Agosto de 1815 foi nomeado 2º catedrático no colexio de Santiago. No centro compostelán tivo como alumno a Ramón de la Sagra. Catedrático en Madrid, o substituto de León y Mesa foi Gumersindo Fernández Moratín (1790-1860).<sup>13</sup> De Fernández Taboada, que ademais de profesor do colexio exercerá de secretario do mesmo, xa comentamos a súa sólida formación química. Iniciou o que máis adiante será unha liña de investigación sobranceira do profesor Antonio Casares: as análises das augas mineromedicinais. Ademais de traballar no laboratorio do Colexio de Farmacia, dispuña doutro particular na súa vivenda da rúa do Vilar, 36, o que orixinou algunha denuncia dos veciños, preocupados polos mestos fumes que de alí saían.

<sup>12</sup> *Calendario manual y guía de forasteros en Madrid, para el año de 1818*. Madrid, Imprenta Real.

<sup>13</sup> Pode ser a quen se refire Mestre nos seus comentarios a Rodríguez.

O catedrático da universidade José Rodríguez González, desde os centros científicos de Europa, ou mesmo desde Madrid, sempre estivo traballando a prol da modernización científica de Galicia, enfrontado cos partidarios do vello; realizou múltiples xestións que foron decisivas para o avance do proceso. O seu principal interlocutor en Santiago foi o boticario Julián Suárez Freire. O grupo liberal compartía a súa crítica ao ensino universitario do seu tempo e Rodríguez foi quen mellor o expresou nunha carta a Suárez Freire comentando sobre o Colexio de Farmacia de Santiago:

«[...] creo que los discípulos de estos colegios [os de Farmacia] deberán aventajarse y sobresalir más que los estudiantes de pío pío de nuestras mezquinas Universidades. Aquellos [os dos colexios] esparcirán insensiblemente en la Nación una masa de luces y conocimientos sobre las ciencias naturales y sus utilísimas aplicaciones, de que no son capaces estos últimos [os universitarios]».<sup>14</sup>

Na mesma carta anima ao avance do labor do Colexio compostelán, en cuxo caso, *a nuestras Universidades deberá tocársele la gaita y tamboril*.<sup>15</sup> Xa que logo, Rodríguez era ben consciente das resistencias que estes proxectos innovadores atoparían. Por iso explicaba na mesma carta que [...] *estos sermones deben hacerse con precaución, por no chocar con tantas gentes amigas de las lúgrubas tinieblas; hablando y ponderando solamente las ventajas inmediatas de estos Colegios, cuales son el que haya Boticarios hábiles, que no den una droga y una bebida por otra, la cual envíe Frailes y Clérigos al valle de Josafat a componer calendarios*.

## 10. O Real Colexio de Cirurxía (Médica) de Santiago

O ministro Urquijo suprimiu o ensino de Medicina das facultades universitarias en 1799 e confiouno aos Colexios de Cirurxía Médica, creando as Facultades Reunidas. A Real Orde de 13 de marzo de 1801, ratificada por Real Cédula de 28 de setembro do mesmo ano puxo fin á experiencia e afastou de novo os estudos de Medicina e Cirurxía. Os colexios pasaron a chamarse só de Cirurxía. O Colexio de Santiago tivo unha longa vida, ata 1833 (Danón, 1993). No Trienio liberal, entre 1821 e 1823, formou parte da *Escuela especial de la Ciencia de Curar*, na que tamén se integraron os estudos médicos e farmacéuticos.

O primeiro curso inaugurouse o 9 de decembro de 1799, presidindo o acto Pedro San Martín, que sería vicedirector. En correspondencia co programa de Cádiz, Madrid e Barcelona, propóñense dez materias, que incluían Anatomía, Fisioloxía, Hixiene, Terapéutica, Patoloxía, Medicina legal, Anatomía cirúrxica, etc., se ben non todas as cátedras estaban ocupadas, pero o que máis salientaba era o enfoque práctico do ensino impartido.

Os principais protagonistas na posta en marcha do Colexio foron José Francisco Vendrell e Eusebio Bueno. José Francisco Vendrell de Pedralbes y Estaper del

<sup>14</sup> AHUS. Cartas de Rodríguez. Correspondencia particular. Fondo universitario, Gobierno. Carta nº 41 (datada en 12 de outubro sen indicación do ano).

<sup>15</sup> Unha expresión moi utilizada por Rodríguez, en referencia pexorativa ás procesións.

Mas (1776-1850), o doutor Pedralbes, era doutor na Universidade de Cervera en 1799, licenciado en Cirurxía en Barcelona en 1800. Chegou ao Colexio de Santiago en 1800 no 2º curso, como catedrático substituto e bibliotecario. Exerceu docencia de Fisioloxía e Hixiene, de Medicina legal e forense. Home de conviccións liberais e grande actividade, foi concelleiro en Santiago e deputado a Cortes no Trienio. Cando en 1833 a Academia de Medicina de Galicia se traslada á Coruña, Pedralbes ocupou a vicepresidencia. Salientou no ámbito sanitario, como un dos autores máis prolíficos na Galicia do século XIX. Entre as súas producións figuran numerosas memorias sobre temas médicos, bastantes delas non publicadas, prestando atención ás epidemias e a construción de hospitais e lazaretos.

Eusebio Bueno Martínez (1774-1814) realizou estudos médicos e cirúrxicos en Madrid. Bueno salientou pola súa moderna aposta pola incorporación das Ciencias Naturais á Medicina. Así, no discurso que pronunciou co gallo da inauguración do segundo curso do Colexio, Outubro de 1800<sup>16</sup> afirmou que: [...] *probar que el estudio de la Historia Natural es tan necesario al Médico que sin el no se puede llamar tal el Profesor que está encargado de la salud de los hombres*.<sup>17</sup> Entre 1799 e 1801 Eusebio Bueno, asumiu a cátedra de Botánica e tamén se encargou da docencia, pola ausencia do profesorado correspondente, da Química, Física xeral, Botánica e Mineraloxía, relacionadas coa Medicina. Cómpre subliñar, pois, que Bueno foi introdutor da docencia desas disciplinas científicas, en concreto da Historia Natural e da Química, no ensino superior galego. Cirurxián titular do Hospital e difusor da vacina en Galicia, morreu o 18 de marzo de 1814.

### 11. Algunhas intervencións no Trienio

O tenente coronel Rafael del Riego iniciou un levantamento liberal o 1 de xaneiro de 1820 e proclamou a Constitución en Cabezas de San Juan. A iniciativa de Riego estaba a piques de fracasar cando a ela se sumou a cidade coruñesa, o 21 de febreiro, movemento ao se incorporou o resto de Galicia nos seguintes días, constituíndose a *Junta de Galicia*, a máis importante das creadas nese momento.

Casiano de Prado participou na insurrección, incorporouse á Milicia Nacional coruñesa e interveu en múltiples actividades. O 27 de febreiro, aos poucos días do trunfo liberal, constituíuse a *Sociedad Patriótica* da Coruña. Unha agrupación política, a primeira dunha serie que se estableceron nese tempo en España, que están consideradas como o inicio da posta en práctica dunha ferramenta básica da cidadanía nos sistemas democráticos actuais, os partidos políticos. A burguesía local, nos seus diversos sectores, foi a que tivo unha maior presenza na sociedade patriótica coruñesa. Aos comerciantes e homes de negocios tamén se sumaron persoas do mundo intelectual, como Lucas Labrada e o propio Casiano, que participou desde o primeiro momento, o 1 de abril leu un discurso e mesmo chegou a ser secretario da agrupación por un breve período de tempo.

Logo da creación, en 1820, da Deputación provincial de Galicia, Domingo Fon-

tán foi nomeado para a secretaría. En 1822 pasou a desempeñar este cargo na recen constituída Deputación provincial da Coruña, que exerceu ata a supresión da mesma o 23 de outubro de 1823. Pouco antes, en xullo de 1823, fora nomeado secretario da *Junta provincial* da Coruña. Tamén axudou ao seu amigo e antigo discípulo, Ramón de la Sagra probando con el no porto da cidade diversos instrumentos científicos que foran construídos polos irmáns composteláns Domingo e José Lareo e que Sagra utilizaría nos seus experimentos na viaxe que realizou a Cuba en xuño de 1823.

Varios científicos foron deputados no Trienio liberal e apoiaron o cambio. Ese foi o caso de José Rodríguez, cuxa vinculación coa política sempre foi activa, sumándose aos liberais máis progresistas do momento. Por outra banda, Alonso Lopez participou en 1820 no levantamento liberal, formou parte da Xunta provisional de Ferrol e foi de novo elixido deputado a Cortes. O químico Fernández Taboada simpatizou co liberalismo. En 1822, en pleno Trienio liberal, foi membro do Concello de Santiago, no que se encargou da instrución pública.

### 12. Persecucións e retorno parcial da actividade

En Abril de 1823 un exército francés invadiu España por segunda vez en poucos anos e rematou co Trienio liberal. Esta vez, unha parte da sociedade española que rexeitara a anterior invasión gala, a dos exércitos de Napoleón, acolleu con entusiasmo a chegada das tropas estranxeiras. Tivo lugar a segunda restauración do absolutismo, a Década Ominosa, na que a represión foi ben dura, incluíndo os intentos de restablecemento da Inquisición.

O entramado científico alternativo á universidade, camiño polo que puido transitar o coñecemento científico actualizado foi sufrindo diversas vicisitudes e oposicións. Coa restauración de Fernando VII finalizou a experiencia das *Escuelas de Curar* e pecháronse os colexios de Farmacia de Sevilla e Santiago. O Dr. Pedralbes, do Colexio de Cirurxía, desapareceu da vida pública. Fernández Taboada, profesor do Colexio de Farmacia sobreviviu como puido fóra da docencia oficial. Nun momento de persecución absolutista, en 1824, apoiou a dous estudantes liberais e ocupou un posto á morte de Fernando VII, en 1835 formou parte da *Junta de Seguridad* de Santiago. Dous ex-profesores do mesmo colexio sufriron represalias. A José Martín León y Mesa, catedrático en Madrid, o absolutismo destituíno por RO de 10 marzo de 1824 non podería volver á docencia ata 1835. O substituto de León y Mesa, Gumersindo Fernández Moratín, perdeu o seu posto de traballo (desde 1822 era profesor de Física en Cáceres).

En 1823, ao rematar o seu labor parlamentario, Alonso López volveu a Ferrol, onde viviu retirado na súa casa do alto de Canido, rodeado de libros e entregado á música. A represión absolutista actuou sobre el; o médico, escritor e pintor ferrolán Emiliano Balás Silva (Balás, 1905) explicou que o noso personaxe *sufrió persecuciones y murió delirando con sus perseguidores*. Tamén que a súa biblioteca foi *barbaramente saqueada y destruída en parte por el fanatismo del cura de la villa, quien, caliente aún el cadáver de Alonso, se presentó en la casa mortuoria conmi-*

<sup>16</sup> Bueno Martínez, 1800.

<sup>17</sup> Bueno Martínez, 1800:1.

*nando a la hermana política del ilustre finado a que se la franquease, y quemando en el patio de la casa muchas obras científicas escritas en francés e inglés.* Similar destino tivo o que restaba da edición das *Consideraciones generales*, só se salvaron do lume absolutista uns poucos exemplares previamente agachados.

Rodríguez foi afastado da cátedra de Astronomía da Universidade Central e fuxiu a Portugal. Por motivos de saúde tivo que regresar a Galicia pouco despois, entre agosto e setembro de 1824. De volta en Compostela foi acollido na casa do seu amigo Suárez Freire e finou o 30 de setembro de 1824. Fontán foi substituído na cátedra universitaria. Tivo que agardar a que un decreto de 22 de agosto de 1826 o declarara «purificado» para poder volver á docencia. No período absolutista aproveitou para avanzar na elaboración da *Carta Geométrica de Galicia*, a que se considera a obra mestra de Fontán, que lle ocupou 17 anos, desde 1817 ata 1834. O traballo de Rodríguez e o seu argumento sobre a importancia de dispoñer do mapa exacto dun territorio foron as referencias que Fontán asumiu para elaborar a Carta Xeométrica, o primeiro mapa realizado con rigor científico en España. Para este cometido Fontán contou cun instrumental moi rudimentario e escaso, acadado moitas das veces polo seu mestre José Rodríguez en París, que se encargaba de adquirilo para o Gabinete de Instrumentos de Astronomía, Matemáticas e Física experimental da Universidade de Santiago. Por outra banda, Juan Bautista Camiña, fuxido en Porto, exerceu a medicina na cidade portuguesa e morreu alí en 1824.

Casiano de Prado participou como oficial da Milicia Nacional coruñesa na defensa da cidade fronte o asedio das tropas absolutistas en 1823 e, tras a derrota, pasou por un período de lóxico retiro da escena pública en tempos de represión. O seu amigo Ramón de la Sagra atopou en Cuba un refuxio, como outros científicos que fuxían do absolutismo na primeira parte do século XIX. Xa en 1821 realizara a súa primeira viaxe á illa caribeña, de onde regresou en 1822. En novembro dese mesmo ano foi designado para desempeñar unha cátedra de Historia Natural na Habana, agregada ao Xardín Botánico, do que sería nomeado director en 1824. No momento de marchar para Cuba, o xove científico entendeu que a navegación ata a illa caribeña era unha excelente oportunidade para que a súa «curiosidad ansiosa» lle permitira avanzar no estudo físico do globo. Sagra pretendía emular a dúas figuras que realizaran estudos similares nas súas travesías, François Péron, quen en 1801 viaxou a Australia como naturalista na expedición de Nicolás Baudin e, sobre todo, Alexander von Humboldt, explorador de América entre 1799 e 1804, quen vintecatro anos antes partira do mesmo lugar.

Ese carácter de Cuba como lugar de acollida para algúns científicos liberais tamén afectou a Pedro Alejandro Auber, que compartía con Sagra o perfil de científico, liberal e masón. E puido ser o caso de Juan Lembeye y Lartaud (1861-1889), un ferrolán con estreita relación con Culleredo, quen se converteu en pioneiro da Ornitoloxía cubana. Pedro Alejandro Auber fundara en 1814 na Coruña a primeira loxa que estivo activa no país, a *Logia Constitucional de la Reunión Española*, na que ocupou o cargo de «venerable mestre», co grao 18. Cando acabou o Trienio, disfrazado e acompañado da familia puido acadar as costas canarias

cunha barca. En Tenerife entrou en contacto co naturalista francés Sabin Berthelot (1794-1880), con quen creou un Liceo en La Orotava. O centro pretendía ser unha referencia innovadora, pero a iniciativa fracasou pola intervención do bispo Vicente de Román y Linares, que entendía que se trataba dunha escola «perigosa e impía».

Tras esa nova derrota, Auber deixou o arquipélago en 1832 e marchou para Cuba. Nesa viaxe e nos posteriores pasos contou co asesoramento e apoio dalgúns amigos, compañeiros e «irmáns» que actuaban como rede de apoio fronte á persecución do absolutismo. Tal foi o caso do coruñés Ramón de la Sagra, daquela director do Xardín Botánico da Habana. O científico hispano-francés asistiu ao Xardín para perfeccionar os seus coñecementos botánicos e acompañou a Sagra nas herborizacións polos arredores da capital cubana. Cando en 1835 este deixou a dirección da institución, Auber sucedeu como director interino. Tamén acadou a cátedra de Botánica en 1835 e, en 1842, a de Física da Facultade de Filosofía da Universidade da Habana.

O acoso do absolutismo xerou unha lóxica cooperación entre os afectados, que, nalgúns casos, incluíu a integración na masonería, unha organización que actuou máis como rede defensiva de axuda mutua que como o elemento conspirativo que se lle atribuíu. Nese sentido, o proxecto de traslado de Sagra para Cuba tivo moito que ver coa busca dunha protección da represión absolutista e aproveitar o tempo mellorando a súa formación técnica. De feito, recibiu o encargo cubano grazas a negociantes liberais estreitamente relacionados cos movementos masónicos con intereses comerciais nas Antillas. Ascensión Cambrón ten explicado polo miúdo como ese grupo de apoio tiña colegas no poder político e administrativo cubano, ben considerados polos recursos que o seu labor reportaban á Coroa, o que facilitou o nomeamento de Sagra (Cambrón, 2012).

Algúns científicos retomaron a súa actividade coa morte de Fernando VII, cando aos partidarios da súa filla, Isabel II lles foi necesario o apoio liberal para defender o trono do acoso carlista. Porén, como veremos, en xeral o fixeron lonxe de Galicia, a desconexión non se reparou.

En 1834 Fontán acadou os cargos de director do Observatorio astronómico de Madrid e da nacente Escuela especial de Ingenieros geógrafos. A rexente M<sup>a</sup> Cristina, a través dunha Real Orde de 12 de agosto de 1834, citouno na Corte para que presentase a *Carta Geométrica* o 1 de decembro de 1834. A obra foi finalmente gravada en doce pedras litográficas en 1845, no obradoiro do gravador Bouffard e do impresor Lemercier. En 1849 fíxose unha segunda estampación da *Carta Geométrica* que foi supervisada, por decisión do autor, polo amigo seu Ramón de la Sagra, que se atopaba en París. Ademais, Domingo Fontán saíu elixido deputado por Pontevedra en cinco ocasións, nas eleccións de 1836, 1837, 1839, 1841 e 1843, e por Lugo en catro. Durante as lexislaturas nas que estivo presente nas Cortes como deputado, entre 1836 e 1843, formou parte de diferentes comisións parlamentarias (mariña, instrución pública, agricultura e artes, minaría, división territorial, expedientes sobre créditos, regulamento interior, orzamentos, etc.), foi cuarto secretario do Congreso.

Pola súa banda, Ramón de la Sagra saíu de Cuba para Europa a fins de 1835, comisionado pola Intendencia cubana a fin de publicar en París unha magna *Historia física, económico política, intelectual y moral de la isla de Cuba*, que había de amosarlles aos europeos os seus atractivos, non só para o comercio, senón especialmente para recibir emigración branca. Comezou a publicar esta gran obra en 1839 e rematouna en 1861. Desde 1836 Ramón de la Sagra residiu indistintamente en París e Madrid, a expensas do seu soldo de director do Xardín Botánico da Habana. Xa en Europa, e como deputado das Cortes, participou na redacción dun proxecto de Constitución para a nación española. Mais, desde o escano, non representou tanto a súa provincia como as provincias ultramarinas, que quedaran entón sen representación directa nas Cortes. Ata 1840 volvería ocupar novos escanos das Cortes e, finalmente, en 1854, representou a Lugo nas listas da Unión Liberal.

Como vimos, Casiano de Prado retirouse da escena pública nos tempos da represión que seguiu ao remate do Trienio e marchou para Madrid, onde se formou en diversas materias, entre elas a mineraloxía. En 1834 foi nomeado enxeñeiro de minas e un ano despois destinado ao Distrito Mineiro de Aragón e Cataluña, en Tarragona, onde pasou cinco anos. Tamén foi director das minas de Almadén e traballou na inspección de minas de Murcia e, en 1844, de Galicia e Asturias.

Casiano mantivo sempre o contacto co seu vello amigo Ramón de la Sagra e, de feito, colaboraron nalgún proxecto, como foi o da *Ferrería de San Blas*. En 1845 creouse a *Sociedad Palentino-Leonesa de Minas*, propietaria de varias explotacións de carbón e de mineral de ferro na área de Sabero (León). Alí tivo lugar unha pioneira iniciativa de industrialización, a desa ferrería, onde se construíron en 1847 os primeiros altos fornos que funcionaron na Península Ibérica usando carbón mineral. Unha iniciativa dun grupo de emprendedores que compartían amizade e ideoloxía e que formaban parte do sector progresista do liberalismo español, ao que varios representaron como deputados, e tiñan boa relación con políticos desa tendencia como Baldomero Espartero e Pascual Madoz.

Casiano de Prado foi o experto encargado pola empresa de recoñecer o val de Sabero. E Sagra mantivo unha estreita relación coa *Sociedad Palentino-Leonesa de Minas*. Accionista fundacional, o segundo na lista, no proceso constitutivo da empresa realizou visitas de inspección ás minas e foi encargado pola xunta gobernativa da sociedade, da que formaba parte, para viaxar a Francia e Bélxica na busca de información útil para levantar os altos fornos de Sabero e contratar a un enxeñeiro para realizar ese traballo. Así fixo e asinou en París o 1 de setembro de 1845 o contrato co francés Philippe Paret.

Sagra non se limitou, no terreo industrial, a asesorar; implicouse en diversos proxectos. Sería o principal accionista e director-inspector de *La Azucarera Peninsular*, de Motril (Granada), creada en 1845 (o mesmo ano que a de Sabero) e, en 1846, constituíu outra fábrica para a produción industrial do azucre no «ingenio» de Torre de Mar (Vélez Málaga). Outros liberais galegos tamén darían ese paso. Así, o seu amigo Domingo Fontán xestionou co seu irmán unha fábrica de papel no Castro, no concello de Lousame (preto de Noia) e, en 1861, as Cortes outorgáronlle a concesión do ferrocarril Santiago-Carril.

Por outra banda, co traslado en 1833 da Academia de Medicina y Cirugía de Galicia y Asturias desde Santiago de Compostela á cidade herculina, o Dr. Pedralbes pasou a ocupar a vicepresidencia da institución, o que equivalía á presidencia efectiva, pois o cargo de presidente recaía, de xeito formal, no Capitán Xeral do Exército en Galicia.

### 13. 1824, un panorama desolador

Desde o punto de vista das ciencias a represión absolutista supuxo en enorme retroceso no seu desenvolvemento. Institucións científicas creadas en décadas de esforzo modernizador ilustrado e liberal foron desmanteladas; outras, as superviventes, viron reducida a súa actividade, que perdeu o perfil de vanguardia do período anterior, e os poucos adiantos realizados no ámbito universitario foron postos en cuestión coa volta a un anacrónico plano de estudos, o do ministro Calomarde.

O resultado foi que España e Galicia, que estiveran ausentes da revolución científica do século XVII, volvían á marxinación fronte ao progreso científico internacional. Os seus efectos foron moi negativos tanto no eido do propio coñecemento como no desenvolvemento económico da sociedade, sen esquecer que o retroceso na formación médica e cirúrxica implicaban efectos concretos na atención sanitaria da poboación. O primeiro despegue científico de Galicia ficou truncado ao pouco de iniciarse. Décadas perdidas para as ciencias no século no que o seu progreso era o sinal de identidade dos tempos, unha desconexión con efectos moi perniciosos. Para a recuperación da docencia científica superior habería que agardar á chegada do liberalismo moderado ao poder e a promulgación do plano Pidal en 1845, retornando os estudos de Farmacia e Química, pero xa no seo do sistema universitario.

A represión afectou gravemente á primeira xeración importante de científicos relacionados co país. Unha comunidade científica emerxente que veu limitada, cando non atrancada, a súa evolución natural, a continuidade xeracional. Os que sobreviviron e puideron retomar o seu labor científico fixeron, case sempre, lonxe de Galicia. Polo tanto, o absolutismo e as forzas reaccionarias foron eficaces, romperon o fío condutor e houbo que reiniciar o complexo proceso de construír unha comunidade científica a mediados do século. Se un visitante chégase a Galicia polo 1824 e vise o barbeito no que ficaban os estudos científicos habería que explicarlle que a desfeita agachaba o continuado e valioso esforzo de moitas persoas, que durante bastantes anos ofreceran o mellor de se mesmas para que o resultado fose outro.



## Bibliografía

- ALLER ULLOA, R. M. (1929). O matemático do Bermés, *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*, v. III: 25-95. Santiago.
- ANÓNIMO (1821). *Guía de forasteros en Madrid para el año de 1821*. Madrid, Imprenta Nacional.
- BALÁS Y SILVA, E. (1905). Memoria premiada, leída por el socio D. Emiliano Balás Silva, Médico civil, acerca del tema propuesto por el Ilmo. Sr. D. Andrés Martínez Salazar para el primer Concurso anual reglamentario de Memorias del Ateneo: «Noticias biobibliográficas del polígrafo ferrolano D. José Alonso López», *Anuario de las conferencias y debates del Ateneo Ferrolano en el Curso de 1904-1905*, Ferrol, Imp. de El Correo Gallego; 33-114.
- BARRAL MARTÍNEZ, M. ([2012 a]. «Domingo Fontán Rodríguez», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 02/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=318>]
- BARRAL MARTÍNEZ, M. ([2012 b]. «José Rodríguez González», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 02/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=313>]
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (1982). *Liberales y absolutistas en Galicia*. Vigo, Edicións Xerais de Galicia
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X. R. (2019). *Os incómodos sociais. A transgresión intelectual en Galicia. Séculos XVIII-XIX*. Granada, Trifolium.
- BERMEJO PATIÑO, M. R. e SISTO EDREIRA, R. e FANDIÑO VEIGA, X. R. ([2012]. «Julían Francisco Suárez Freire», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. <http://xurl.es/2b4a9>.
- BUENO MARTÍNEZ, E. (1800). *Discurso inaugural que en la avertura (sic) de cátedra de Historia natural y chimica dixe en el Real Colegio de la Facultad reunida de Santiago el día 6 del mes de Octubre del año de 1800*. Eusebio Bueno Martínez. *Introducción a la cátedra de Historia natural y Chimica que en el Real Colegio de la Facultad de Medicina y Cirugía reunidas leí en 6 de Octubre de 1800*. Archivo de la Real Academia de Medicina de Catalunya. *Papeles del Dr. Pedralbes*. Caixa XXIV (V), 8.
- CAMBRÓN INFANTE, A. ([2012]. «Ramón Dionisio de la Sagra y Peris», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 02/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=256>]
- DANÓN, J. (1993). «El Real Colegio de Cirugía Médica de Santiago», *Medicina & Historia*, 46, 16 páxinas.
- DÍAZ-FIERROS, F. (1971). «Comezos da ciencia moderna na Universidade compostelana», *Compostellanum*, XVI
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. (1987). «Cónsul Jove en Galicia». Cónsul Jover, F. *Memoria sobre el conocimiento de las tierras*. Sada, Edicións do Castro, Seminario de Estudos Galegos, 9-19.
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. ([2013 a]. «Francisco Cónsul Jove y Tineo», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 02/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=396>]

- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. ([2013 b]. «Casiano de Prado y Vallo», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 02/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=405>]
- DÍAZ-FIERROS VIQUEIRA, F. e SISTO EDREIRA, R. ([2013]. «Francisco de Neira», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 01/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=427>]
- DOSIL MANCILLA, F. J. e FRAGA VÁZQUEZ, X. A. ([2013]. «Mauricio Echandi Montalvo», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 06/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=397>]
- FERNÁNDEZ CASANOVA, C. (1981). *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago en el siglo XIX*. Sada, Edicións do Castro.
- FERNÁNDEZ TABOADA, G. (1807 a). «Sobre el análisis de la pólvora», *Gazeta de Madrid*, nº 11, 125-126.
- FERNÁNDEZ TABOADA, G. (1807 b). «Sobre una combinación particular de azogue», *Gazeta de Madrid*, nº 12, 137-139
- FERNÁNDEZ TABOADA, G. (1807 c). «Sobre la oxidación de la plata y su combinación con el ácido muriático», *Gazeta de Madrid*, nº 24, 288-290; nº 27, 325-327.
- FERNÁNDEZ TABOADA, G. (1807 d). «Sobre el soliman, mercurio dulce, y precipitado blanco de mercurio», *Gazeta de Madrid*, nº 44, 526-528; nº 45, 538-540; nº 46, 550-552; FERNÁNDEZ TABOADA, G. (1818). «Avisos a los que están encargados del análisis de las aguas minerales de Galicia», *Crónica científica y literaria*, 156.
- FONTANA, J. (1979). *La crisis del Antiguo régimen 1808-1833*. Barcelona, Crítica; (2019, 1ª en 2006): *De en medio del tiempo. La segunda restauración española 1823-1834*. Barcelona, Crítica.
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (1995 a). «El Plan de la Real Escuela Práctica de Química de Madrid (1803), una alternativa institucional para la incorporación de la Química en el Estado español». *Llull*, 18, 35-65.
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (1995 b). «A incorporación da Ciencia experimental na Universidade de Santiago no inicio do século XIX e os Colexios prácticos», en *Gallaecia Fulget (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria*. Santiago, Universidade de Santiago, 300-304.
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (1997). «Efectos en Galicia da renovación científica promovida por Sarmiento e outros ilustrados. A constitución da Academia de Gardas Mariñas e dos Colexios prácticos» en *O Padre Sarmiento e o seu tempo. Actas do Congreso*. Consello da Cultura Galega- Universidade de Santiago. Tomo II, 405-425.
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. (1999). «A innovación da Medicina impulsada desde o Colexio de Cirurxía de Santiago (1799-1820) nalgúnhas intervencións de Eusebio Bueno e Francisco Pedralbes», *Ingenium*, nº 6, 45-63.
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. ([2012 a] «Pedro Alejandro Auber e Fondniare», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 05/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=325>]
- FRAGA VÁZQUEZ, X. A. ([2012 b]. «Gabriel Fernández Taboada», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 05/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=249>]

- FRAGA VAZQUEZ, X. A. (2017). «O Colexio de Farmacia de San Carlos de Santiago e outras institucións do ensino da química en Galicia» en Díaz-Fierros, F. (coordinador), *Os comezos da química moderna en Galicia e a súa proxección no século XIX. Bicentenario do Colexio de Farmacia de Santiago de Compostela (1815-2015)*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 59-82.
- GARCÍA GUERRA, D. (2001). *La Facultad de Medicina de Santiago en el siglo XIX*, Santiago, Universidade.
- GIL NOVALES, A. (1975). *Las Sociedades Patrióticas*. Madrid, Tecnos.
- GIL NOVALES, A. (1980). *El Trienio Liberal*. Madrid, Siglo XXI.
- GIL NOVALES, A. (2010). *Diccionario Biográfico de España (1808-1833)*. Madrid, Fundación Mapfre, 3 vols.
- MATO, A. e FRAGA VÁZQUEZ, X. A. ([2012], «José Alonso López y Nobal», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 06/12/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=241>]
- MARTÍN DE ARGENTA, V. (1871). *Elogio histórico del doctor en Farmacia José Martín de León y Mesa leído en la Junta del aniversario 134 de la instalación del Colegio de farmaceuticos de Madrid por el Doctor en la misma Facultad*. Madrid, Imprenta cargo de Gregorio Juste.
- MEIJIDE, A. (1988). *El científico Fernández Taboada (1776-1841)*. Sada, Edición do Castro, Publicacións do Seminario de Estudos Galegos.
- MORENO GONZÁLEZ, A. (1988). *Una ciencia en cuarentena: Sobre la física en la universidad y otras instituciones académicas desde la Ilustración hasta la crisis finisecular de XIX*. Madrid: CSIC.
- MOYA y JIMÉNEZ, F. J. de e REY JOLY, C. (1912). *El Ejército y la Marina en las Cortes de Cádiz*. Cádiz, Centro del Ejército y la Armada.
- MURO, José Ignacio (inédito). *El pensamiento militar sobre el territorio en la España contemporánea*. Barcelona, (1990).
- PÉREZ COSTANTI, P. (1925-27). *Notas viejas galicianas*. Vigo, Imprenta de los Sindicatos Católicos, 3 tomos.
- PESET, J. L. (1988). «Educación y ciencia en el fin del Antiguo Régimen». En Sánchez Ron, (ed.) *Ciencia y sociedad en España*. Madrid, Ediciones el arquero, CSIC. 17-25.
- PESET, M. e PESET, J. L. (1974). *La Universidad española (siglos XVIII y XIX)*. Madrid, Taurus.
- PESET, M. e PESET, J. L. (1988). «La renovación universitaria». En Sellés, Peset e Lafuente. *Carlos III y la Ciencia de la Ilustración*. Madrid, Alianza Universidad, 143-155.
- RIERA PALMERO, J. (2001). «Mauricio Echandi (1732-1785) y la medicina en Galicia», *Estudios de historia das ciencias e das técnicas*, Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas, VII Congreso de la Sociedad Española de Historia de las Ciencias y de las Técnicas, Pontevedra, 14-18 de setembro de 1999, Pontevedra: Deputación; vol. 1: 481-489.
- SALVÁ, J. (1948). «La Compañía de Guardias Marinas de El Ferrol y su Cuartel», *Revista General de Marina*, suplemento 19, 66 pax.
- SELLÉS, M. (1988). «Astronomía y navegación», en Sellés, Peset e Lafuente. *Carlos III y la Ciencia de la Ilustración*. Madrid, Alianza Universidad, 81-98.

- SELLÉS, M. (1988 b). «La Academia y Observatorio de Marina» en Sellés, Peset e Lafuente. *Carlos III y la Ciencia de la Ilustración*. Madrid, Alianza Universidad, 173-186.
- SISTO EDREIRA, R. ([2012], «Domingo Antonio Camiña Fortes», en *Álbum da Ciencia. Culturagalega.org. Consello da Cultura Galega*. [lectura: 29/11/2019] [URL: <http://www.culturagalega.org/albumdaciencia/detalle.php?id=346>]
- SISTO EDREIRA, R. e FRAGA VAZQUEZ, X. A. (1996). «A recepción da Ciencia moderna na Universidade de Santiago, 1772-1845. A incorporación da Física e da Química e o labor dos Colexios prácticos», *Ingenium*, nº 5, 23-58.
- SÁNCHEZ RODRÍGUEZ DE CASTRO, M<sup>a</sup>. C. (1992). *El Real Consulado de La Coruña: impulsor de la Ilustración (1785-1833)*. Sada, Edición do Castro.
- TEN, A. E. (1983). «La Física experimental en la Universidades española de fines del siglo XVIII y principios del XIX. La Universidad de Valencia y su aula de Mecánica y Física experimental», *Llull*, 6 (10-11), 165-189.
- TEN, A. E. (1990). «Ciencia y Filosofía. El debate ilustrado» en Fernández Pérez, J. e González Tascón, I. (ed.) *Ciencia, Técnica y Estado en la España ilustrada*. Zaragoza, MEC-SEHCYT.
- URCULLU, J. (1820). *Relación histórica de los acontecimientos más principales ocurridos en La Coruña, y en otros puntos de Galicia*. Coruña, Imprenta de Igueta.
- VALIÑO RODRÍGUEZ, L. (2015). 1759-1833. *Por vida de tres reyes. Pedro de Llano y el pre-liberalismo coruñés*. La Coruña, Espacio Cultura Editores.
- VARELA VARELA, M<sup>a</sup>. Á. (1999). *El matemático José Rodríguez y la Universidad*. Lugo, I.E.S Sanxillao.

# A Coruña 1820. Baluarte da Liberdade

## Paneis expositivos na praza da Constitución da Coruña

ANA ROMERO MASÍA

XOSÉ ALFEIRÁN RODRÍGUEZ

### Exposición

*A Coruña 1820. Baluarte da Liberdade*

### Comisión Promotora

Xosé A. Fraga Vázquez, Xosé Ramón Barreiro Fernández,  
Beatriz López Morán, Ana Romero Masía,  
Emilio Grandío Seoane, Luís Valiño Rodríguez,  
Javier Padín Martínez, Xosé Alfeirán Rodríguez,  
Jaime Oiza Galán.

### Comisariado

Ana Romero Masía, Xosé Alfeirán Rodríguez.

### Documentalista

Segundo Saavedra Rey. RDO Comunicación Cultural.

### Deseño paneis e exposición

Lia Santana, Xosé Salgado.

### Organización

Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses.  
Concello da Coruña.

Entre as actividades previstas na celebración do bicentenario da Revolución de 1820 na Coruña estivo a realización dun dobre acto homenaxe na praza da Constitución. Celebrouse o 21 de febreiro de 2020 e foi presidido pola alcaldesa Inés Rey, acompañada do concelleiro de Cultura, Jesús Celemín, e do presidente do Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, Xosé A. Fraga. Asistiron diferentes invitados e veciños e a banda de música municipal tocou o himno de Riego.

Tras os discursos oficiais, o primeiro acto foi o descubrimento dunha lápida conmemorativa en catro idiomas —galego, castelán, francés e inglés— nos laterais da fonte de auga situada no centro do fondo da praza, co seguinte texto: *O 21 de febreiro de 1820, nesta praza, os liberais coruñeses, se levantaron contra o absolutismo e proclamaron a Constitución de Cádiz. A súa acción permitiu o triunfo da revolución e o restablecemento das liberdades en España, repercutindo o seu exemplo en Europa e América. Por iso A Coruña gañou o título de segundo baluarte da liberdade. No 200 aniversario, 21 de febreiro de 2020. Concello da Coruña.*

O segundo acto foi a inauguración, no lateral da praza, dunha pequena exposición titulada: *A Coruña 1820. Baluarte da liberdade*. Consta de catro estruturas exentas formadas, cada unha delas, por unha base de pedra que sostén unha superficie metálica. Esta exposición pretendía amosar, mediante imaxes e textos e de forma sinxela, os antecedentes liberais coruñeses, o acontecido o 21 de febreiro na cidade e as súas consecuencias. Está dividida en oito paneis nos que se tratan os seguintes aspectos: 1. *A Coruña a comezos do século XIX*; 2. *A Constitución de Cádiz de 1812*; 3. *O retorno do absolutismo*; 4. *O sacrificio liberal*; 5. *O glorioso 21 de febreiro de 1820*; 6. *A exaltación liberal coruñesa*; 7. *O triunfo da revolución en España* e 8. *A onda revolucionaria de 1820*. Nas páxinas seguintes recóllense gran parte das imaxes, dos textos e dos documentos históricos que conformaban a información exposta neses paneis.

## 1. A Coruña a comezos do século XIX

Era unha cidade pequena, rodeada de murallas e fortificacións, con dous núcleos diferenciados: a Cidade Alta ou Vella, sede das institucións políticas e militares, e a Pescaría, barrio de comerciantes, pescadores e artesáns. Extramuros estaban o barrio mariñeiro de Santa Lucía, as aldeas da contorna e o núcleo portuario de A Palloza que fora sede dos buques correos cara a América. As actividades marítimas, comerciais, xudiciais e militares conformaban o seu tecido social e configuraron a unha elite burguesa partidaria das novas ideas ilustradas e liberais da época.



A Coruña, 1809

Arquivo Municipal da Coruña



Vista da Coruña. Ca. 1816

Arquivo Municipal da Coruña

«La Coruña ciudad de 25.000 almas en clima templado, con aire suave, pero afecto a frecuentes lluvias, cerca de la ría que forma el Mero; es capital de Galicia en lo político y militar, y asiento de un Consulado de comercio; sus fábricas de lencería están florecientes, las de mantelería fina surten a la Casa real. Su puerto es seguro y resguardado de todos los vientos menos del S. al E.; está muy defendido y una de las principales fortificaciones es el castillo de San Antonio, en una isleta poco avanzada hacia el mar».

Isidoro de Antillón. *Elementos de la geografía astronómica, natural y política de España y Portugal*, 1808



## 2. A Constitución de Cádiz de 1812

Durante a Guerra de Independencia, iniciada en 1808 contra o exército de Napoleón, e en ausencia do rei Fernando VII retido en Francia, celebráronse Cortes extraordinarias en Cádiz. Os representantes dos territorios peninsulares e americanos que conformaban a Coroa de España elaboraron un corpo lexislativo liberal que culminou coa aprobación o 19 de marzo de 1812, festividade de San Xosé, da primeira Constitución española, a Pepa. Na Coruña foi publicada e xurada con entusiasmo o 23 e 24 de xuño. Ao día seguinte, o concello coruñés acordou poñer o nome de Praza da Constitución á Praza da Fariña, lugar onde se xurou. Foi a primeira. Coñecida a noticia, as Cortes, a proposta do deputado catalán Antonio Capmany, aprobaron que todas as prazas das Españas onde se xurase a Constitución recibisen ese nome.



Vista da batalla da Coruña ou de Elviña acontecida o 16 de xaneiro de 1809  
Arquivo Municipal da Coruña

«Que la plaza principal de los pueblos de las Españas, en donde se celebre o se haya celebrado ya el acto solemne de la publicación de la Constitución, se denomine en lo sucesivo Plaza de la Constitución, y que se exprese en una lápida para que quede perpetua memoria de esta felicísima época nacional».

*Diario de Sesiones de las Cortes Generales y Extraordinarias. 11-8-1812*

«¿Qué es tener Constitución?  
Es gobernar la verdad;  
Cesar la arbitrariedad;  
Mandar sola la razón.  
Es fijar en la nación  
De la ley el trono augusto;  
Y hallar el sendero justo  
Por donde marchando el Rey,  
No sufra jamás la ley  
Las variaciones del gusto».

*Composicións alusivas  
á Constitución  
A Coruña, 1812*



Portada da Constitución de 1812

- « Art. 1 A Nación española é a reunión de todos os españois de ambos hemisferios.
- Art. 3 A soberanía reside esencialmente na Nación, e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais.
- Art. 4 A Nación está obrigada a conservar e protexer por leis sabias e xustas a liberdade civil, a propiedade e os demais dereitos lexítimos de todos os individuos que a compoñen».

*Constitución española. 1812*



### 3. O retorno do absolutismo

En 1814, rematada a guerra contra Napoleón, Fernando VII retornou a España. As Cortes tiñan decretado, o 2 de febreiro, que non se lle prestaría obediencia ata que non xurase a Constitución. Esta medida contou co apoio dos liberais e no caso da Coruña, o capitán xeneral Luís Lacy e 330 destacados veciños felicitaron publicamente ás Cortes por ter aprobado dita medida. Pero Fernando VII, o 4 de maio, contando coa apoio de parte do exército e a maioría dos nobres e eclesiásticos, e coa adhesión ou pasividade das masas campesiñas, anulou a Constitución e toda a lexislación das Cortes. A restauración do absolutismo trouxo consigo a persecución dos liberais. Na Coruña, a Praza da Constitución mudou o seu nome polo de Real Praza de Fernando VII e moitos foron denunciados como «los enemigos más furiosos de la Religión y del Rey», sendo castigados, encarcerados e multados.



Alegoría do triunfo de España e de Fernando VII  
1814. Museo de Historia de Madrid

«Declaro que mi real ánimo es no solamente no jurar ni acceder a dicha Constitución, ni a decreto alguno de las Cortes generales y extraordinarias, y de las ordinarias actualmente abiertas [...], sino el declarar aquella Constitución y tales decretos nulos y de ningún valor ni efecto, ahora ni en tiempo alguno, como si no hubiesen pasado jamás tales actos».

*Manifiesto de Fernando VII a los españoles.* 4-5-1814



Murió la Verdad. Alegoría de Francisco Goya sobre a anulación da Constitución de 1812. Colección particular

#### Lista de los enemigos más furiosos de la Religión y del Rey que hay en La Coruña. 1814

- «1. El General en jefe del Ejército de reserva de este Reino don Luis Lacy, francés de naturaleza, protector de los demócratas, que hizo jurar a los soldados el 10 de abril de este año de 1814 la Constitución, para que no reconozcan a V.M. hasta que la jure, costeada esta función por muchos comerciantes de esta ciudad.
  2. El Intendente de este Reino don Cesáreo Gardoqui.
  3. Don Manuel Santurio García Sala, Auditor de Guerra de este reino, perseguidor de los amantes de V.M., de los obispos, canónigos, párrocos y frailes; demócrata en sumo grado y protector de esta secta.
  4. Don Marcelino Calero, oficial de la fábrica de cigarros; primer editor del periódico más impío y revolucionario contra V.M. que hay en todo el Reino, titulado: El Ciudadano por la Constitución. Del Club del Café de la Esperanza.
  5. Don Valentín Foronda, Intendente honorario, y presidente de la Junta censoria; también editor del periódico El Ciudadano; corifeo de los jacobinos, ateístas, deístas, etc; bien conocido por sus escritos impíos en todo el Reino y traductor de las cartas de Rousseau.
  6. Don Pedro Llano, comerciante; primera cabeza del Club de la Esperanza, y su tesorero; que en nombre de 16 comerciantes remitió al General el 10 de abril de este año 16.806 reales para repartir a la tropa por haber jurado la Constitución, y con el fin de que no reconozcan a V.M. por soberano hasta que la jure. Corifeo de los libertinos y republicanos. [Continúa con ...]».
- Lista elaborada por el dominico fray Nicolás de Castro y el canónigo de la Colegiata coruñesa de Santa María Diego González Baqueriza.
- Archivo Barreiro-López Morán



4. O sacrificio liberal

A pesar das prohibicións, os liberais perseveraron no seus ideais e conspiraron para derrubar o goberno despótico de Fernando VII. Para facelo recorreron aos xefes militares partidarios das súas ideas e contaron co apoio da burguesía comercial. Un dos primeiros lugares en conspirar foi A Coruña. En 1814 sería detido Sinforiano López, sendo executado o 13 de abril de 1815. Meses máis tarde, o 19 de setembro de 1815, dirixidos polo xeneral Juan Díaz Porlier, os liberais coruñeses alzáronse contra as autoridades absolutistas e restauraron a Constitución de 1812. Foi o primeiro pronunciamento liberal que se deu en España pero fracasou, sendo Porlier aforcado o 3 de outubro. Aínda así, os liberais volveron a intentalo noutros lugares, destacando o realizado en 1817 en Barcelona polo xeneral Luís Lacy, moi querido polos coruñeses. Todos remataron mal e cos seus protagonistas executados, detidos ou exiliados.




Juan Díaz Porlier



Luís de Lacy Gauttier

Conspiracións e pronunciamentos liberais en España 1814-1819

Ano	Protagonistas	Lugar	Acción	Resultado	
1814	Xeneral Espoz y Mina	Pamplona	Conspiración	Fracaso	Fuxido e exiliado
1814	Sinforiano López	A Coruña	Conspiración	Fracaso	Aforcado
1815	Xeneral Juan Díaz Porlier	A Coruña	Pronunciamento	Fracaso	Aforcado
1816	Xeneral Ramón Vicente Richart	Madrid	Intento de secuestro e asasinato do rei	Fracaso	Aforcado e despedazado
1817	Xeneral Luís de Lacy	Barcelona	Pronunciamento	Fracaso	Fusilado
1817	Francisco Ferro Caaveiro	Santiago	Conspiración	Fracaso	Encarcerado
1817	Tenente coronel Juan Van Halen	Murcia	Conspiración	Fracaso	Detido, fuxido e exiliado
1819	Coronel Joaquín Vidal	Valencia	Conspiración	Fracaso	Aforcado
1819	Xefes e oficiais do Exército expedicionario a América	Cádiz	Conspiración	Fracaso	Detidos



Porlier arenga ás tropas para proclamar a Constitución.  
*Los mártires de la libertad española*, 1853  
Colección Puertas Mosquera

As razóns do pronunciamento de Porlier

«Obligados por la necesidad, viendo que la verdad no puede llegar a los oídos del rey (...), hemos tomado la terrible, pero indispensable resolución de exigir con las armas lo que de grado se nos ha rehusado. Nuestro objeto, como el de todos los españoles, no es otro que el establecimiento de la monarquía bajo leyes sabias que al tiempo que afiancen las prerrogativas del Rey nos aseguren a nosotros nuestros derechos. Nosotros queremos la convocatoria unas Cortes nombradas por los pueblos, las cuales podrán hacer en la Constitución que proclamaron las Cortes extraordinarias, aquellas variaciones que pida nuestra situación, que la experiencia nos halla enseñado y que exijan las Constituciones de las Monarquías moderadas de Europa (...). Llamamos a todas las provincias nuestras hermanas a que se sumen a nosotros; a los bravos defensores de la patria, a sus dignos oficiales, a sus ilustres generales; en fin a todos los españoles de todas clases. Firmes en nuestro propósito no dejaremos las armas (si necesitamos de ellas) hasta conseguirlo».

*Manifiesto que dirige a la nación española la Junta Provincial de este Reino de Galicia de la que es presidente el mariscal de campo don Juan Díaz Porlier.* A Coruña, 21-9-1815

## 5. O glorioso 21 de febreiro de 1820

O 1 de xaneiro de 1820 o tenente coronel Rafael Riego pronúnciase en Cabezas de San Juan, Sevilla, a favor do restablecemento da Constitución de 1812. A súa acción a penas ten repercusións, agás na Illa do León en Cádiz, sendo perseguido polos absolutistas. No entanto, na Coruña, os liberais comezaron a conspirar para facer o mesmo. O seu plan consistiría en deter ao novo Capitán Xeneral cando chegase á Coruña, concentrándose en Capitanía e aproveitando como pretexto darlle a benvinda. O 21 de febreiro, ás 12, os militares encabezados polo coronel Félix Álvarez de Acevedo detiveron ao Capitán Xeneral, e despois, na praza, proclamaron a Constitución e estableceron unha Xunta Suprema de Goberno de Galicia presidida por Pedro Agar. A revolución triunfaba e se estendía por Galicia e España.



Retrato de Rafael Riego, 1820  
Museo de Historia de Madrid

### Proclama de Riego en Cabezas de San Juan, 1-I-1820

«España está viviendo a merced de un poder arbitrario y absoluto, ejercido sin el menor respeto a las leyes fundamentales de la Nación. El Rey, que debe su trono a cuantos lucharon en la guerra de la Independencia, no ha jurado, sin embargo, la Constitución, pacto entre el Monarca y el pueblo, cimiento y encarnación de toda Nación moderna. La Constitución española, justa y liberal, ha sido elaborada en Cádiz, entre sangre y sufrimiento. Mas el Rey no la ha jurado y es necesario, para que España se salve, que el Rey jure y respete esa Constitución de 1812, afirmación legítima y civil de los derechos y deberes de los españoles, de todos los españoles, desde el Rey al último labrador. Sí, sí, soldados; la Constitución. ¡Viva la Constitución!».



Proclamación da Constitución diante do Palacio de Capitanía na Coruña o 21-2-1820  
Arquivo Municipal da Coruña

«Amaneció el día memorable 21 de Febrero. [...] Había llegado la hora de sacudir la miserable esclavitud en la que yacía Galicia [...]. El gran salón de Palacio estaba lleno de oficiales y [el capitán general absolutista] Venegas recibía sus cumplimientos sin la menor desconfianza [...] El teniente coronel graduado D. José Aranda salió de la Corte, se presentó en uno de los balcones bajos de Palacio que dan a la plaza, y con su pañuelo hizo señal a la gente que estaba prevenida. Fue menester repetirla por tres veces, a la última les dijo que todo estaba corriente, y que gritasen con él ¡Viva la Nación y la Constitución! Todos repitieron estas mismas palabras y se aproximaron a la guardia para apoderarse de ella. Esta procuró hacer resistencia, y el centinela y dos soldados más dispararon [...]. En este momento un ayudante de la Plaza se presentó al general a decirle que la guardia estaba alborotada [...]. El coronel de artillería D. Carlos de Espinosa que sabía que esta era la señal convenida saca la espada y espontáneamente le imitan todos los demás [...]. Al mismo tiempo los paisanos armados de sables y pistolas iban entrando en el salón gritando ¡viva la Constitución!».

José de Urcullu.

*Relación histórica de los acontecimientos  
más principales ocurridos en La Coruña, 1820*



## 6. A exaltación liberal coruñesa

O triunfo liberal coruñés fixo que a cidade fose eloxiada como o segundo baluarte da liberdade, sendo o primeiro Cádiz. As novas autoridades liberais, desde o Concello coruñés e desde a Xunta Suprema de Goberno de Galicia, dedicáronse a consolidar a revolución na cidade e en Galicia. Ademais fixeron diversos actos solemnes dedicados a exaltar os valores constitucionais e a honrar aos heroes da cidade: Agar, nomeado presidente da Xunta; Polier, aforcado en 1815; Lacy, fusilado en 1817, e Acevedo, que tras apoderase de Santiago e Ourense faleceu o 9 marzo de 1820 no Padornelo nun enfrontamento cos absolutistas.



Vista dos Cantóns coruñeses co cortexo fúnebre de Acevedo o 29 de abril de 1820  
Arquivo Municipal da Coruña

### Enterro de Acevedo o 29 de abril de 1820

«Las compañías de granaderos, las cofradías, las comunidades, el cabildo eclesiástico y el Ayuntamiento constitucional iban delante del majestuoso carro de triunfo funeral, cubierto de terciopelo negro con galones, borlas, cordones y otros adornos de oro. En la parte delantera del carro se veía un brasero o llamero de plata con aromas que llenaban el aire de fragancia. En el centro del mismo carro [...] descansaba un magnífico féretro donde se veía el cadáver con su uniforme, la faja de general, el bastón, la espada, y el libro de la Constitución al lado derecho [...]. Tiraban del carro patriotas; además de los granaderos de Castilla que habían conducido el cadáver, le escoltaban algunos cazadores de la Milicia Nacional, y varios paisanos armados de sables y tercerolas, los mismos que le acompañaron desde que salió de La Coruña hasta el día de su muerte».

José de Urcullu.

*Relación histórica de los acontecimientos*

*más principales ocurridos en La Coruña, 1820*



Exequias de Porlier no Campo da Forca o 4 de maio de 1820.

*Boletín da Real Academia Galega, 1908. Biblioteca de Estudos Locais da Coruña*

### A queima da forza nas solemnes exequias de Porlier o 4 de maio de 1820

«Las cenizas (de Porlier), depositadas en una urna hermosa, iban sobre un carro triunfal enlutado. Encima de la urna, el sombrero emplumado de blanco, una corona preciosa de laurel, la faja y la espada. En la parte posterior iban tres niñas; la del medio enlutada y las otras dos de blanco, de las cuales una llevaba la horca y la otra los dogales arrollados en un palo.

Los gremios, comunidades, cabildo y ayuntamiento, se dirigieron desde la Colegiata de San Roque, donde se hallaba el carro, acompañados de todas las autoridades, cónsules y militares. La tropa estaba tendida por las calles de la carrera. Rompían la marcha cuatro cañones de bronce, seguían los pendones y cruces, y después varios ciudadanos vestidos de luto a la española antigua, con tres caballos sin montar, enjaezados y cubiertos de negro.

La horca estaba armada en el paraje acostumbrado, y al pasar el carro por el frente, se levantó la niña mayor, y pronunció con admirable entusiasmo la siguiente Octava:

Del hierro al golpe caiga derribado  
El detestable y bárbaro instrumento,  
En que inocentes tantos ha inmolado  
El despotismo con furor sangriento.

Por la libertad santa en él ha dado  
El heroico Porlier su último aliento,  
Le produjo el suplicio mayor gloria,  
Y nombre eterno en la española historia

Al concluírla, todos gritaron: caiga. Y el verdugo derribó el detestable suplicio en que había expirado el héroe Porlier, y al momento fue consumido por el fuego preparado para el caso. A este tiempo, salieron del carro volando varias palomas, símbolo de la libertad reconquistada».

*El Conservador de Madrid, 19-5-1820*

## 7. O triunfo da revolución en España

Coñecida a noticia do éxito do pronunciamento da Coruña, a rebelión estendeuse a Zaragoza e despois a Barcelona e Pamplona que tamén proclamaron a Constitución de 1812. Incapaz de controlar a subversión, o rei Fernando VII cedeu o 7 de marzo e viuse obrigado a xurar o 9 o texto constitucional no Palacio Real; tería que volver a facelo máis tarde, solemnemente, o 9 de xullo, ante as Cortes. A revolución liberal triunfaba e España convertíase na única monarquía constitucional existente nunha Europa dominada polo absolutismo agás o Reino Unido de Gran Bretaña.



**Xura da Constitución de 1812 pola guarnición de Madrid o 9 de marzo de 1820**  
Museo de Historia de Madrid

«Españoles: vuestra gloria es la única que mi corazón ambiciona. Mi alma no apetece sino veros en torno de mi Trono unidos, pacíficos y dichosos. Confiad, pues, en vuestro Rey, que os habla con la efusión sincera que le inspiran las circunstancias en que os halláis, y el sentimiento íntimo de los altos deberes que le impuso la Providencia [...]. Marchemos francamente, y yo el primero, por la senda constitucional; y mostrando a la Europa un modelo de sabiduría, orden y perfecta moderación en una crisis que en otras naciones ha sido acompañada de lágrimas y desgracias, hagamos admirar y reverenciar el nombre español, al mismo tiempo que labramos para siglos nuestra felicidad y nuestra gloria».

*Manifiesto de Fernando VII a los españoles*  
aceptando, con falacia, a Constitución, 10-3-18



**Alegoría do triunfo e xura da Constitución, 1820**  
Museo de Historia de Madrid

«Me favorecen Vuestras Señorías cuando me proponen el que mi espada se coloque en las salas consistoriales de esta ciudad ¿Cómo poder dejar de acceder a esta solicitud, y que más bien miro como mandato? Ahí se colocará esta espada que he desenvainado siempre por la independencia y libertades de la Patria; y que nunca, nunca ha servido ni servirá para sostener la arbitrariedad ni el despotismo. Lejos de mí lo que no sea honor, virtud y patriotismo. Cuando me alcé con el ejército de mi mando en 1º de año, fue por salvar la Patria, por no transigir con los tiranos. Ya que aquella lo ha logrado y han desaparecido estos para siempre, velaré por que ni los enemigos interiores ni exteriores obstruyan el camino constitucional por donde vemos marchar al rey tan de buena fe. Reitero a ese ayuntamiento y a todos mis paisanos los afectos más sinceros, viviendo seguros de que tengo la mayor gloria en ser su conciudadano».

*Carta del general liberal Antonio Quiroga,*  
sublevado na Illa do León, Cádiz, ao concello  
constitucional de Betanzos, 2-5-1820



## 8. A onda revolucionaria de 1820

O triunfo da revolución en España causou asombro e temor en toda Europa. Para os reis absolutistas era unha ameaza, polo posible contaxio, a existencia dun réxime baseado nunha Constitución con elementos democráticos e procuraron combatelo. Para os liberais foi un exemplo a imitar, exaltando aos revolucionarios españois, producíndose revolucións e motins, de 1820 a 1824, en Portugal, Italia (nos reinos de Nápoles-Sicilia e Piemonte-Sardegna), Francia, nos Balcáns e Rusia. Na América española a Constitución de 1812 presentouse como unha esperanza de unión fronte aos procesos independentistas que se habían acentuado polos agravios absolutistas. Fracasarian.

1. Constitución española de 1812
2. Revolución de 1820 en Oporto
3. Revolución de 1820 en Nápoles
4. Revolución en Piemonte, 10/12-3-1821
5. Alzamento liberal grego no Peloponeso, 1821
6. Intentos de insurrección en varias cidades de Francia, 1821-22
7. Concentración dos decembristas rusos en San Petersburgo, 14-12-1825



Glorificación  
dos revolucionarios españois:  
Os inmortalis Arco Agüero,  
López Baños, Riego e Quiroga.  
Museo Nacional do Romanticismo



## Exposición no bicentenario da revolución de 1820. A Coruña



Paneis expositivos e lápida conmemorativa  
colocados na Praza da Constitución  
da Coruña con motivo do bicentenario  
da revolución de 1820.  
Fotografías de Andy Pérez









Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



Instituto de Estudios Coruñeses  
**José Cornide**